# MEMORIA DE CALIDADE

## Facultade/Escola Xeografía e Historia

## Curso Académico: 2022/23

### Control da elaboración e aprobación

| Unidade/Órgano | Data de entrega ou aprobación |
|---|---|
| Comisión de Docencia e Calidade | 29/05/2024 |
| Informe Técnico da SCVTI | 03/11/2024 |
| Xunta de Facultade | 28/11/2024 |
| Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno | 28/02/2025 |

## Índice


1. **Introdución** ... 3
2. **Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados** ... 7

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade ... 7

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos ... 12

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado ... 27

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque. ... 27

Aspectos a contemplar: ... 28

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado: ... 28
  - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación). ... 28
  - Admisión do alumnado (acción de captación). ... 28
  - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede. ... 28
  - Orientación académica (plan de acción titorial) e profesional. ... 28
  - Mobilidade. ... 28
  - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe) ... 28
  - Avaliación da aprendizaxe ... 28
  - Prácticas externas. ... 28
  - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación). ... 28
  - Resultados da aprendizaxe nas materias do título. ... 28
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe. ... 28

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos ... 48

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos ... 54

Directriz 6. Información pública ... 60

3. **Plan de Melloras do centro** ... 62

**Plan de Melloras do Centro (curso 23-24)** ... 64

4. **Modificacións nos diferentes títulos** ... 77
5. **Listaxe de evidencias e indicadores** ... 78

## 1. Introdución

A Facultade de Xeografía e Historia é un centro universitario que desenvolve unha actividade docente de formación en estudos superiores e tamén investigadora punteira en humanidades e ciencias sociais. As orixes do centro remóntanse ao ano 1922 coa creación da Sección da Historia na Universidade compostelá. Por este motivo, conmemórase o centenario do estudos de Historia na nosa Universidade, o cal vai ser motivo da programación dunha serie de actos A Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela, pola súa banda, conformouse definitivamente no ano 1975, integrada polas Seccións de Xeografía, Historia e Historia da Arte (Orden de 15 de febrero de 1975 por la que se determina la división de las Facultades de Filosofía y Letras de la Universidad de Santiago). Atópase situada no edificio histórico da Universidade, no corazón da Cidade Monumental compostelá. Nas instalacións do centro reúnense 19 aulas e 8 seminarios (http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/infraestruturas.html), un laboratorio, un aula de cartografía, dúas aulas de informática (57 postos), un laboratorio técnico de prehistoria, un aula do master en historia contemporánea e unha sala de profesores. Todas estas instalacións compleméntanse coa existencia de salas de traballo en grupo e de traballo individual. O edificio, cun gran valor patrimonial e histórico, alberga tamén o Paraninfo da Universidade de Santiago e un claustro central aberto. Existe ademais unha biblioteca que constitúe un dos recursos de docencia e investigación máis salientables do centro: ten unha infraestrutura de 447 postos de lectura e atópase nutrida por 137.848 monografías, outro material non librario (microfilmes, dvds, mapas …) 4.473; e publicacións periódicas 3.186. Está en constante renovación e dixitalización, ofrecendo múltiples servizos aos usuarios.

A Memoria de Calidade da Facultade de Xeografía e Historia recolle, na liña do que indica o proceso PE-02 Revisión e mellora do Sistema de Garantía de Calidade (SGC), unha análise do funcionamento do SGC do Centro. Inclúe tamén unha revisión das titulacións impartidas e programas formativos oficiais que coordina o Centro. Atinxe polo tanto ás titulacións de grao e máster universitario, así como a todo o persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e alumnado que forman parte da dinámica do Centro. A Memoria de Calidade presenta tamén o Plan de Melloras Anual, coa correspondente actualización dos obxectivos de calidade e as accións de mellora que se propoñen para acadalos. Contén finalmente a listaxe de evidencias e indicadores utilizados para o seguimento interno e/ou externo.

### Titulacións impartidas

Durante o curso 2022-2023 impartíronse na Facultade de Xeografía e Historia as seguintes titulacións oficiais:

- Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio (2ª edición) (GXOT2). Código RUCT Grao en Historia (GH). Código RUCT: 2501097; Código USC
- Grao en Historia da Arte (GHA). Código RUCT: 2500974; Código USC

- Máster Oficial Interuniversitario en Historia Contemporánea (2ª edición) (MHCo). Código RUCT: 4311727
- Máster Oficial Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüedade (MArq) (3ª edición). (USC, Universidade Coordinadora). Código RUCT: 4315056
- Máster Oficial Interuniversitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte. (USC, Universidade Coordinadora) (MPatr). Código RUCT: 314274
- Master Oficial Interuniversitario en Historia Moderna: Monarquía de España Séculos XVI- XVIII (MHMo). Código RUCT: 4314595
- Máster Oficial Interuniversitario en Desafíos das Cidades (MDCid.). Código RUCT: 4317739

No curso 2022-2023 proseguiu o proceso de implantación do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio (2ª edición) e o proceso de extinción paralelo do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio.

**Datos referidos ao persoal das titulacións**

A continuación, recóllense os datos numéricos referidos ao persoal docente e investigador que imparte as titulacións ligadas ao centro, así como o número de estudantes que forman parte de cada unha das titulacións de grao e de máster.

- Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio (2ª edición): 84 estudantes correspondentes aos cursos 1º e 2º (únicos implantados). Cadro de profesorado 21, ademais de contratos posdoutorais e predoutorais.
- Grao en Historia: 463 estudantes, 47 pdi a tempo completo, e contratados posdoutorais e predoutorais.
- Grao en Historia da Arte: 383 estudantes, 34 pdi a tempo completo, e contratados posdoutorais e predoutorais.
- Máster Oficial Interuniversitario en Historia Contemporánea (2ª edición): 23 estudantes, 18 profesoras e profesores: PDI funcionario (12); PDI contratado (3) e Investigadores contratados con cargo a diferentes contratos de investigación (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva e Contratos de postdoutoramento da Xunta de Galicia) (4)
- Máster Ofical Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüedade (MArq) (3ª edición): 12 estudantes
- Máster Ofical Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüedade (MArq) (4ª edición): 20 estudantes
- Máster Oficial Interuniversitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte: 36 estudantes matriculados, 18 pdi a tempo completo.
- Master Oficial Interuniversitario en Historia Moderna: Monarquía de España Séculos XVI- XVIII (MHMo): 11 estudantes matriculados, 11 PDI a tempo completo (USC)
- Máster Oficial Interuniversitario en Desafíos das Cidades (MDCid): 3 estudantes matriculados, 9 PDI a tempo completo (USC)

O persoal de administración e servizos adscrito á Facultade de Xeografía e Historia consta de 23 membros, 8 persoas na área de administración, 5 persoas na área de conserxería e 10 persoas na biblioteca.

Documentación de referencia
- Memoria do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio
- Memoria do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio (2ª edición)
- Memoria do Grao en Historia
- Memoria do Grao en Historia da Arte
- Memoria do Máster Oficial Interuniversitario en Historia Contemporánea (2ª edición).
- Memoria do Máster Ofical Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüedade (3ª edición)
- Memoria do Máster Ofical Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüedade (4ª edición)
- Memoria do Máster Oficial Interuniversitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte.
- Memoria do Master Oficial interuniversitario en Historia Moderna: Monarquía de España. Séculos XVI-XVIII.
- Memoria do Máster Oficial Interuniversitario en Desafíos das Cidades (MDCid.)
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Xeografía e Historia.
- Regulamento de Réxime Interno dos Departamento adscritos á Facultade.
- Regulamento de Réxime Interno das correspondentes Comisións Académicas dos Másteres que se imparten no centro.

**Desenvolvemento do Sistema de Garantia de Calidade (SGC)**

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade do Centro (CCC), as Comisións de Título, responsable de calidade do centro, coordinacións dos títulos e a comisión de prácticas académicas en empresas (PAE).
As funcións de cada un dos órganos e cargos relacionados co desenvolvemento do SGC poden consultarse no Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Xeografía e Historia.
No caso da CCC, a súa composicion é a seguinte:
- Decano/a da Facultade de Xeografía e Historia.
- Vicedecano/a de Asuntos Académicos.
- Secretario/a do centro.
- Responsable de calidade do centro.
- Directores/as dos departamentos adscritos ao centro.
- Coordinadores/as dos títulos impartidos no centro.
- Xestor/a Académica do Centro.
- Alumnos/as dos títulos impartidos no centro (3) Son funcións da CCC:
- Realizar o deseño, a implantación, o seguimiento e mellora do SGC no Centro.

- Elaborar a Memoria de Calidade do Centro.
- Proposta do Plan de Mellora do Centro para o curso seguinte.
- Informe do seguemento da implantación do SGIC.
- Informes de seguemento dos títulos.

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

| Directriz 1. Política e obxectivos de calidade |
|---|
| **Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.** |

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

- **A vixencia da Política de Calidade.**

A Política de Calidade do Centro mantense en vigor e está actualizada. Tras a aprobación do Manual Extenso do Sistema Marco de Garantía de Calidade da Facultade de Xeografía e Historia e un Manual de Procesos e Procedementos no curso 2019-2020. Ambos manuais están dispoñibles a través da páxina web da Facultade de Xeografía e Historia:

- https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/calidade/documentacion-sgc

Tamén está en vigor a Política de Calidade do Centro, aprobada en Xunta de Facultada con data de 19 de decembro de 2019:

https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/calidade/politica-calidade

No curso 2022-2023 completouse a aprobación do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Xeografía e Historia

https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2023-08/Regulamento%20de%20R%C3%A9xime%20Interno_FXHIS_26-01-23.pdf

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC exercen plenamente as súas funcións. Por unha banda, o Equipo Decanal mantén unha xuntanza semanal de coordinación, a Comisión de Docencia e Calidade do Centro (CDCC) reúnese con una periodicidade aproximada mensual durante o curso académico, as Comisións de Título mantiveron cando menos unha xuntanza por semestre, o responsable de calidade do centro está en

comunicación continua coas coordinacións dos títulos e a comisión de prácticas académicas en empresas (PAE) mantivo unha actividade intensa na renovación de todos os convenios de prácticas da facultade e no seu seguimento. Asimesmo, as xuntanzas da Comisión Académica e de Validacións producíronse con normalidade todo ao longo do curso académico.

- **A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.**

O Centro comezou o proceso de elaboración dun Plan Estratéxico Ponte en novembro do ano 2020, que foi aprobado pola Comisión do Sistema de Garantía de Calidade do Centro en 14 de xaneiro de 2021, revisado pola Área de Calidade e Mellora de Procedementos, aprobado pola Xunta de Facultade do Centro en 25 de xaneiro de 2021 e polo Consello de Goberno da USC. Ten unha vixencia de dous anos (2021 e 2022).
De acordo PE-01 Planificación estratéxica, do SGC, a vixencia do Plan Estratéxico Ponte coincide coa finalización do Plan Estratéxico 2011-2020 da USC e ten o mesmo horizonte final da Programación Plurianual da USC (2022).
O plan inclúe unha presentación dos principais valores e obxectivos de calidade da Facultade de Xeografía e Historia. Á partir dunha análise das forzas e oportunidades do centro, así como das debilidades e ameazas que se consideran máis relevantes, formula unha serie de obxectivos estratéxicos. Están concibidos tendo en conta as orientacións da Programación Plurianual da Universidade anos 2019-2022 e recolle accións estratéxicas referidas a cada unha das liñas estratéxicas que alí se definen.

Liña Estratéxica 1. Calidade da Docencia
A1. Integración dos conceptos relativos á propiedade intelectual no desenvolvemento dos Traballos de curso, TFG e TFM. Consistirá na programación de cursos semestrais dirixidos ao alumnado e profesorado
A2. Deseño e desenvolvemento dun programa de orientación laboral para o alumnado de último curso de grao
A3. Promover a realización de programas piloto coa metodoloxía aprendizaxe-servizo no marco das titulacións das que son responsables, en coordinación coa Vicerreitoría responsable de acción da USC1.3 Transformar o modelo de xestión da calidade
A4. En coordinación coas Vicerreitorías responsables, intensificar a actividade do centro na xeración de novas canles de comunicación co estudantado a través das redes sociais.
A5. Continuación do proceso de acreditación institucional de centros co obxecto de reducir a carga de traballo dos procesos de seguimento e acreditación dos títulos.
A6. Racionalización dos procedementos e indicadores de seguimento máis acaídos ao proceso de mellora continua.
Liña Estratéxica 2
A7. Impulsar iniciativas de mentorización entre o PDI na docencia e na xestión no ámbito do centro, en coordinación coa Vicerreitoría responsable da acción na USC.
A8. Impulsar iniciativas de actualización en competencias dixitais entre o PDI na docencia e na xestión no ámbito do centro.
Liña Estratéxica 3
A9. Fomento do uso e do prestixio da lingua galega na sociedade. Impulso dos premios e actividades que leven consigo o emprego do galego.
A10. Elaboración dun plan de comunicación que sirva de guía para a xestión da comunicación interna e externa Liña Estratéxica 4
A11. Definir un mapa estratéxico de titulacións do centro, co establecemento de criterios e prioridades, para facilitar á Vicerreitoría con responsabilidades na materia a toma de decisións institucionais ao respecto.
A12. Definición de políticas de acompañamento ao persoal investigador contratados dentro da iniciativa do Selo Europeo HRS4R (mentoring, apoio á labor investigadora e carreira científica, etc. ).
Liña Estratéxica 5
A13. Incremento da oferta académica en lingua inglesa.
A14. Elaborar un mapa relacional das universidades estranxeiras coas que se manteñen relacións académicas que permita coñecer o potencial do centro na creación de titulacións compartidas
A15. Potenciación da presenza internacional en redes sociais.
Liña Estratéxica 6
A16. Analizar e propoñer accións respecto as necesidades de ordenación e xestión de infraestruturas a aportar á Xerencia para a súa avaliación e consideración no Plan de Ordenación e Xestión das Infraestruturas.
Os obxectivos do Plan Estratéxico do Plan Estratéxico Ponte guiaron as accións encamiñadas á mellora continua das

actividades do Centro.

- **Evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro**

O grao de cumprimento dos obxectivos de calidade contidos no Plan de Melloras da Facultade de Xeografía e Historia para o curso 2022/23, foi elevado xa que a meirande parte das acción de melloras foron completadas. O seguimento da eficacia destas accións realízase por parte da Comisión de Docencia e Calidade.
No marco do Proceso PE-01 Planificación Estratéxica e PE-02 Revisión e mellora de (PE-02), proseguiron diversas accións encamiñadas a deixar preparado ao Sistema de Garantía de Calidade para acadar a acreditación institucional do Centro (AM-1):
- Elaboración do Plan de Acción Titorial do Centro para o curso 23-24 (Comisión de Docencia e Calidade e Xunta de Facultade)
https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/plan-accion-titorial
- Elaboración da Planificación de Accións de Captación para o curso 23-24 (Comisión de Docencia e Calidade e Xunta de Facultade)
- Elaboración do Informe de Queixas Anual para o curso 23-24 (Comisión de Docencia e Calidade e Xunta de Facultade)
- Revisión da Información da Páxina Web do Centro que se completou no mes de xuño-xullo de 2023 (Equipo Decanal e Persoal de Administración e Servizos do Centro)
https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia
Levouse a cabo tamén a Reforma do Regulamento de Réxime Interno do Centro, para o que estivo funcionando unha Comisión extraordinaria na que estaban presentes o equipo decanal e foron invitados todos os ex-decanos da Facultade. Contouse, ademais, coa participación de todos os grupos de interese a través da Comisión de Docencia e Calidade do Centro e os correspondentes debates de Xunta de Facultade. O resultado foi o novo regulamento revisado e informado pola Comisión de Docencia e Calidade e aprobado pola Xunta de Facultade e polos órganos correspondentes da USC)

https://assets.usc.gal/sites/default/files/documents/2023-08/Regulamento%20de%20R%C3%A9xime%20Interno_FXHIS_26-01-23.pdf

En relación cos procesos PC-02 Planificación das ensinanzas, PC-03 Apoio a estudantes, estableceuse un plan de lecturas que se incluíse en todos os títulos de grao do centro, que quedase incorporado nas programación docente das materias impartidas nos títulos do Centro (AM-2). Para este fin, incorporouse no proceso de elaboración das guías docentes, coas coordinacións de grao e a través das Comisións de Calidade dos respectivos Títulos. En certas materias do grao estivo prevista a incorporación dun libro de lectura obrigatoria, co obxectivo de garantir un corpus mínimo de lecturas que se incorporase á bagaxe formativa dos estudantes de grao. Este plan realizouse, foi aprobado polas Comisións de Título e quedou reflectido nas programacións para o curso 2022-2023. Ao considerarse unha acción de mellora continua, tamén continuou a realizarse nas programacións para o curso 23-24.
En relación con estes mesmos procesos tamén se levou adiante a planificación e inclusión das prácticas de campo nas Programacións docentes das materias que se imparten no centro (AM-9). Para este fin, durante o proceso de elaboración das memorias e a través das Coordinacións de Título e as Comisións de Títulos correspondentes, incidiuse na necesidade de que estas prácticas fosen incluídas nas citadas programacións e facilitouse desde decanato un formulario para ser cuberto por parte do profesorado ao efecto. Esta acción foi proposta no curso 23-24 para a Convocatoria de Boas Prácticas da Área de Calidade da USC.
Complementariamente a esta acción, e tamén referido aos procesos PC-03 Apoio a estudantes e PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas, planteuse a reforma dos tres graos do Centro, para o que se crearon as correspondentes comisións que estiveron desenvolvendo o seu traballo de realización das memorias dos novos

títulos. Tamén se puxo en funcionamento o plan de comunicación da facultade centrado nas redes sociais.
No ámbito destes mesmos procesos estratéxicos, tamén se propuxera a realización dunhas xornadas de orientación laboral, como AM-2. Neste caso, a iniciativa reformulouse no sentido de favorecer o coñecemento das titulacións de posgrao que se impartían no centro, sobre as que se viña detectando un gran descoñecemento. Coa participación das coordinacións de todos os másteres que se imparten no centro, a acción concretouse na realización dunha xornada de presentación dos másteres da facultade no día 9 de maio de 2022. Fíxose presencial e contou coa participación de arredor de 40 estudantes. Por outra banda, esta acción complementouse coa difusión duns breves vídeos a través de redes sociais de presentación de cada un dos másteres do Centro que foran creados no curso 21/22. Pódense consultar en: https://twitter.com/facultadeXH/media
Igualmente en relación co PC-O2 Planificación das Ensinanzas e PC-O4 Desenvolvemento dos Títulos, proseguiuse coa actualización de todos os convenios de prácticas das titulacións que se imparten na Facultade. Esta acción completouse e listado completo dos convenios está accesible na web do Centro:

https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/links/2024-05/Convenios%20%282023%29.pdf

- Para promover e fomentar a participación do estudantado na vida universitaria, realizouse tamén a convocatoria pública de actividades culturais para o estudantado (AM-8). Neste ámbito destaca a celebración do Concurso de investigación "Verbas para cen anos de Historia"

- Seguiu en funcionamento a unha newsletter dixital semanal titulada Agora Cultural e a través da conta de Twitter @fxhis_USC. A maiores, preténdese visibilizar toda a actividade investigadora e docente do PDI do centro a través desta rede social e doutras (Instagram, Facebook) que se puxeron en marcha da man dos responsables da Revista Mazarelos. A información que contén Agora Cultural recolle novas relativas a conferencias impartidas, participación en congresos, publicacións relevantes, saídas de campo…, acompañadas sempre que sexa posible dalgunha imaxe, e xestiónase a través do enderezo da Comisión de Actividades Culturais e Normalización Lingüística da Facultade: historia.acnl@usc.gal.
- Continuou as súas actividades a Comisión do Centenario, creada o 8 de febreiro de 2022. Entre outras actividades realizadas en relación con este acontecemento, tiveron lugar unha serie de encontros de carácter académico no Centro. O primeiro realizouse en novembro de 2022 e xirou sobre o período anterior a 1973. O segundo, tivo lugar en abril de 2023 e tivo relación cos últimos 50 anos de vida do Centro e as perspectivas de futuro. Durante este tempo, e tamén por iniciativa da Comisión do Centenario, promoveuse a realización dun libro sobre o pasado, desenvolvemento e futuro dos estudos de historia e da Facultade que efectivamente foi presentado no curso 23-24.
- Continuo e complementouse o traballo das comisións de reforma dos títulos de grao do Centro, que se crearan en marzo de 2022, por acordo de Xunta de Facultade, creáronse as.
- Tamén se acadou a verificación da memoria do máster en Patrimonio Cultural Dixital, converténdose nun novo título que se comezou a impartir ao longo deste curso 23-24.
En relación cos procesos PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas, PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos, estableceuse a un Plan de Asignación de Recursos Anuais (AM 11.1), que é obxecto de atención pola Comisión Económica e de Patrimonio do Centro, a Comisión de Docencia e Calidade e logo obxecto de presentación e aprobación en Xunta de Facultade no primeiro trimestre do ano. Fíxose efectivo por primeira vez no curso 22-23.
- No que respecta a accións de infraestrutura, podemos diferenciar en:

Equipamentos

- Drone P4 multiespectral para utilizar na docencia materias relacionadas coa recollida de datos e imaxenes que serán posteriormente tratados na aula cos Sistemas de Información Xeográfica. É de gran

utilidade para entender a análise, diagnose e xestión do territorio e do patrimonio natural, cultural e arqueolóxico.
- AR-Sandbox.eu Standard with Touch Cat. no: ST001. Equipamento de realidade aumentada en tempo real para entender a ordenación do territorio e as consecuencias derivadas dos riscos ambientais, inundacións ou procesos de urbanización-artificalización, aspectos que son abordados en diferentes materias e cursos do Grao de Xeografía e Ordenación do Territorio
- 30 reketess t130-t131 2 transmisores 30 receptores, aja de carga, reketess t130-t131 1 transmisor 10 receptores, auriculares desechables pack 100 uds
- Renovación de 30 equipos de ordenador e pantalla para PDI con fondos do programa AULADIX.
- Traslado e instalación de equipo de Vídeoconferencia dende a aula 10 a 18.
- Instalación de pantallas de proxección de marco nas aulas 15,17, 16 e 18
- Cambio de pantalla de aula 4.

Obra
- Cofinanciamento espazo Decanato
- Cambio de iluminación en zonas comúns do Centro
- Obra de reforma do seminario I para transformalo en espacio coworking e arranzo de azulexos aseo planta baixa
- Traslado de mobiliario e arquivos necesario para a excución da obra da Unidade administrativa da Facultade
- Desmontaxe, embalaxe, trasalado, desembalaxe e montaxe dos cadros par a Obra da Conserxería e a Unidade Administrativa
- Cableado de comunicacións da zona de conserxería, secretaría da Facultade de Xeografía e Historia
- Sustitución da canalización troncal hacia o rack A03 para reforma de despachos
- Traballos de reforma electrica nos despachos 204, 227 e entreplanta 0

Gastos xerais
- Apoio a mestrados da Facultade
- Seguimento e actualización de redes sociais (xaneiro-febreiro-marzo-abril-maio-xuño), Creación de contido específico e Avaliación e seguimento de resultados
- Mellora cobertura wifi entreplanta 2.

**A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese**

Realízase un seguimento da información relativa á satisfacción, expectativas e necesidades dos grupos de interese segundo o proceso institucional da USC: Satisfacción, expectativas e necesidades (PI-08), que nos suministra a ACMP. A información é analizada pola Comisión de Docencia e Calidade do Centro, así como tamén polas Comisións de Calidade das Titulacións. Os resultados da análise e valoración atópanse reflectidos nos correspondentes Informes de Seguimento das titulacións que se imparten no centro.
Tal e como consta no Manual de Procesos e procedementos do SGC, existe un protocolo de soporte Xestión das incidencias (SQR) (PS-05) que stablece a sistemática para rexistrar, xestionar e analizar as posibles incidencias (suxestións, queixas e reclamacións) que se presenten.

Tal e como se ven sinalando, a novidade do curso 22-23 foi a realización dun Informe de Queixas Anuais. Recibimos para o curso 2022-2023 a Memoria da Oficina de Análise de Reclamacións (OAR) da USC.
En canto as queixas que foron presentadas na OAR, todas foron presentadas por estudantes en relación coas titulacións impartidas no Centro. Presentáronse 2 reclamacións que foron desestimadas. A primeira estaba relacionada co "recoñecemento dos estudos de Grao en Historia da Universidade Autónoma de Barcelona pora os estudos de Grao en Historia que se imparte na USC". Deuse resposta a través da Comisión Académica e de Validacións do Centro que presentou o informe correspondente de recoñecemento que confirmou a carencia de fundamento da reclamación. A segunda referíase a "revisión da adxudicación das prácticas extracurriculares, para a cátedra institucional Juana de Vega" en relación co Máster Interuniversitario en Historia Contemporánea. Tamén foi desestimada tras recibir informe da Comisión Académica do Máster informando dos criterios de concesión destas prácticas.
En canto ás queixas, presentáronse tres. Dúas foron en relación con matrícula que foron atendidas pola Unidade de Xestión Académica (arquivada unha, desestimada á outra). Ademais, presentouse unha máis que tamén chegou directamente ao centro (foi a única do curso 22-23). A queixa estaba formulada por un estudante do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio e xiraba arredor da organización das saídas nunha única semana lectiva en cada semestre. A queixa foi recibida no Centro e tamén remitida pola OAR. Tramitouse a través das Comisións correspondentes, particularmente a Comisión do Grao en Xeografía, a Comisión de Docencia e de Calidade e foi respondida por un informe asinado polo decano do Centro. A situación referida á organización do calendario de prácticas de campo quedou efectivamente modificada para o curso 23-24.
Os mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese, funcionan dun xeito relativamente áxil e eficiente. As queixas, reclamacións e suxestións centralízanse a través da Secretaría do Decanato, onde se reciben directamente da comunidade académica (PDI, PAS e estudantado). As coordinacións de título exercen unha función fundamental no traslado das queixas , reclamacións e suxestións do estudantado e profesorado. Por outra banda, a Comisión de Docencia e Calidade analiza frecuentemente estas cuestións, así como outras necesidades e expectativas dos distintos grupos, para propoñer solucións que son aprobadas no seu caso pola Xunta de Facultade do Centro.

| Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos |
|---|
| **Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.** |
| Aspectos a contemplar:<br>• Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.<br>• Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos |

- o cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacions no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
- o cumprimento de guías docentes;
- o procedementos de coordinación,
- o análise do perfil real de ingreso/egreso,
- o análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
- o Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**
O proceso institucional PI-01 Deseño, modificación e extinción de programas, do Manual de Procesos Institucionais do SGC da USC guía os procedementos de deseño, revisión, mellora e, no seu caso, extinción dos títulos impartidos na Facultade de Xeografía e Historia realízase de acordo co proceso institucional. Deste mesmo xeito, os plans de estudos implantáronse de acordo ás memorias de verificación dos títulos e todos os títulos que participaron en procesos de renovación da acreditación obtiveron informe favorable até este momento.
No curso 2019/2020 comezou a implantación do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio (2º edición). O proceso de revisión do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio levou a unha revisión da súa estructura que se materializa cando a 2ª Edición do Título obtén a acreditación o 5/8/2019 e comezou a súa implantación no curso 2019/2020, comezando polo 1º curso. As principais modificación foron a ampliación de contados de Formación Básica mediante o desdoble de duas materias esencias (Xeografía Física e Xeografía Humana en dous cuatrimestres, ampliando así a 12 ECTS os contidos esenciais da Xeografía. Mellorouse o Módulo de Técnicas Instrumentais mediante o desdobre de materias específicas de Sistemas de Información Xeográfica para Xeografía Física e Xeografía Humana. E a principal modificación corresponde a posibilidade de obter mención de especialización mediante a oferta de materias optativas: Mención Xeografía Física e Territorio e Mención Sociedade e Territorio, aínda que existe a posibilidade de graduarse sen obter mención. Mediante ista modificación refórzase o carácter da Xeografía coma ponte entre as Ciencias Sociais e as Ciencias da Terra, cunha oferta máis atractiva para o posible alumnado, e ampliando notablemente as competencias profesionais dos/as egresados/as. Paralelamente estase levando a cabo a extinción do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio, seguindo o plan de extinción que se contén na Memoria correspondente. No curso 2022-2023 implantouse o 4º curso do Grao, polo tanto completouse a implantación do título.
Así mesmo, comezou a desenvolverse o Máster Interuniversitario en Desafíos das Cidades.
Tamén se acadou con data 26/05/2023 a Verificación do novo Máster en Patrimonio Cultural Dixital que comezou a impartirse no curso 23/24.
O SGC da Facultade de Xeografía e Historia conta cun proceso estratéxico PE-02, Revisión e Mellora que facilita o seguimento anual dos distintos títulos. As Comisións de Título son as encargadas de analizar o desenvolvemento dos programas formativos e a execución das accións de mellora vinculadas aos mesmos; concretamente fan o seguimento da adecuación das actividades formativas, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación ao descrito nas memorias verificadas, analizan os perfís de ingreso/egreso, os mecanismos e actividades de coordinación e os resultados de aprendizaxe. Os informes destes seguimentos trasládanse á CACC, que os revisa e analiza, e aproba as accións de mellora derivadas. Todas as actividades da CACC quedan recollidas nas actas das súas reunións, así como tamén no caso das Comisións de Título.

No marco do SGC da Facultade de Xeografía e Historia existen procesos e protocolos que afectan directamente ao desenvolvemento dos programas formativos, como son os procesos clave:
- PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación
- PC-02 Planificación das ensinanzas
- PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas
- PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas

• **Análise das accións desenvolvidas nos programas formativos impartidos na Facultade de Xeografía e Historia no curso 2022/23**

**Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio (2ª edición) (implantación do 4º curso en relación co proceso de extinción do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio) (1ª edición)**
A 2ª Edición do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio obtivo a acreditación o 5/8/2019 e comezou a súa implantación neste curso 2019/2020, comezando polo 1º curso e seguindo un procedemento pautado e escalonado tal e como se contén na Memoria do Título. Neste sentido, no curso 2022-2023 completouse ao chegar a impartición do 4º curso da titulación. As principais modificacións tal e como se fixo referencia foron a ampliación de contidos de Formación Básica mediante o desdoble de duas materias esencias (Xeografía Física e Xeografía Humana en dous cuatrimestres, ampliando así a 12 ECTS os contidos esenciais da Xeografía. Mellorouse o Módulo de Técnicas Instrumentais mediante o desdobre de materias específicas de Sistemas de Información Xeográfica para Xeografía Física e Xeografía Humana. E a principal modificación corresponde a posibilidade de obter mención de especialización mediante a oferta de materias optativas: Mención Xeografía Física e Territorio e Mención Sociedade e Territorio, aínda que existe a posibilidade de graduarse sen obter mención. Mediante ista modificación reforzase o carácter da Xeografía coma ponte entre as Ciencias Sociais e as Ciencias da Terra, cunha oferta máis atractiva para o posible alumnado, e ampliando notablemente as competencias profesionais dos egresados. Esta proceso de revisión xurdiu como resultado da análise e revisión dos resultados do título levadas a cabo dende o SGC (PE-02 Revisión e mellora e PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas) e pode estar relacionada, ao menos parcialmente, coa mellora dos resultados que xa se perciben no perfil de ingreso do título que se presentarán a continuación.
No curso 22-23 estivo traballando unha Comisión de Reforma do Título que completou unha memoria que está en proceso de verificación no curso 23-24. Está prevista a implantación do novo título no curso 24-25.

**Cumprimento das guías docentes**
O proceso clave PC-02 Planificación das ensinanzas, indica que as Guías Docentes das distintas materias son elaboradas polo profesorado encargado da súa docencia e revisadas polos coordinadores/as de curso no marco das Comisións de Título e aprobadas polos Departamentos e a Xunta de Facultade. O grao de cumprimento das programacións docentes (curso 2021/2022), foi elevado tal e como indican tanto os resultados da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida que realiza a ACMP: 4,15 (4.34 en 2020-21) (IN46G, INF13), aínda que descendeu o numero de enquisas respostadas:27,72% (36.94% no curso 2020-21) (IN48G, INF 13).

**Procedementos de coordinación**
Os procedementos de coordinación recollénse no proceso clave (PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas), de tal xeito que a coordinación dos cursos e a coordinación do grao reunidas na Comisión do Título co decanato e responsable de calidade do Centro teñen un papel activo na planificación e seguimento das actividades docentes. As reunións desta Comisión prodúcese cando menos no momento de eleaboración das planificacións docentes, en cada un dos Semestres e no momento de elaboración dos dos Informes de Seguimento/Renovación da Acreditación, e sempre que o estime oportuno calquera das partes implicadas.
O funcionamento dos procedementos de coordinación queda reflectido nos resultados da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida. Neste caso, cómpre sinalar que os efectos da pandemia causaron unha caída neste indicador (3.75 en 2020-2021 fronte a 4.30 en 2019-20 (IN47G). No curso 2021-2022 a satisfacción do profesorado incrementouse cunha nota de 4.11, na liña de recuperar os niveis previos á pandemia. Neste curso 22-23 apreciouse unha lixeira baixada, 3,99 que podería estar condicionada pola escasa participación do profesorado.
A cuestión da participación das enquisas segue sendo obxecto de reflexión pola Comisión de Docencia e Calidade do Centro e vai ir contemplada como unha acción de mellora específica para desenvolver no Plan de Melloras do Centro.

**Resultados do título**
En coherencia co que se ven sinalando no apartado anterior, o Informe de Seguimento do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio (2º ed.) sinala que a A Taxa de Rendemento, despois da contracción experimentada no curso 2021 no contexto de recuperación postpandémico (59,81%), mantén unha tendencia á alza, acadando o 75,88% no curso 2022-2023 (IN34G). Igual tendencia amosa a Taxa de Éxito, cun resultado moi significativo do 86,289% (IN35G), e a Taxa de Avaliación -relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados- co 86,28% no 2022-23 (IN36G).
Con todo, hai un elemento que causa unha preocupación singular no caso dos estudos de Xeografía e que se reflicte na análise

dos resultados das taxas de abandono. No caso da 1ª edición estes indicaban que o dato de estudantes que abandonaban o grao en 1º curso era dun 35,9% no curso 2018-2019. As Taxas de Abandono no primeiro curso foron sempre moi variables entre os cursos, e experimentan unha tendencia á alza (32.35% e 44,68 no 2021-2022 e 2022-2023 respectivamente, IN40G) como consecuencia da matriculación de alumnado con carácter provisorio en espera de poder acceder a outras titulacións con nota de corte elevada..

**Análise do perfil real de ingreso/egreso**

No ano académico 2022-2023 mantívose a oferta de 50 prazas (IN1G), A evolución da matrícula presente unha evolución positiva, pois dos 40 estudantes matriculados no curso académico 2019-2020 acadáronse os 102 no 2022-2023 (IN02G). A matrícula de acceso, pola contra, describe una traxectoria flutuante cunha tendencia negativa a partir do curso 2021-22 (IN03G), ata acadar unha taxa de ocupación do 46% (IN12G) no curso 2022-2023.

En relación á nota media de acceso á titulación a liña de tendencia é positiva, cuns valores que oscilan entre o 7.2922 e o 7,8658 nos cursos 2020-21 e 2021-2022 respectivamente. De acordo co indicador IN06G no curso 2022-2023 foi de 7.8437, sendo lixeiramente superior a dos procedentes de probas PAU (7,79) que a dos que acceden dende a formación profesional (7,36).

**Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3)**

Non temos o dato da satisfacción xeral dos egresados coa titulación, porque o grao está en proceso de implantación.

**Grao en Historia**

O Grao en Historia comezou a implantarse no curso 2009-2010 e tivo un procedemento de renovación da acreditación exitoso no curso 2014-2015 que se reiterou tamén exitosamente no curso 2020-2021. No curso 22-23 estivo traballando unha Comisión de Reforma do Título que completou unha memoria que está en proceso de verificación no curso 23-24. Está prevista a implantación do novo título no curso 24-25. Mentres, a oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación, en tanto que non houbo modificación algunha durante o curso 2022-2024. O número de créditos ECTS a superar para obtener o título sigue sendo de 240, divididos en catro anos, tratándose dunha modalidade de docencia presencial.

Fonte:
https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/artes-humanidades/grao-historia

O desenvolvemento das actividades académicas correspóndese co establecido no programa oficial e na memoria de verificación, na que figuran 45 asignaturas do grao de Historia máis o Traballo Fin de Grao. Destas materias 10 son de formación básica, 24 obrigatorias e 11 optativas organizadas en dous itinerarios: por unha banda, o itinerario de "Economía, sociedade e institucións", e pola outra o de "Cultura, ideoloxía e institucións".

Fonte: https://www.boe.es/boe/dias/2010/03/05/pdfs/BOE-A-2010-3681.pdf

As metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación e cualificación correspóndese co establecido na memoria de verificación e permiten a consecución das competencias, tal e como pode comprobarse no programa das respectivas materias, no que figuran as correspondentes competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación.

**Cumprimento das guías docentes**

Tal e como se ten sinalado, o proceso clave PC-02 Planificación das ensinanzas, indica que as Guías Docentes das distintas materias son elaboradas polo profesorado encargado da súa docencia e revisadas polos coordinadores/as de curso no marco das Comisións de Título e aprobadas polos Departamentos e a Xunta de Facultade. Esta coordinación reflíctese nos resultados favorables da satisfacción do alumnado coa docencia recibida. No 2019-20 baixou ó 3,81, se cadra polas limitacións impostas no segundo cuatrimestre pola pandemia que padecimos, no 2020-21 foi do 4,03, no 2021-22 do 4,01 e no 2022-2023. A taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia, que era no 2020-21 do 32,55 subíu ata o 34,89 no 21-22 e no curso 22-23 volveu a caer ao 18,16% (IN48G). Semella haber de fondo unha falta de confianza en que a opinión expresada teña reflexo práctico, e o certo é que nos priva dun canal fundamental de comunicación co alumnado, polo que continuará activa a acción de mellora especificamente deseñada a incentivar e mellorar os índices de resposta.

**Procedementos de coordinación**

Os procedementos de coordinación recollénse no proceso clave (PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas). A coordinación horizontal entre as materias parte da coordinación de materia, que son nomeados polo Consello de Departamento cando unha asignatura ten máis dun profesor asignado. A súa responsabilidade é garantir a homoxeneidade dos contidos, dos sistemas de avaliación e das actividades docentes, ademais de comprobar o grao de cumplimento da programación docente da asignatura e informar dos resultados acadados ao coordinador do curso.
A coordinación horizontal complétase coas coordinacións de curso, que son nomeados polo Decanato a proposta da Comisión do Título, e teñen como misión coordinar a actividade docente entre os distintos profesores dun mesmo curso e facer o seguimento do desenvolvemento da programación das materias do mesmo. Tamén son os responsables da actividade desenvolvida a través das aulas virtuais de coordinación dos respectivos cursos.
Pola súa banda, a coordinación vertical do título garántese mediante a Comisión de Calidade, que é a encargada de supervisar a adecuación da programación impartida ao plan de estudos vixente, evitando posibles baleiros e duplicidades entre materias. Finalmente, existe a coordinación de Grao, que é a persoa encargada de elaborar o informe anual de seguimento do título, ocupándose tamén de supervisar as actividades de coordinación e do mantemento da aula virtual de coordinación de grao.
As prácticas externas contan cunha coordinación propia, encargada en colaboración coa Comisión de Prácticas Académicas, da distribución do alumnado entre as institucións colaboradoras, da designación da titorización académica entre o profesorado con docencia no título e da organización das actividades recollidas no programa das PAE.
https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/practicas
As prácticas durante o curso 2022-2023 beneficíaronse do proceso de actualización de todos os convenios de prácticas.
O funcionamento dos procedementos de coordinación queda reflectido nos resultados da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida quetamén amosa unha boa evolución, por canto no curso 2019-20 era de 3,86 (IN47G), no 2020-21 3,75; 4,1 no 21-22 e o mesmo resultado no 22-23. Neste ámbito mellorou a participación, que pasou do 33,8% ao 44,74%.

**Resultados do título**

Os indicadores de resultados son en xeral positivos. Os resultados de aprendizaxe son satisfactorios, por canto a taxa de rendemento (IN34G) do grao de Historia chegara no curso 2019-2020 ao seu máximo ata o momento co 90,47%. Sen embargo no 2020-21, probablemente polas circunstancias da pandemia, retrocedeu ata o 82,97 e no 2021-22 non mellorou (82,34). No 2022-23 acadou o 84,17. En consonancia con esta situación, a taxa de éxito (IN35G) tamén empeorou no 2020-21, pasando do 96,01 no curso 2019-2020 ó 89,2, no 2021-22 medrou só lixeiramente (89,79) e no pasado chegou ó 91,46.
Finalmente, a taxa de avaliación (IN36G) no 2019-20 era do 94,71, no 2020-21 do 93,21, no 2021-22 do 91,7 e no pasado de 92,03. Por iso non sorprende que a taxa de éxito dos egresados rexistre unha situación en xeral estable, partindono (IN50G) dun 87,4 no 2019-20, un 92,81 no 2020-21, un 94,13 no 2021-22 e 94,35 no pasado.En canto á taxa de idoneidade na graduación, que mellorara no curso 2018-2019 situándose no 44,34%, cando no curso anterior fora do 40,20% e no 2019-20 seguíu medrando ata o 46 no 2019-20 para caer ata o 34,02 no 2020-21 e recuperarse no 2021-22 cun 41,05 e no pasado 50,51 (IN51G). A taxa de rendemento dos egresados(IN53G) era no 2019-20 dun 87,35, dun 89,39 no 2020-21 e subíu ata o 91,01 no 2021-22 e 92,3 no 2022-23 . Mentres tanto, da eficiencia dos titulados non podemos aventurar a tendencia posto que non se nos facilitan datos dende o 92,15% do ano 2014-2015 (IN39G).
En conxunto case todos os indicadores deste apartado son máis positivos que a media da USC, agás a taxa de graduación e a media de alumnos na docencia interactiva.
No 2019-20 matriculáronse 103 tfg e defendéronse 82 tfg (daquela o 80%), cun só suspenso (99% de aprobados). No 2020-21 defendéronse 81 tfg, todos eles aprobados, con 2 con 6.00 ou inferior (2,4%) e 67 con nota 8.00 ou superior (82,7%). Defendéronse 81 de 116 traballos matriculados (69%). No 2021-22 defendéronse 74 tfg de 111 matriculados (66%), todos eles aprobados. No 2022-23 defendéronse 84 de 138 matriculados (61%), todos eles aprobados, tres con 6 ou menos e 68 con oito ou máis.
A porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións (IN22G) foi do 70% no curso 2018-2019 e lixeiramente superior no 2019-20 (70,37%), o que demostra que as prácticas manteñen o seu interese entre o alumnado da titulación. No 2020-21 non se levaron a cabo pola pandemia e no 2021-22 foi do 29,73, pero no curso 22-23 o resultado foi xa de un 52,38% indicando que se recupera a tendencia anterior á pandemia. Todas as partes involucradas teñen unha visión positiva das PAE, como revelan os resultados das enquisas para os cursos no que están dispoñibles, que non é o caso do que se analiza neste autoinforme.

**Análise do perfil real de ingreso/egreso**
A valoración do curso 2022-2023 confirma a case total recuperación da normalidade tras o impacto da pandemia e o confinamento.
O interese académico do título queda claramente reflectido polos positivos datos da matrícula. Dende o curso 2012-2013 o número de prazas ofertadas (INO1G) é de 100, que veñen cubrindo na totalidade. Tamén o número de estudantes matriculados nun curso académico (IN02G) reflicte unha imaxe positiva, dado que os 463 alumnos no 2020-2021 supuñan un lixeiro aumento de dez alumnos con respecto ao curso anterior, no 2021-22 medraron ata 473 e no curso pasado foron xa 481. Os datos do curso analizado amosan unha tendencia a alza que reflicten tamén outros indicadores, como a matrícula de novo ingreso por preinscripción (INO4G), que aumentou o último ano con respecto ao anterior, pasando de 98 alumnos en 2017-2018 a 104 en 2018-2019, 107 no 2019-2020, 111 no 2020-21, 106 no 2021-22 e 112 no pasado.
A matrícula de acceso (INO3G) amosa unha tendencia estable, con 113 alumnos no 2022-23 (110, 112 e 111 nos tres cursos anteriores), deles 112 por PAAU (IN04G).
A taxa de variación da matrícula de novo ingreso por preinscripción (IN05G) rompía hai dous cursos a tendencia á melloría iniciada o curso 2018-19, situándose no -6.19, para o curso pasado non se nos facilitou ese dato. O título nos últimos tempos foi incrementando a nota media de acceso por preinscripción (IN06G), que no 2019-20 foi de 10,23 fronte ó 9,7 do curso anterior e ó 9,78 de hai dous cursos, no 2020-21 foi do 11,19, no 2021-22 acada o 11,22 e no 2022-23 practicamente repite, cun 11,17. A porcentaxe de alumnos que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a 6 (IN07G) segue sendo do 100%, reforzando así a tendencia desenvolvida nos últimos cinco cursos.
A captación de alumnado amosa unha clara recuperación, tal e como revela o indicador IN10G, de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas, que no 2020-21 subíu ata 109, no 2021-22 descendeu ata 99 e no pasado foi de 109. O IN12G ou nº de estudantes de novo ingreso por preinscrición dividido entre as prazas ofertadas amosa unha tendencia similar: 104 no 2018-19, 107 no 2019-20, 111 no 2020-2021, 106 hai dous cursos e 112 o pasado.
Todos estes datos permiten afirmar que o título mantén o seu interese académico e unha alta demanda, por canto os alumnos galegos acceden ao mesmo con notas cada vez máis altas e ocupan todas as prazas dispoñibles. Polo que se refire á porcentaxe de estudantes extranxeiros sobre matriculados (IN08G), que no 2019-20 estaba no 0,88 e no 2020-21 no 0,86 no 2021-22 subíu ata o 1,06 pero no pasado volveu baixar (0,42); claramente localízase aquí unha das fontes de captación de alumnado na que profundar no futuro. A evolución é similar para a porcentaxe de estudantes de fóra de Galicia sobre matriculados (IN09G), que ven mellorando nos últimos cursos, sempre en parámetros moi modestos: 1,46 no curso pasado fronte a 0,44 no 2019-20, no 2020-21 do 0,43 e no 2021-22 o 0,86.
O interese do título tamén é consecuencia do seu axuste as necesidades da profesión regulada, como demostra a porcentaxe de estudantes egresados que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións (IN22G), que no curso 2018-2019 e no 2019-20 foi dun 70%. No 2020-21 as circunstancias da pandemia fixeron que esa porxentaxe se desplomase ata o 14,81, xa que bastantes institucións coas que a facultade ten convenios se viron afectadas polas medidas sanitarias impostas, e no 2021-22 comezou a recuperarse ata o 29,73. No 2022-23 segue a tendencia, cun 52,38.

**Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3)**
Temos o dato para o curso 2021-2022 da satisfacción xeral dos egresados coa titulación, que acada un valor de 3,32 (IN42G), pero non hai datos do curso 22-23. Consíderase satisfactorio na medida en que mantén unha liña constante cos datos dos cursos anteriores (2020-2021, 3,39; 2018-2019: 3,42). Non hai datos do curso 2019-2020.

**Grao en Historia da Arte**
O Grao en Historia comezou a implantarse no curso 2009-2010 e tivo un procedemento de renovación da acreditación exitoso no curso 2014-2015 que se reiterou tamén exitosamente no curso 2020-2021. No curso 22-23 estivo traballando unha Comisión de Reforma do Título que completou unha memoria que está en proceso de verificación no curso 23-24. Está prevista a implantación do novo título no curso 24-25. O Grao en Historia da arte leva implantado trece (13) cursos académicos nos que se mantivo a oferta en módulos, materias e materias tal e como están definidas na Memoria de verificación do título:
https://www.usc.gal/es/estudios/grados/artes-humanidades/grado-historia-arte

Con todo, e a pesar do mantemento da estrutura básica, ao longo destes cursos pasados levouse a cabo unha serie de pequenas modificacións que obedecen á experiencia adquirida no desenvolvimiento académico. O obxectivo destas modificacións foi sinxelamente adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás necesidades dos alumnos e dos docentes. Isto materializouse no cambio de cuadrimestre dalgunhas materias e outros axustes derivados dos criterios expresados nos distintos informes de seguimento e acreditación presentados.

**Cumprimento das guías docentes**

Tal e como se ten sinalado, o proceso clave PC-02 Planificación das ensinanzas, indica que as Guías Docentes das distintas materias son elaboradas polo profesorado encargado da súa docencia e revisadas polos coordinadores/as de curso no marco das Comisións de Título e aprobadas polos Departamentos e a Xunta de Facultade. Neste sentido, cómpre destacar que o índice de satisfacción dos alumnos coa docencia recibida, descendeu unhas décimas este curso para acadar un 4,27, en relación co 4,41 do curso pasado (IN46G). A taxa de resposta baixou atá acadar un 20,65%, o que vai ser obxecto dunha acción de mellora específica.

**Procedementos de coordinación**

O funcionamento dos procedementos de coordinación queda reflectido nos resultados da enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación. O dato continúa a ser moi alto, un 4.26 case igual que o curso anterior onde chegar a un máximo dun 4.35, o que reflicte unha reflexión sobre a influencia que tiveron no curso 20-21 as circunstancias da situación sanitaria, co que supuxo de esforzo de adaptación á semipresencialidad e a docencia virtual, co desencanto e preocupación que se instalou no colectivo dos docentes. A recuperación dos valores no curso 21-22 parece indicar que a superación da situación e a recuperación da presencialidad influíron positivamente na satisfacción dos docentes, como era de esperar. O máis positivo é que a participación mellorou ata chegar ao 30,19%, aínda que segue precisando un incemento moito maior.

**Resultados do título**

Para realizar a análise deste criterio son numerosos os indicadores que se poden ter en conta. Na Memoria de verificación do título prevíase unha taxa de eficacia próxima ao 90%. Algún dos indicadores relevantes neste caso atópase tanto na taxa de rendemento (neste curso 22-23 un punto superior ao anterior cun valor de 79,1 ING34G) como na de éxito (n neste curso tres puntos por riba do anterior ata acadar un valor de 90,71: ING35G) e a taxa de avaliación (estable, no 87,2: ING36G). As tres indican unha tendencia á recuperación dos valores previos ao ciclo pandémico.
É de especial relevancia é a taxa de gradación que fluctuou nos últimos anos desde os 58,02 do curso 2015-2016 aos 47,42 do curso 19-20, pasando polos 52,38 do curso 16-17, o 51,61 do 17-18 , o 52,69 do curso 20-21 e o 47,13 do 22-23. En relación con esta taxa atópase o indicador da duración media dos estudos, que volve subir despois do lixeiro descenso do curso 21-22, alcanzando unha 4,74 fronte ao 4,45 do curso anterior. Un indicador que mostra unha tendencia relativamente estable que se aprecia no histórico: 4,44 (15-16); 4,64 (16-17); 4,61 (17-18); 4,72 (18-19), 4,61 (19-20) 4,96 (20-21), 4,45 (21-22) (IN38G)..
En directa relación con esta cuestión está a taxa de abandono dos estudos durante o primeiro curso que, despois de alcanzar un valor próximo ao 20% no curso 19-20 (19,75), volveu descender no curso 20-21 alcanzando un 17,24 (un valor moi próximo aos valores anteriores á pandemia: 17,20 do curso 18-19, e con todo no curso 21-22 reflicte un lixeiro repunte alcanzando un 17,86. No curso que se informa, a taxa cae máis de dous puntos porcentuais alcanzando un 15.29 (IN40G). Doutra banda, a taxa de abandono RD 1393/2007, que o curso pasado tiña un valor dun 29.63, no curso 22-23 baixa a un 27,59 (IN41G). Por outra banda, os valores da taxa de idoneidade na gradación alcanzan este curso un 42,96, o que supón un gran incremento de máis de 10 puntos porcentuais fronte aos 31,03 do curso anterior (IN51G) e polo que se refire á taxa de eficiencia os valores que o curso anterior experimentan un repunte alcanzando un 91,95, neste curso 22-23 volven descender case tres puntos alcanzando un 88,54 (IN53G).
En xeral, todos os valores parecen indicar unha volta ao contexto anterior á pandemia con moi lixeiras fluctuacións.

**Análise do perfil real de ingreso/egreso**

O Grao en Historia da arte, ofertado na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela (USC) é unha titulación única no sistema universitario galego. No curso 22-23 esta situación mantense, pero aínda que os indicadores de organización e desenvolvemento do grao mostran un resultado que indica que, coa mesma oferta, a satisfacción co grao mantense, pero non aumenta (IN01G-IN010G, IN12G, IN17G-IN18G e IN22G). Deste xeito, a revisión da conformación do

título, que conseguiu renovar a súa acreditación o ano 2021, apunta a unha necesidade de actualización para responder de mellor maneira aos requirimentos do contexto académico, científico e profesional.
Tal e como figura no IN01G durante o curso 22-23 mantívose en 85 o número de prazas ofertadas pola titulación, do mesmo xeito que a matrícula de acceso dos alumnos que se mantén en 91 como no curso anterior (IN03G) Do mesmo xeito, algúns indicadores, como o do número de matriculados (IN02G), ratifican un estabilización con poucas fluctuaciones conxunturais, xa que que fronte aos 364 matriculados do curso anterior, neste curso 22-23 rexístrase un número de matriculados de 375. Con todo, os descensos que viñan apreciando nalgúns indicadores, aínda están presentes nalgúns aspectos como no número de matriculados de novo ingreso por prescrición (IN04G), que pasa dos 88 estudantes matriculados no curso 21-22, aos 86 do curso 22-23. Polo que se refire á relación de estudantes prerexistrados en 1ª opcio□n sobre as prazas ofertadas (IN10G), continúa a tendencia ao incremento discreto das cifras, nas que se pasa dun 82,35 a 85,88 (a subida do curso 20-21 ao 21-22 fora considerable: de 75,29 a 82,35, posible efecto da atenuación da pandemia).
En relación co ingreso na titulación, prodúcese un descenso no caso dos indicadores que recollen os datos relativos á nota media de acceso. No curso 22-23 a nota media sitúase en 9,93 fronte ao 10,43 do curso 21-22 (ING06). Isto implica que, neste curso hai un pequeno descenso na porcentaxe de estudantes matriculados que accederon á titulación cunha nota igual ou superior a 6 (IN07G), que baixa do 100% do curso anterior (21-22) ao 98,81 de curso que se informa. Neste curso ademais a matrícula do grao pechouse no primeiro chamamento o que está relacionado co aumento da nota media.
Dentro desta tendencia á estabilidade sitúase tamén a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia sobre o número de matriculados, cunha porcentaxe dun 2,4, que practicamente iguala o 2, 47 do curso anterior (IN09G). Un lixerísimo descenso detéctase, en cambio, na porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre os matriculados que baixa de novo dun 1,92 do curso anterior ao 1,87 do curso que se informa (IN08G). Todos estes datos, de tendencias relativamente estables, con pequenas subidas e baixadas, están en consonancia cos valores na taxa de ocupación na que se alcanza a cifra de 101,18 o que supón un descenso de dous puntos porcentuais en relación coa cifra do curso anterior (21-22) que foi de 103,53, xa inferior á do curso 20-21, o que confirma que a tendencia comeza a ser descendente (IN12G).
No relativo a outro aspecto definitorio do título, o das Prácticas Académicas Externasno curso 22-23 continúa a tendencia ascendente, xa que a porcentaxe de alumnos egresados coas PAE realizadas elévase ao 65,15 algo máis dun punto por encima do 64 por cento do curso 21-22. O dato indica que se están comezando a recuperar os valores previos á pandemia

**Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3)**
Non temos o dato para o curso 22-23.Temos o dato para o curso 2021-2022 da satisfacción xeral dos egresados coa titulación, que acada un valor de 3,32 (IN42G). Consíderase satisfactorio na medida en que mantén unha liña constante cos datos dos cursos anteriores (2020-2021, 3,39; 2018-2019: 3,64). Non hai datos do curso 2020-2021.

**Máster Interuniversitario en Historia Contemporánea**
O Máster en Historia Contemporánea é unha titulación interuniversitaria na que participan un total de 9 universidades públicas do Estado. Ademais da USC, fano a Universitat Autònoma de Barcelona (UAB), a Universidad Autónoma de Madrid (UAM), a Universidad del País Vasco (UPV/EHU), a Universidad de Cantabria (UC), a Universitat de València (UV), a Universidad Complutense de Madrid (UCM), A Universidad de Zaragoza (UZ) e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo (UIMP). A coordinación do Máster é rotatoria, facéndose cargo da mesma unha das universidades participantes cada ano. Así, no curso 2020/2021 a coordinación do título correspondeu á Universidad de Zaragoza (UZ). No curso 2021/22 a Universitat Autónoma de Barcelona e no curso actual 2022/23 corresponde á Universidad Complutense de Madrid.
Ao longo dos dezaseis cursos que o Máster leva implantado mantívose, no fundamental, a organización dos módulos, materias e asignaturas definidas na memoria xustificativa que conforme ao RD 56/2005 cada unha das nove universidades presentou aos seus órganos de goberno e ás autoridades das súas CCAA. Como consecuencia da aprobación dun novo marco normativo, o RD 1393/2007e das normas complementarias publicadas durante 2008, o Máster foi sometido ao proceso de verificación para titulacións de mestrado definido pola ANECA. O Máster obtivo a verificación positiva da ANECA, aprobada por Resolución do Consejo General de Universidades do 15 de xullo de 2009. Este proceso de verificación do Máster foi aproveitado para a introducción de pequenas modificación na súa estructura, que non alteraron o deseño orixinal, pero actualizaron o seu Plan de Estudos. Do mesmo xeito, durante o curso 2011/2012 procedeuse á elaboración dunha Memoria de Verificación completa do Máster, de cara á realización dun informe de seguimiento do título. Esta circunstancia foi aproveitada para modificar a oferta

de asignaturas optativas contidas no Módulo II (coordinado pola Universitat Autònoma de Barcelona – UAB). A proposta de modificación do Plan de Estudos foi informada positivamente pola ANECA con data 3 de maio de 2012. A información relativa á oferta de módulos e materias está disponible tanto na web da USC como na páxina da que a estes efectos dispón o Máster Interuniversitario en Historia Contemporánea:
https://www.usc.gal/gl/centros/xeohistoria/titulacions.html?plan=4163&estudio=13392&codEstudio=12978&valor=9
https://pagines.uab.cat/masterhistoriacontemporanea/content/plan-de-estudios

**Cumprimento das guías docentes**
En síntese, tanto a relevancia do título como do perfil formativo/egreso continúan a ser acaídos despois das edición do Máster celebradas dende a súa posta en marcha en 2006/2007, como amosan os datos ofrecidos no seu conxunto. Isto non significa que a Comisión Académica do Máster, así como o equipo de Coordinación non procuren a mellora dalgúns dos indicadores e o mantemento do alto nivel doutros no que atinxe á sede da USC do Máster e, por extensión, ao conxunto do Máster. Polo que fai a satisfacción dos/das alumnos/as coa docencia recibida durante o curso 22/23 o dato foi dun 4,26, bastante mellor que o curso 21-22 (3,77). Con todo, a taxa de resposta na enquisa segue a ser baixa (22, 22%).

**Resultados das materias e resultados do título**
1) A Taxa de Rendemento (IN34M) foi de 86,54, sete puntos máis que no curso académico anterior, e mantendo os elevados niveis habituais, arredor de 80 puntos dende que se teñen datos.
2) En canto á Taxa de Éxito (IN50M) esta foi para o curso un 99,48%, mantendo os datos dos cursos anteriores.
3) A Taxa de Avaliación (IN36M) acadou un 86,98% cifra máxima da serie histórica disponible, descendeu so lixeiramente no 2021/22 79.41.
4) A Taxa de Graduación (IN37M) acadou un 90%, o que a mantén nos valores máis altos das serie .
5) Polo que fai á Duración media dos estudos (IN38M), esta situouse para o curso 22/23 en 1.58, experimentando fluctuacións entre os valores máximos acadados no curso 17/18 (1,82) e o mínimo do curso 21/22 (1.21).
6) Da Taxa de Eficiencia dos Titulados (IN39M) non contamos con datos para o curso 2022/2023. De feito, os últimos datos disponibles corresponden ao xa lonxano curso 2014/2015.
7) En canto á Taxa de abandono, esta foi no curso 2022/2023 de 10%. Existiron diversas variacións, pero sempre en valores moi reducidos.
8) A Taxa de éxito dos egresados (IN50M) foi do 99.22%, na liña óptima dos cursos anteriores..

**Análise do perfil real de ingreso/egreso**
O perfil formativo/egreso tense mantido na liña dos criterios especificados e adoptados na memoria da titulación. O Máster continúa a ser relevante no entorno socio – económico, académico, científico e profesional da titulación. Hai unha demanda sostida de estudantes procedentes do Grao en Historia, así como unha demanda tamén habitual de estudantes procedentes doutras titulacións con maior ou menor afinidade: Xornalismo; Ciencias Políticas; Humanidades; Historia da Arte; Maxisterio; Ciencias Económicas; Filosofía, etc., aspecto que reafirma a transversalidade do Máster.

Deste xeito, os indicadores que fan referencia á organización e desenvolvemento do Máster, dende o IN01M ao IN13M, amosan que tanto a tendencia como os resultados do curso 2022/2023 continúan a ser satisfactorios.
O número de prazas ofertadas (IN01M) mantense en 21 na USC. O número de alumnos/as matriculados na USC (INO2M) no curso 2023/2024 foi de 26, o número final de matriculados foi de 29 porque se consideran tamén os alumnos/as que se inscriben só co TFM. O número de novos matriculados (16) presenta unha certa irregularidade, tal e como amosan os datos (IN04M e IN05M) para os seis últimos cursos académicos.
A nota media de acceso (IN06M) 2022-2023 mantense estable (7,82), aínda que cunha clara tendencia ao ascenso nos últimos seis cursos. En 2020/2021 foi a segunda máis alta (7,70), a do ano 2021/22 foi de 7,77.
Polo que fai á porcentaxe de alumnos/as estranxeiros/as matriculados no Máster na sede de Santiago de Compostela (IN08M), os datos deste último curso en porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre estudantes matriculados, sen contabilizar aos estudantes matriculados en programas de mobilidade incoming foi de 3,85, resultado mellor que o dos derradeiros anos xa que foron cero. A porcentaxe de estudantes doutras CCAA do Estado sobre o total de matriculados amosa nos últimos cursos unha tendencia claramente positiva, acadando no curso 2022/2023 o seu máximo histórico, cunha taxa do 23,08 (IN09M).

**Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3)**
Non temos o dato para o curso 22-23. Temos o dato para o curso 2021-2022 da satisfacción xeral dos egresados coa titulación, que acada un valor de 3,56 (IN42G).

**Máster Interuniversitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte**
O Máster en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da arte é unha titulación interuniversitaria organizada polas universidades de Santiago de Compostela (USC) e Las Palmas de Gran Canaria ( ULPGC), sendo a universidade coordinadora a USC. O perfil de ingreso, plan de estudos e os módulos formativos mantivéronse de acordo cos contidos aprobados na memoria da titulación. O perfil formativo básico considérase que continúa achegando unha titulación de interese para distintos aspectos da especialización en patrimonio, museos e mercado da arte, tal como referenda a alta demanda de matriculación. En canto ás competencias para adquirir polos estudantes, grazas á rotación e renovación de profesores, unida á complementariedade lograda entre os perfís docentes das dúas universidades implicadas, pódense considerar actualizadas para os contornas socio- económico, académico, científico e profesional nas distintas especialidades ofertadas.
Durante os cursos nos que o máster leva implantado mantívose a organización de módulos, materias e materias definidas na memoria de verificación, tal como pódese comprobar a través do histórico da oferta académica presentado na USC e na ULPGC:
https://www.usc.gal/gl/centros/xeohistoria/titulacions.html?plan=15056&estudio=15057&codEstudio=14546&valor=9
https://www2.ulpgc.es/index.php?pagina=plan_estudio&ver=pantalla&numPantalla=03&codTitulacion=5028&codPlan=51&tipotitulacion=M

**Cumprimento das guías docentes**
Tanto a coordinación horizontal e vertical como a coordinación entre as dúas universidades que integran o máster está supervisada pola Comisión Académica que se reúne con frecuencia ao longo do curso e controla aspectos como a aprobación da asignación docente, a repartición horaria das materias entre os profesores e os tribunais de TFM. A CAM garante que os calendarios académicos das dúas universidades, aínda tendo variacións nas datas de matrícula, avaliacións e peches de actas, presenten unha única organización lectiva e medios para harmonizar os distintos períodos:
https://www.usc.es/gl/titulacions/masters_oficiais/mxpaamma/comisiona.html
Como evidencias da coordinación existente, pódense analizar os datos da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida. Este dato sitúase nun 4.04 na USC, na media dos últimos cursos: por debaixo da cifra de 4.42 do curso anterior, pero por riba do 3.95 do curso anterior, todavía afectado polas condicións pandémicas (IN46M e INF22).

**Resultados das materias e resultados do título**
De modo similar aos últimos cursos, a taxa de rendemento situouse nun 82.44 en 2022-2023 na USC, cun lixeiro descenso fronte a 89.33 no curso anterior, pero mellorando a cifra de 2018-2019. Tal como vén ocorrendo nos anos anteriores, a tendencia mostra unha dinámica en dentes de serra que, con todo, mantén unha media alta, por encima do 80% (IN34M).
A taxa de éxito mantense en cifras moi altas, un 97.54, fronte ao 98.50 do curso anterior (IN35M). Hai que destacar que esta mesma taxa de éxito mantén na ULPGC o 98.08%, do mesmo xeito que no curso anterior.
A taxa de avaliación baixou a 84.48% na USC, continuando coa tendencia de baixa do curso anterior no que se alcanzou 89.33%. (IN36-M).
A taxa de gradación baixou ata o 78,57%. A tendencia mostra igualmente ascensos e descensos alternantes nos últimos cursos (IN37M).
A duración media dos estudos situouse nun 1,65, lixeiramente superior fronte ao curso anterior en que se situou en 1.5 na USC (IN38M).
A eficiencia dos titulados ou egresados mantense por encima do 90%, cun lixeiro descenso, xa que unha porcentaxe de 90.74 representa unha baixada de 7 puntos fronte ao curso anterior, 97.75 (IN53M).
Taxa de abandono: en ambas as universidades é de 0 (IN41M).
Satisfacción do alumnado coa docencia recibida: sitúase nun 4.39 na USC, xa por encima do 3.95 do curso anterior (IN46M e INF22).

Taxa de éxito dos egresados. Mantense en cifras moi altas, un 98.50 na USC (IN50M) e 100% na ULPGC.
Taxa de eficiencia: 90.74, un descenso fronte ao 97.75 con respecto ao curso anterior na USC (IN53M) e 89,43% na ULPGC.

**Análise do perfil real de ingreso/egreso**
O perfil de ingreso e contido formativo mantívose sen cambios, conforme ao establecido na memoria da titulación, debido a que continúa sendo de relevancia e está actualizado no contorna socio-económico, académico, científico e profesional do título. Neste sentido débese sinalar que a demanda cada vez é máis ampla en canto a número de solicitudes, procedencias xeográficas e tipo de titulacións do alumnado, poñendo en evidencia o carácter transversal da formación ofertada pola titulación.
Neste sentido os indicadores relativos á organización e desenvolvemento do máster, desde o IN01M ao IN13M, mostran que a tendencia e o resultado do curso 2022-2023 continúan sendo satisfactorios.
Deste xeito o número de prazas ofertadas (IN01M) mantense en 30 na USC e en 25 na ULPGC. Isto acompáñase cun número total de alumnos matriculados que foi de 49 en 2022-23 na USC (IN02M) e 21 na ULPGC. O número de novos alumnos matriculados foi de 29 en 2022, fronte a 28 en 2021 na USC (IN03-04M). Na ULPGC foi de 10 alumnos Neste sentido observouse unha lixeira variación negativa que se mantivo no curso 2022-23, cun factor resultado de -6.67, debido ás renuncias sobre a matrícula máxima ofertada (IN04-05M).
A nota media de acceso presenta un ascenso nas dúas universidades: 8.01 no curso 2022-23 na USC, fronte á de 7.65 en 2021-22. Na ULPGC foi de 5.31. A porcentaxe de alumnos que teñen unha media superior a 6 que, nos dous últimos cursos citados foi do 100% na USC (IN06-07M), non así na ULPGC.
Outro aspecto no que se percibe unha mellоría é na porcentaxe de estudantes estranxeiros matriculados, alcanzando o 14,29% en 2022-23, a cifra máis alta de toda a serie (IN-08M). Na ULPGC foi de 4.55. A iso débese engadir que a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia representou un 16.33 no 2022-23-, fronte ao 11.63 no 2021-22 (IN09M).
Para concluír, a taxa de ocupación incrementouse desde o 93.33% ata o 96.67% no curso 2021-22 (IN12M), mentres que a porcentaxe de matriculados que son titulados da USC situouse no 42.86% no mesmo curso (IN13M).
**Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3)**
Temos o dato para o curso 2022-2023 da satisfacción xeral dos egresados coa titulación, que acada un valor de 4,82 (IN42G). Esta elevación no índice de satisfacción dos egresados na USC dá resposta provisional, aínda que positiva, á mellora de obrigado cumprimento sinalada no informe para renovación da Acreditación (maio de 2022).

**Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüedade (4ª ed.)**
Neste apartado non se rexistraron novidades significativas respecto aos datos incluídos no informe de renovación da acreditación, previo á 4ª edición do master, elaborado a finais do curso 2019-2020 e que obtivo a cualificación de "favorable". En efecto, trátase dun título con carácter estratéxico que da resposta ás necesidades formativas do SUG e da sociedade galega. Durante os cursos académicos impartidos o Máster ofreceu aos alumnos unha formaciónespecializada, contribuíndo, entre outros aspectos, de maneira decisiva á mellor preparación dos arqueólogos, o que repercute a súa vez en beneficio da sociedade á que están destinados a servir. Trátase, polo tanto, dunha titulación que, sen estar vinculada a unha profesión regulada, relaciónase directamente coa actividade profesional da Arqueoloxía e coa investigación nesta mesma área e na de Historia da Antigüidade.
Os estudos dan resposta ás cambiantes necesidades do mercado laboral, permiten a formación continua e favorecen a validación de coñecementos, habilidades e destrezas adquiridos. A aprendizaxe da Arqueoloxía e das Ciencias da Antigüidade veríanse gravemente comprometida se se restrinxira só as titulacións xeneralistas, sen especialización.

**Cumprimento das guías docentes**
Neste curso, terceiro ano da 4ª edición do master inteuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, no que participan plenamente as tres universidades do SUG e máis o CSIC, xa están consolidadas as tres materias novas impartidas dende o curso 2017-18: "Arqueoloxía de Mesopotamia" e "Técnicas instrumentais e cronolóxicas en arqueoloxía", a cargo de profesores da UDC, e a materia de "Necrópole e restos humanos" ofertada a partir do curso 2018-19, que continúa sendo a optativa con máis alumnos matriculados. Ademais nesta edición incorporáronse outras novas materias que completan a formación dos estudantes egresados, que están a ter moito éxito. A materia obrigatoria de 'Iniciación á investigación en arqueoloxía e ciencias da Antigüidade', e as materias optativas 'Cultura material medieval y moderna', 'Arqueobotánica', 'Zooarqueología'. Así mesmo as modificación da oferta de otras 6 materias nesta 4º edición, axústanse mellor ás necesidades formativas ('Escavación

arqueolóxica', 'Practicum', 'Epigrafía latina', 'Historia das relixións antigas', 'Historia antropolóxica do mundo antigo', 'Historia do arte grego').
Os obxectivos establecidos na Memoria continúan a cumprirse desde a posta en funcionamento do Máster, adquirindo os alumnos as competencias xenéricas e específicas que se inclúen na Memoria. O grao de satisfacción do alumnado constátase, tanto polo sistema de enquisas establecido con carácter xeral para todos os títulos pola USC (ao que nos referiremos no apartado correspondente), como polas enquisas *ad hoc* realizadas desde a coordinación académica, os informes dos titores dos TFM e do sistema administrativo de apoio ao Máster.

Do mesmo xeito, a calidade da docencia reflíctese na positiva evolución de satisfacción do alumnado, como pode verse aquí (IN46M), aínda que hai un pequeno descenso no curso 2019-20 que podería ser das dificultades derivadas do COVID19 que se prolongaron no curso 2020-21. No curso 2021-22 hai un ascenso que resalta este curso como o máis positivo nas enquisas do máster ata o momento, sendo seguido por unha pequena baixa no curso 2022-23 que, en todo caso, continúa a ser unha puntuación prácticamente de sobresaliente. Con base a unha puntuación sobre 5, estes son os datos desde o curso 13/14:

Táboa: Satisfacción do alumnado coa docencia recibida.

| | 2013-14 | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total (IN46M)** | 3,40 | 3,57 | 3,48 | 3,95 | 3,99 | 4,1 | 3,91 | **3,89** | **4,3** |

**Resultados das materias e resultados do título**

Polo que se refire aos indicadores de resultados proporcionados pola área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, evidénciase tamén unha evolución favorable de acordo coas características do título.

a) A taxa de rendemento global (IN34M) mostra unha lixeira melloría, pois aínda que no curso 16-17 a cifra descendeu do 92,31 (curso 2015-16) ao 86,34; no 2017-18 recuperouse levemente (90,17), sendo superada en 2018-19 con 95,17. O pequeno descenso no curso 2019-20 que continua no curso 2020-21 pode ser consecuencia da pandemia, pero o descenso continua no curso 2021-22, e non sabemos os motivos, probablemente o Covid podería ter un impacto mais grande do esperado en cursos posteriores, ou circunstancias personáis dalgúns estudantes foron caudsa de este descenso. Esta taxa está xusto en medio da taxa das restantes titulacións da facultade de Xeografía e Historia. No curso 2022-23 obsérvase un importante aumento na taxa de rendemento, cun índice de 86,47, o que significa que o rendemento está en alza dende o ano 2020, recuperando valores máis elevados progresivamente.

| | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total (%) IN34M)** | 91,44 | 92,36 | 86,34 | 90,17 | 95,17 | 90,79 | **83,54** | **81,23** |

b) A taxa de éxito global (IN35M) mantense e resulta satisfactoria, tanto no curso 2016-17 (97,38) como no 2017-18 (97,61), sendo en 2018-19 de 100%, e pasando no curso 2019-20 ao 99,16%. No curso 2020-21 e 2021-22 é semellante descende un pouquiño más. Esta taxa está por enriba da taxa das restantes titulacións da facultade de Xeografía e Historia.

| | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total (%) (IN35M)** | 99,13 | 100,00 | 97,38 | 97,61 | 100,00 | 99,16 | **98,80** | **98,7** |

c) A taxa de avaliación global (IN36M) segue a mesma tendencia, é dicir, unha leve caída no curso 2016-17 (88,66) e

unha recuperación en 2017-18 (92,38), superándose en 2018-19, chegando ao 95,17 e baixando lixeiramente no curso 2019-20 e no curso 2020-21, esta tasa segue en lixeiro descenso no curso 2021-22. No curso 2022-23 o índice prácticamente se mantén, con valores moi similares aos anos anteriores. Esta taxa está por riba da taxa das restantes titulacións da facultade de Xeografía e Historia.

| | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total (%) (IN36M)** | **92,25** | **92,36** | **88,66** | **92,38** | **95,17** | **91,56** | **84,56** | **82,31** |

d) A taxa de abandono global (IN41M) foi do 10,53% no curso 2015-16, ascendendo a un 25% en 2017-18, e reducíndose notablemente a un 10% en 2018-19 e ata un 6% no curso 2019-20. Para o curso 2020-21 non hai datos dispoñibles por ser o primeiro ano da 4ª edición e para o curso 2021-22 a taxa é de 10,53% como no curso 2015-16. Nembargantes hai unha taxa de abandono do 5,26% no último ano da 3ª edición, neste caso algunhas materias de segundo semestre foron abandonadas, xusto no momento no que xurdiron os problemas da pandemia, estes estudantes non voltaron a matricularse no curso 2020-21. No curso 2022-23, a taxa de abandono ascende lixeiramente, con 11,76. Esta taxa está por debaixo da taxa das restantes titulacións da facultade de Xeografía e Historia.

e) A taxa de graduación global (IN37M) seguiu unha traxectoria coherente coa taxa de abandono global: pasa do 73,68% no curso 2015-16, ao 95% no 2016-17 e 75% no 2017-18, e 90% en 2018-19 e sigue mellorando no curso 2019-20 co 94,44%. Non hai datos para o curso 2020-21 por ser o primeiro ano da 4ª edición, pero para a 3ª edición é o 78,95%, e nos curso 2021-22 e 2022-23 volveu a baixar un pouco a 73,68% e 70,59% respectivamente, relacionado isto coa taxa de abandono que se mencionou no punto anterior, e que podería ser un efecto prolongado da pandemia, como se comentou anteriormente. Tamén podería ser consecuencia de circunstancias persoais dos estudiantes.

| | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total (%) (IN37M)** | **-** | **73,68** | **95,00** | **75,00** | **90,00** | **94,44** | **-** | **73,68** |

f) O tempo medio que empregan os estudantes en superar o Máster (IN38M) recuperouse paulatinamente, pasando de 1,25 anos en 2015-2016 a 1,71 no 2016-17 e, de novo, a 1,29 no 2017- 18, sendo en 2018-19 de 1,38 e no curso 2019-20 dun 1,33, baixando un pouco máis en 2020-21 a 1,09. Situándose bastante ben fronte a outros másters que poden alcanzar ata 3 anos a duración media, entre eles o último ano da 3ª edición do master de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade que acadou 2 anos de media de duración do estudio da titulación (por pandemia). No curso 2021-22 volta aos tempos da terceira edición que rondan o ano e medio (1,57), índice que parece manterse, cun lixeiro incremento, no curso 2022-23 (1,76).

| | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total (IN38M)** | **1,00** | **1,24** | **1,71** | **1,29** | **1,38** | **1,33** | **1,09** | **1,57** |

Habitualmente a prolongación de máis dun ano para o desenrolo do curso académico é sempre debido á dificultade dalgúns alumnos para terminar o TFM dentro do ano previsto. Problemática que no curso 2019-20 fíxose máis complexa polo COVID19, que provocou que unha boa parte dos estudantes defendera o TFM o mes de setembro e no curso seguinte. O encerro obrigado pola pandemia e a situación sanitaria complicou o desenrolo normal do curso e provocou situacións persoais limitantes (relacionada coa saúde física e psicolóxica). No curso 2020-21 mellorou en xeral a situación, pero vemos que se volve un pouco á dinámica precedente no curso 2021-22 e 2022-23: o TFM deixase habitualmente para defender no curso

seguinte. En conclusión, as taxas de resultados mostran unhas porcentaxes ben situadas en relación ca media da USC e mantéñense nunhas porcentaxes moi elevadas e estables. Neste sentido, considérase que a calidade e o éxito do Máster quedan demostrados con resultados cuantitativos. Así mesmo, aos devanditos resultados positivos contribúe de forma decisiva o grao de implicación, a atracción que proporciona o carácter práctico profesionalizante e investigador dos estudos, o sistema de titorías, control e seguimento que se efectúa sobre o alumnado e a dedicación, constancia e dispoñibilidade do profesorado, entre outros factores.

**Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3)**
Temos o dato para o curso 2021-2022 da satisfacción xeral dos egresados coa titulación, que acada un valor de 3,55 (IN42G). Consíderase satisfactorio, aínda que non temos aínda criterios de comparación polo proceso de implantación desta nova edición do Máster.

**Máster Interuniversitario en Historia Moderna: Monarquía de España Séculos XVI-XVIII**
O Máster, que se implantou no curso 2015-2016, é interuniversitario entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade Autónoma de Madrid e a Universidade de Cantabria. Obtivo a renovación da acreditación en 2019. O programa formativo está actualizado e se incorporan os avances no coñecemento e na investigación en Historia Moderna para facilitar a adquisición dos resultados de aprendizaxe previstos por parte do alumnado.
As guías docentes adecuanse aos criterios establecidos na Memoria do título e actualízanse todos os anos. https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/artes-humanidades/master-universitario-historia-moderna-monarquia-espana-seculos-xvi-xviii Conta con mecanismos de coordinación docente horizontal e vertical entre materias e centros, a partir das tres comisións de coordinación da UAM, UC e USC, e da comisión académica interuniversitaria. As reunións realízanse de maneira presencial e online. A causa das restriciós pola COVID-19, algunha das decisións da comisión da USC tomáronse mediante consulta telemática, como pode verse nas actas correspondentes. A coordinación xeral do título corre a cargo dunha das tres universidades cada dous cursos. Os acordos de toda as comisións rexístranse en actas.
As PAE son coordinadas por un profesor do título. O procedemento permite acadar os resultados asociados ás practicas. As PAE non se viron afectadas pola COVID-19 por desenvolverse antes do mes de marzo.
Indicadores de demanda: Matriculados, 11 alumnos (IN02M), dos que 8 foron de novo ingreso (IN03M). A nota media de acceso dos alumnos foi de 6,86 (IN06M), moi semellante a´dos cursos anteriores (7,5 no 21-22, 6,74 no 20-21, e 7,3 no 19-20). Todos os matriculados tiñan unha puntuación igual ou superior a 6 (IN07M) A porcentaxe de alumnos extranxeiros foi do 36,35% (IN08M). O 9,09% do estudantado nacional é de fora de Galicia (IN09M). A taxa de ocupación foi do 80%, superior ás dos cursos anteriores (IN12M). O porcentaxe de matriculados que son titulados da USC foi do 45,45%, algo superior ao do curso 2021-2022 (41,76%), en ao do curso 20-21 (33,33%), e algo por debaixo do acadado nos cursos anteriores, agás o 2017-2018 (28,57%) (IN13M).
- Indicadores de resultados: Nas taxas deste curso influíron diversas circunstancias persoais dos alumnos, que deben terse en conta para avaliar os resultados baixos en comparación cos dos cursos anteriores. Taxa de rendemento, 75,51% (IN34M). Taxa de avaliación, 75,55% (IN36M). Taxa de éxito, 97,37% (IN35M). Taxa de graduación, 50% (IN37M). Duración media dos estudos, 1,5 (IN38M). Taxa de abandono, 37,5% (IN41M). Taxa de éxito dos egresados, 94,74% (IN50M) e taxa de eficiencia 90% (IN53M). O factor que inflúe nos valores acadados nestas taxas, como as de éxito e eficiencia, é o atraso na lectura do TFM; a súa defensa deixouse nalgúns casos para o curso seguinte.
- As taxas da Universidade Autónoma de Madrid e da Universidade de Cantabria, tendo en conta as acadadas nos cursos anteriores, cabe pensar que foron moi similares. Non contamos neste momento cos informes das dúas universidades..
- Satisfacción do alumnado coa docencia recibida, 3,76 (IN46M); é algo inferior á dos cursos anteriores: 4,37 no 2021-2022; 4,12 no 2020-2021; e 4,71 no 2019-2020. A taxa de resposta na enquisa (IN48M) foi do 20%, algo máis alta que a do curso 2021-2022 (18,18), e máis baixa que no curso 2020-2021 (33,33).
O perfil de ingreso do estudantado é coherente co perfil establecido na Memoria. Os alumnos matriculados no curso 2022-2023 proceden de títulos de Grao en Historia e de outros da área de Humanidades. As actividades formativas que se organizan facilitan a adquisición de competencias e coñecementos por parte de los alumnos.

**Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3)**
Non contamos co valor do grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación para o curso 2022-2023 (IN42M). Os cursos anteriores acadou 3,55 (2021-2022), algo superior ao do 2020-2021 (3,26), valore spor debaixo dos do curso 2016-2017, que foi de 4,29, e do curso 2017-2018 que foi de 4.5.

**Máster Interuniversitario en Desafíos das Cidades**
Durante o primeiro curso 2022-2023, a oferta formativa corresponde co indicado na memoria de verificación. As actividades académicas, as metodoloxías docentes, os sistemas de avaliación e a cualificación correspóndense con todo o indicado na memoria do título. Os docentes basean a súa actividade no establecido na memoria do título, porque é a principal ferramenta de coordinación para un Máster interuniversitario e interrexional. É, sen dúbida, unha referencia esencial para o bo funcionamento do título.
Os/As docentes de cada materia coordinan as súas actividades en función dos seus obxectivos, establecendo traballos e grupos que consideran axeitados para a correcta adquisición das competencias formativas.
En canto á mobilidade, a pesar de poder gozar do proxecto IACOBUS, ata este momento ningún/a alumno/a gozou deste programa. A tal fin pódese dicir, que a mobilidade eurorrexional é unha tarefa pendente para un mestrado deste tipo. Quizais, un dos problemas sexa principalmente o asunto económico. Doutra banda, cabe mencionar a mobilidade entre os centros do SUG.
Indicadores de demanda, Aínda que o acceso a este Máster ten unha serie de criterios de admisión que se aplican segundo un baremo establecido e común pola CA interuniversitaria, no caso de matricúlalas anticipadas, os/as coordinadores/as das universidades do SUG, non temos a posibilidade de avaliar este alumnado. O resultado desa modalidade de acceso é un tratamento máis favorable para o alumnado de matricula anticipada, baremado só en función do seu título de acceso, sendo iso un modelo menos competitivo. Nese sentido, como amosa o indicador IN13M a Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC é do 66.67%, e o IN18M confirma que a Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados é igual a 0.
Máis en concreto, a titulación de procedencia dos estudantes (I2. Número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia (USC) é: 1 Graduado en Ciencia Política e da Administración pola Universidade de Santiago de Compostela; 1 Graduado en Enxeñaría Civil pola Universidade de Santiago de Compostela 1; 1 Graduado `por Resolución reitoral de equivalencia.Non se esixen complementos de formación.
No curso 2022-2023, como amosa o indicador IN06M, a Nota media de acceso por preinscrición, é 6. Pola súa banda, o indicador IN07M amosa que a Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis é igual ao 50%.
Como está establecido pola memoria do Máster Interuniversitario, cada Universidade oferta 6 prazas (N01M Prazas ofertadas). Das 6 que lle tocan á USC, o indicador IN02M Matrícula global informa que se cubriron 3. As mesmas coinciden con: IN03M Matrícula de acceso: 3 e IN04M Matrícula de novo ingreso por preinscrición: 3, cunha IN12M Taxa de ocupación do 50% (como xa indicado). No tócante á procedencia do alumnado, no caso do curso 2022-2023, a situación é a seguinte:
- IN08M Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados: 0.0
- IN09M Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados: 0.0
- Indicadores de resultados.

| Código_IND | Nome_IND | Valor Título | Media Área | Media USC |
|---|---|---|---|---|
| **IN34M** | Taxa de rendemento (%) | 80 | 85,34 | 88,67 |
| **IN35M** | Taxa de éxito (%) | 100 | 97,17 | 98,70 |
| **IN36M** | Taxa de avaliación (%) | 80 | 87,94 | 89,85 |

Polo que se refire aos indicadores de resultado, o titulo mostra un valor do 80% en taxa de rendemento (IN34M) e un 100% en taxa de éxito (IN35M). A taxa de avaliación (IN36M) presenta o mesmo valor que a taxa de rendemento: 80%.
Segundo o INF 19 Informe de taxa de avaliación dás materias do plan de estudos, das 15 materias impartidas, 9 presentan unha taxa de avaliación do 100%, 4 do 66,67 % e dúas materias teñen unha taxa de avaliación do 50%;
Segundo o INF 17, a de taxa de éxito dás todas as materias do plan de estudos é do 100%;

Segundo o INF18, a taxa de rendemento dás materias do plan de estudos presenta valores diferentes: 9 materias presentan o 100%, no caso de 4 materias, a taxa de éxito é do 66,67% e nas restantes 4, a taxa de éxito é do 50%;
Segundo o INF 19 - Informe de taxa de avaliación dás materias do plan de estudos, das 15 materias impartidas, 9 presentan unha taxa de avaliación do 100%, 4 do 66,67 % e dúas materias teñen unha taxa de avaliación do 50%.
Eses resultados se deben a que, ao longo do curso, unha alumna decidiu deixar os estudos. Esta decisión xustifica tamén os NP no INF 15 - Informe de cualificacións dás materias do plan de estudos.

**Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3)**
Contamos soamente co Informe de Satisfacción do profesorado coa titulación, rexístrase unha participación moi baixa: 22.22%, por iso é polo que a súa valoración global do 3.24 non pode considerarse significativa.

## Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

**Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
  - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
  - Admisión do alumnado (acción de captación).
  - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
  - Orientación académica (plan de acción titorial) e profesional.
  - Mobilidade.
  - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
  - Avaliación da aprendizaxe
  - Prácticas externas.
  - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
  - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Toda a normativa de xestión académica da USC así como o regulamento para a súa tramitación pode consultarse a través da súa web, tanto a nivel de grao como de máster.

Igualmente están dispoñibles as memorias de todos os títulos impartidos na Facultade de Xeografía e Historia, así como outra normativa xeral de interese para todos os sectores do Centro, como a normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES, normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións, normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster na USC, convocatoria de fin de carreira para as titulacións adaptadas ao EEES, normativa de recoñecemento de créditos ao abeiro do artigo 12.8 do RD 13/93/2007, normativa de transferencia e recoñecemento de créditos, regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster e o regulamento de prácticas académicas externas.

Na páxina web da Facultade de Xeografía e Historia tamén se pode consultar a normativa propia (desenvolvida segundo as directrices da USC) directamente relacionada cos procesos de ensinanza/aprendizaxe que se desenvolven no Centro, como os regulamentos de Traballo de Fin de Grao dos títulos impartidos..

Os procesos clave (PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación, PC-02 Planificación das ensinanzas, PC-03 Apoio aos estudantes, PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas e PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas) e os protocolos do SGC están deseñados para garantir o desenvolvemento das ensinanzas nos títulos impartidos e, xunto cos indicadores de satisfacción, facilitan o seguimentos dos títulos e do Centro. A información sobre os distintos procesos que permiten garantir a aprendizaxe e a avaliación do alumnado actualízase continuamente e ponse a disposición dos distintos usuarios na web da USC, no caso dos Graos en Xeografía e Ordenación do Territorio, Grao en Historia e Grao en Historia da Arte, e en webs propias no caso dos títulos de Máster Máster Oficial Interuniversitario en Historia Contemporánea, Máster Oficial Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüedade; Máster Oficial Interuniversitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte; Master Oficial Interuniversitario en Historia Moderna: Monarquía de España Séculos XVI-XVIII, Máster Interuniversitario en Desafío das Cidades.

**Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio (2ª edición) (implantación do 3º curso en relación co proceso de extinción do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio (1ª edición)**

**Admisión do alumnado**

A titulación non conta cun perfil de acceso específico, se ben existe unha recomendación de que os alumnos cursen o Bacharelato de Ciencias Sociais (https://www.usc.gal/es/estudios/grados/ciencias-sociales-juridicas/grado-geografia-ordenacion-territorio-2a-ed), se destacan unha serie de cualidades coma a capacidade de observación, análise, interpretación y síntesis, o interese polas novas tecnoloxías, a sensibilidade social e ambiental ou o traballo en equipo. Ainda que non existen datos oficiais a través de enquisas coñécese que 56% do alumnado provén do Bacharelato de Humanidades

e CC. Sociais, e un 28% do de Ciencias e Tecnoloxía. Pese a atoparse unha elevada carga de formación técnica, o alumnado matriculado amosa unha moi boa resposta en xeral aos requerimentos da titulación.
Mantense un certo problema de descoñecemento da realidade do Titulo. Polo tanto, é importante potenciar a divulgación da Titulación, e mellorar a captación de alumnos procedentes de otras modalidades de Bacharelato. Para elo persoal docente do Titulo está a participar en actividades de divulgación en diversos Centros de Ensino secundario, a través do Programa A Ponte da USC, ou a través de contactos particulare

**Aplicación de normativas predefinidas**
A normativa de permanencia e a de transferencia e recoñecemento de créditos, establecidas pola USC, aplícase correctamente. Non houbo recoñecemento de créditos por actividades no caso do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio no curso 2021-2022.

**Orientación académica (común para todos os títulos de Grao do Centro)**
Todos os servizos de orientación académica e profesional, así coma os de atención (documentación, cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes,..) tanto da USC coma na propia Facultade permiten ao alumnado orientarse en todolos aspectos académicos. A participación da Coordinación de Grao e de Cursos tamén mantén unha boa comunicación neste senso.
A información sobre o programa "A ponte entre o ensino medio e a USC", organizado mediante charlas de profesores dirixidas á alumnos de bacharelato nos seus centros de ensino, información completada cunha presentación multimedia e con orientacións sobre o procedemento de matrícula, está dispoñiible na web do centro.
Fonte: http://www.usc.es/es/perfis/futuros/aponte/
Unha vez matriculados, os novos estudantes contan dentro do Programa A Ponte, coa figura de alumnos titores, que lles facilitan a súa integración na Universidade.
Fonte: http://www.usc.es/es/perfis/futuros/aponte/cursotitores.html
Toda a información sobre as actividades de orientación atópase contida no Plan de Acción Titorial do Centro

**Programas de mobilidade**
Atendendo aos datos do Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio (1ª ed.), nos últimos cursos apréciase unha tendencia á alza. No ano de implantación a titulación recibiu un 6.06 % de alumnos procedentes de programas de mobilidade (IN18G), aumentando dende o curso 2019/20 e a valoración dos alumnos saíntes foi 3,43% (IN15G).

**Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe**
A docencia adáptase ao establecido na Memoria en todo o referente ao seu desenvolvemento docente e de avaliación. Os estudantes acadan as competencias e coñecementos requeridos. O tamaño dos grupos é en xeral axeitado para as actividades formativas aínda que nalgunhas Materias do Módulo Técnico con docencia interactiva de tipo esencialmente instrumental, serían dexesables grupos máis reducidos.
Na Titulación xoga un papel especial a programación das Prácticas de Campo, que sempre se realiza tentando potenciar a coordinación entre diferentes materias. A maioría realízase de xeito coordinado entre profesores de materias diferentes, conseguindo asi entrelazar contidos, favorecendo asemade a interrelación entre estudantado de diversos cursos. Por ista razón, o calendario de prácticas optimízase en cada cuatrimestre evitando o solape de datas tanto. Con respecto ao curso 2020-21, continúa a incrementarse o número de horas de Prácticas de Campo (un 65% das materias levaron a cabo Prácticas de Campo).
Existe consenso entre o equipo docente en incrementar no futuro as horas de Prácticas de Campo e que estas sexan recoñecidas como actividades docentes esenciais na Titulación, o que tratará de abordarse nas modificacións pertinentes.

**Avaliación da aprendizaxe**
Todas as actividades, tecnicas e metodoloxias que se empregan na docencia do Grao Xeografia e Ordenacion do Territorio asi como os sistemas de avaliacion que se seguen, estan vencelladas as competencias que o alumnado debe obter en cada unha das materias da titulacion e nos seus respectivos cursos. A informacion referida a estes aspectos especificanse nas programacions das diferentes materias, no que figuran os obxectivos, contidos, bibliografia, competencias, metodoloxia do ensino-aprendizaxe, sistema de avaliacion, tempo de traballo e recomendacions que o alumnado acada coa superacion das

mesmas
A organización en Módulos segue un criterio definido e ordenado, mantendo una secuenciación nos contidos e nas técnicas de análise. A iste respecto puxéronse en marcha reunións de coordinación dos docentes do Módulo Teoría, Métodos e Técnicas Instrumentais para reforzar a progresividade dos contidos.

**Prácticas externas**
Non existen datos sobre as PAE

**Traballos de Fin de Grao (TFGs)**

A organización en Módulos segue un criterio definido e ordenado, mantendo una secuenciación nos contidos e nas técnicas de análise. Así, o feito de que estas competencias estean encadeadas ao longo dos anos da formación, aparece reflectido no número TFG presentados (10 en 2022-23) que o alumnado defende en tempo e forma, acadándose unha porcentaxe significativa en relación cos matriculados no derradeiro anohttps://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/tfg/traballos-presentados .
A Taxa de Rendemento, despois da contracción experimentada no curso 2021 no contexto de recuperación postpandémico (59,81%), mantén unha tendencia á alza, acadando o 75,88% no curso 2022-2023 (IN34G). Igual tendencia amosa a Taxa de Éxito, cun resultado moi significativo do 86,289% (IN35G), e a Taxa de Avaliación -relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados- co 86,28% no 2022-23 (IN36G).

https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/tfg/traballos-presentados

A información específica da Titulación sobre Traballos de Fin de Grao se atopa disponible na web da Facultade https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/tfg, así coma os Regulamentos actualizados.

**Resultados do título**
A Taxa de Rendemento, despois da contracción experimentada no curso 2021 no contexto de recuperación postpandémico (59,81%), mantén unha tendencia á alza, acadando o 75,88% no curso 2022-2023 (IN34G). Igual tendencia amosa a Taxa de Éxito, cun resultado moi significativo do 86,289% (IN35G), e a Taxa de Avaliación -relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados- co 86,28% no 2022-23 (IN36G).

**Resultados das materias**
En canto ás materias implantadas que se corresponden aos tres primeiros cursos implantados, percíbese un axuste xeral do porcentaxe de superación das materias. Os datos do curso 2019-2020 e do curso 2020-2021 están alterados polas consecuencias do período de confinamento, polo que os datos do curso 2021-2022 a pesar das circunstancias da pandemia, son moito máis acordes coas tendencias xerais dos títulos da USC. A taxa xeral móvese entre os parámetros esperables: soamente 8 materias están por debaixo da taxa de éxito do 80%. .

**Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe**
O grao de satisfacción xeral coa titulación é coma noutros indicadores é moi variable, con cursos con notas por debaixo de 3 (2.7 en 2015-16, 2.41 en 2018-19) pero acadando unha puntuación de 3.32 no curso 2021-22 (IN42G). Lamentablemente nos temos a disposición o indicador correspondente a este ano. Este feito contrasta, sen embargo, coa alta satisfacción do alumnado coa docencia recibida, con notas sempre por riba do 4 (4,15 no curso 2022-2023, IN46G).
Non obstante, os valores que acabamos de ofrecer temos que tomalos con cautela, pois é moi preocupante a falta de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción, pois descendeu desde o 55,56% no curso 2020-2021 en case o 50% con respecto ao que estamos a tratar (27,72%, IN48G). Un tema que foi obxecto de atención na Xunta de Facultade e que está a ser tratado polo equipo decanal do Centro cos representantes do estudantado. Unha desgana que tamén está a afectar en certa medida ao profesorado, sobre todo polo elevado número de materias encargadas, sen entrar no encargo

lectivo en créditos, o que pode explicar a tendencia lixeira a baixa, situándose por debaixo do 4% (3,99 IN47G).

**Grao en Historia**
**Admisión do alumnado**
O grao de Historia non esixe formación previa específica de ingreso, aínda que se recomenda que a formación do alumno sexa de perfil humanístico.
Na práctica o perfil dos alumnos axústase ao nivel requerido para iniciar os estudos e o progresivo incremento da nota media de acceso por preinscripción que se ten producido nos últimos anos reforza a idoneidade do alumnado matriculado.
Polo demáis, o grao de Historia participa da política xeral de acceso á Universidade dunha serie de colectivos previamente definidos: ademais dos alumnos que realizan as PAAU, alumnos procedentes de FP2/Módulos Profesionais/Ciclos formativos de Grao Superior, Titulados Universitarios, Maiores de 25 anos, Maiores de 40 anos, personas con discapacidade e deportistas de alto nivel. Fonte: http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/drispra.html.

**Aplicación de normativas predefinidas**
A normativa de permanencia e a de transferencia e recoñecemento de créditos, establecidas pola USC, aplícase correctamente.

**Orientación académica** (común para todos os títulos de grao do Centro)
Toda a información sobre as actividades de orientación atópase contida no Plan de Acción Titorial do Centro

**Programas de mobilidade**
Polo referido á participación do alumnado en programas de mobilidade, cabe sinalar que no curso 2019-20 se rompeu a tendencia á alza de anos anteriores na porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN18G), evidentemente por mor das circunstancias derivadas da crise do Covid-19. En concreto no caso do Grao de Historia representaron unicamente o 2,43% sobre o total de matriculados cando no curso 2018-19 foran o 3,83 e no 2017-18 o 2,65.No 2020-21 o % seguíu baixando, ata o 2,38, pero para o curso 2021-22 pódese falar dun efecto rebote co 4,44. Sobre os alumnos que participan en programas de mobilidade sobre os matriculados non temos datos dende 2018, cando era do 2,47 (IN17G), pero os indicios van na liña dunha recuperación como mínimo dese nivel.
Boa mostra dos efectos derivados da revisión do SGC é a mellora rexistrada nalgúns elementos do Grao, como revelan o índice de Satisfacción dos estudantes cos programas de mobilidade, que pasou do 2,88 do curso 2017-2018 ao 3,67 do curso 2018-2019 (IN15G) ó 4,51 do 2020-21 (no curso previo non houbo debido á Covid). O curso pasado descendeu a 3,42, o que para o programa erasmus podemos especular que se debe en parte ós cambios na unificación dos procedmentos administrativos a escala europea.

**Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe**
As guías docentes das materias inclúen, ademáis dos contidos, a metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe e a avaliación das competencias (básicas, transversais e específicas). Estas metodoloxías docentes están en continua revisión e actualización polo profesorado, e cada ano son revisadas polos coordinadores de curso e de grao, e aprobadas polas Comisións de Título e de Calidade no momento da aprobación das programacións.
As metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación e cualificación correspóndese co establecido na memoria de verificación e permiten a consecución das competencias, tal e como pode comprobarse no programa das respectivas materias, no que figuran as correspondentes competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación.
https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/artes-humanidades/grao-historia
O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativa. Na media de alumnos por grupo de docencia interactiva acádase un rexistro de 29,44, case como hai dous anos 28,99 (en 2019-2020 foran 26,82 e en 2020-21 31,32 vs 22,5 de media da USC(IN32G). Pola súa banda, para o número de alumnos por grupos de teoría (IN31G) o derradeiro dato dispoñible era para o curso 2017-18 (53,81) (IN31G), mentres no caso das materias optativas eran 24,18 no 2019-20, 47,82 no 2020-21, 28,99 no 2021-22 e 40,36 no pasado (IN56G). A ratio alumnos/profesor a tc (in30G) era de 9,4 no curso 2015-16, o dato máis recente que temos..

**Avaliación da aprendizaxe**
As metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación e cualificación correspóndese co establecido na memoria de verificación e permiten a consecución das competencias, tal e como pode comprobarse no programa das respectivas materias, no que figuran as correspondentes competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación.
**Fonte: https://www.usc.gal/gl/centros/xeohistoria/programas.html?plan=12651**

**Prácticas externas (común a todas as titulacións do centro, ver o apartado no Gran en Xeografía e Ordenación do Territorio)**

**Traballos Fin de Grao (TFGs)**
Polo referido aos seus resultados, cabe sinalar que no 2019-20 matriculáronse 103 tfg e defendéronse 82 tfg (daquela o 80%), cun só suspenso (99% de aprobados). No 2020-21 defendéronse 81 tfg, todos eles aprobados, con 2 con 6.00 ou inferior (2,4%) e 67 con nota 8.00 ou superior (82,7%). Defendéronse 81 de 116 traballos matriculados (69%). No 2021-22 defendéronse 74 tfg de 111 matriculados (66%), todos eles aprobados. No 2022-23 defendéronse 84 de 138 matriculados (61%), todos eles aprobados, tres con 6 ou menos e 68 con oito ou máis.
Fonte: https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/tfg/traballos-presentados

**Resultados da aprendizaxe**
Os resultados de aprendizaxe son satisfactorios, por canto a taxa de rendemento (IN34G) do grao de Historia chegara no curso 2019-2020 ao seu máximo ata o momento co 90,47%. Sen embargo no 2020-21, probablemente polas circunstancias da pandemia, retrocedeu ata o 82,97 e no 2021-22 non mellorou (82,34). No 2022-23 acadou o 84,17. En consonancia con esta situación, a taxa de éxito (IN35G) tamén empeorou no 2020-21, pasando do 96,01 no curso 2019-2020 ó 89,2, no 2021-22 medrou só lixeiramente (89,79) e no pasado chegou ó 91,46.
Finalmente, a taxa de avaliación (IN36G) no 2019-20 era do 94,71, no 2020-21 do 93,21, no 2021-22 do 91,7 e no pasado de 92,03.
No mesmo sentido, é importante considerar tamén a positiva evolución dos resultados dos TFG, tal e como se indicou no apartado 1.5.

**Resultados por materias**
En canto ás materias percíbese un axuste xeralizada dos resultados transversal no conxunto da titulación e en todos os cursos. Os resultados das materias acadaron cifras extraordinariamente elevadas que superaban o 90% en termos xerais Estes datos contrastan cos do curso 2018-2019 e anteriores, onde o número de materias que non acadaban o 90% era claramente superior (18 de media nos cursos anteriores). No curso 2021-2022 as cifras de materias normalizáronse: 16 materias non acadaron o 90% ou máis. No caso do curso 22-23 esta cifra foi algo máis baixa: 11.

**Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe**
Os índices de satisfacción dos diversos grupos de interese do grao de Historia son en conxunto positivos. Así, o grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación está dende 2012-2013 por enriba do 3. No 2019-20 foi de 3,67 e no 2020-21 3,39, baixando lixeiramente (3,32) no 2021-22, pero o escaso número de enquisas resta valor ó dato e non temos o dato recente (IN42G).Estase tentando incentivar a resposta ás enquisas por distintos medios. A satisfacción do alumnado coa docencia recibida amosa unha imaxe moi favorable. No curso 2018-2019 chegou ó máximo ata o momento, un 4,08 (IN46G). No 2019-20 baixou ó 3,81, no 2020-21 foi do 4,03, no 2021-22 do 4,01 e agora do 4,26. A satisfacción do profesorado coa docencia impartida tamén amosa unha boa evolución, por canto no curso 2019-20 era de 3,86 (IN47G), no 2020-21 3,75 e nos dous últimos cursos 4,1 (respondendo apenas un terzo do profesorado aínda que en tendencia ascendente). Un dato preocupante é a evolución da taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia, que era no 2020-21 do 32,55 e malia os esforzos só subíu no 2021-22 ata o 34,89 e o pasado foi de 18,16 (IN48G). Semella haber de fondo unha falta de confianza en que a opinión expresada teña reflexo práctico, o que limita dun canal fundamental de comunicación co alumnado.Os programas de mobilidade, pola súa banda, mostran un alto grao de satisfacción dos estudiantes saíntes, que era no 2020-21do 4,51, non temos o dato de hai dous anos polo covid (IN15G). Sen embargo o

pasado baixou a 3,42. Resulta rechamante o grao de satisfacción dos estudiantes coas prácticas externas, indicador do que non se dispuña dende o 4,39 no curso 2016-2017 e que acadou un 5 hai dous cursos e 4,32 no pasado (IN19G). Non hai datos recentes para os titores (IN20 e 21). As PAE no 2022-23 foron realizadas por 46 alumnos (dezaseis máis que o curso anterior), obtendo todos sobresaínte agás cinco notables e dous suspensos.

**Grao en Historia da Arte**
**Admisión do alumnado**
O Grao en Historia da Arte non conta cun perfil propio de acceso específico, de modo que se aplican os criterios xerais de admisión da USC. Con todo, a pesar desta circunstancia, a titulación si conta cunha serie de recomendacións para os estudantes prospectivos. Estas defínense dentro dun perfil humanístico no que serían aptitudes relevantes a sensibilidade estética, a capacidade para percibir o devir histórico, a capacidade de razoamento lóxico, o gusto pola lectura, a música e a contemplación da obra de arte, e a capacidade para establecer unha relación entre os feitos históricos e o contexto actual.
O feito de que se apliquen para o ingreso os criterios xerais establecidos pola USC ofrece a posibilidade de acceso á titulación a alumnos que proceden de diversos colectivos (EBAU e FP2/ Ciclos formativos de Grao superior/ Titulados universitarios/ Maiores de 25 anos/ Maiores de 45 anos) que ingresan con diferentes notas de corte (https://www.usc.gal/es/servizos/oiu/acce.html ). Con todo, a pesar desta procedencia dispar, o título non conta con ningún sistema de adaptación ou nivelación dos coñecementos dos alumnos, de modo que o procedemento de nivelación prodúcese de forma gradual ao longo do primeiro cuadrimestre do primeiro curso.

**Aplicación de normativas predefinidas**
A normativa de permanencia e a de transferencia e recoñecemento de créditos, establecidas pola USC, aplícase correctamente.

**Orientación académica**
Toda a información sobre as actividades de orientación atópase contida no Plan de Acción Titorial do Centro

**Programas de mobilidade**
Polo que se refire á mobilidade dos alumnos no programa SICUE, no curso 22-23 desprazáronse 11 alumnos do Grao de Historia da arte, un máis que o curso pasado. En canto ao programa Eramus, participaron neste curso 7 estudantes, o que supón un descenso fronte aos 10 alumnos do curso anterior. Ningún estudante acolleuse tampouco neste curso 22-23 ao convenio bilateral.
Polo que corresponde á porcentaxe de estudantes recibidos pola USC por mobilidade, no curso 22-23 recibíronse 18 estudantes en total: 11 doutras universidades españolas, do programa SICUE, 6 estudantes doutras universidades europeas acollidos ao programa Erasmus e un estudante de convenio bilateral procedente de América do Sur (Brasil). A mobilidade saínte do alumnado aumentou considerablemente en ambos os programas, e estase normalizando a mobilidade entrante de alumnos, que subiu no caso do programa Erasmus.

**Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe**
Por outra banda, obsérvase que o número de alumnos das materias obrigatorias e de formación básica, como é lóxico, non só segue sendo elevado, senón que se aprecia un considerable aumento. Neste sentido, a media por grupo de expositivas no curso 22-23 sitúase en 82,35 fronte ao 66,90, do curso anterior (IN55G). Por outra banda, a media de alumnos por grupo teórico nas materias optativas sitúase neste curso en 31,42 o que supón un incremento de dous puntos fronte aos 29,42 do curso anterior, unha cifra aínda baixa en relación cos cursos previos que indica que aínda hai un certo equilibrio na elección do alumnado (IN56G). Polo que se refire aos grupos de interactivas, a media de alumnos é de 27,15, o que volve supoñer un aumento en relación co 25,59 do curso 21-22, o que indica unha tendencia que nos volve a achegar aos valores do curso 20-21 que se situaban nun 27,34 (IN32G). Os indicadores a este respecto perderon a tendencia ao descenso que se produciu no curso anterior.

**Avaliación da aprendizaxe**
Todas as actividades, metodoloxías e sistemas de avaliación das materias que integran o Grao de Historia da Arte

relaciónanse coas competencias que figuran na Memoria do Grao e que os alumnos deben adquirir a medida que superan os sucesivos cursos. A información e os obxectivos que se perseguen están detallados en cada unha das programacións/guías docentes das materias
https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/arteshumanidades/grao-historia-arte

**Traballos Fin de Grao (TFGs)**
Un dos indicadores relevantes destes resultados é o número de TFG que se defenden en cada curso académico. Neste curso 22-23 matriculáronse 102 traballos dos que se defenderon 67, o que supón unha porcentaxe dun 65%, doce puntos máis que o curso anterior que tivo unha porcentaxe dun 53%,. En canto aos resultados, soamente hai un suspenso, o que supón un 98% de aprobados, fronte ao 100% de aprobados do curso anterior. En canto ás puntuacións, un 76% obtivo unha nota igual ou maior que 8, fronte á porcentaxe do 82% do curso 21-22, e só un 4,47% obtivo unha nota inferior ou igual a 6

**Resultados da aprendizaxe**
Outro dos indicadores relevantes neste caso atópase tanto na taxa de rendemento (neste curso 22-23 cun valor de 79,1%: ING34G) como na de éxito (neste curso cun valor de 90,71%: ING35G) e a taxa de avaliación (neste curso 22-23 cun valor de 87,2%: ING36G). As tres indican un tímido aumento: 1 punto porcentual no caso da taxa de rendemento (78,16 no curso 21-22 fronte ao 79,1%no curso que se informa), outro punto no caso da taxa de éxito (89,69% no curso 21-22 fronte ao 90,71% en 22-23) e apenas unhas décimas na taxa de avaliación (87,15% en 21-22 fronte ao 87,2% do curso que se informa).

**Resultados por materias**
En canto aos resultados das materias, na liña do que se ven detectando nas outras dúas titulacións de grao que se imparten no
centro, percíbese no caso do Grao en Historia da Arte unha normalización xeralizada dos resultados transversal no conxunto da titulación e en todos os cursos. Os resultados das materias que non superan o 90% en termos xerais ascende no curso 21-22 a 16 e volve acadar as cifras dos anos anteriores á pandemia. Neste curso 22-23 mantívose na liña: 14. No curso 2018-2019 e anteriores, o número de materias que non acadaban o 90% era significativamente maior (20), fronte as 9 do curso 2019-2020 e 10 do curso 2020-2021. Para explicar este cambio pódese especular coa influencia da pandemia, no sentido de que os criterios de esixencia de determinadas materias puideron terse relaxado.

**Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe**
Polo que se refire aos indicadores que teñen relación coa satisfacción dos actores principais da titulación, neste curso 22-23 non contamos con datos en relación coa satisfacción xeral dos egresados coa titulación que para o curso 21-22 alcanzaron un valor de 3,32, o que supón un certo descenso en relación co valor coñecido do curso 20-21, no que se alcanzou un 3,39. A tendencia en relación con este valor mantívose historicamente en valores ao redor de 3,5 longos, cun valor máis baixo de 2,81 que se produciu no curso 16-17 (IN42G). Pola contra, no aspecto da satisfacción do alumnado coa docencia recibida, que no curso pasado fora dun 4,41 apréciase un ligerísimo descenso alcanzando un valor de 4,26 no curso 22-23 (IN46G), un descenso que parece en consonancia coa baixada do valor en relación coa satisfacción do profesorado coa docencia impartida que baixa do 4,35 do curso 21-22 ao 4,26 do curso que se informa (IN47G).

**Máster Interuniversitario en Historia Contemporánea**

**Admisión do alumnado**
O Máster ten os criterios de admisión propios da USC e das otras 8 universidades públicas do Estado que participan en el. Na páxina web do Máster Interuniversitario está tamén disponible a información relativa ás condición xerais de acceso:

https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/artes-humanidades/master-interuniversitario-historia-contemporanea

Durante o curso 2020/2021, dos 20 alumnos/as de novo ingreso, 18 (90%) procedían da Titulación Grao en Historia, entanto que 2 (10%) procedían doutras titulacións do ámbito das Humanidade. Descoñecemos de cales en concreto ao tratarse de

dúas estudantes chinesas que obtiveron a correspondente "Resolución Reitoral de Equivalencia" para os seus estudos previos.

Non existen complementos de formación nin de nivelación.

**Aplicación de normativas predefinidas**
A aplicación das normativas relacionadas coa permanencia na titulación, cos sistemas de recoñecemento e transferencia de créditos realízase de maneira satisfactoria e de acordo, nesta sede do Máster, co establecido pola USC.

**Orientación académica**
Toda a información sobre as actividades de orientación atópase contida no Plan de Acción Titorial do Centro
Realízase ademais unha sesión colectiva presencial, ao comezo de cada curso académico, de presentación do Máster aos estudantes matriculad@s por parte do equipo de coordinación, así como a elaboración e difusión cada curso (mediante correo electrónico) dunha Guía actualizada do Máster para estudantes e docentes. Recentemente (curso 2020/2021) abriuse unha Aula de coordinación do Máster no Campus Virtual da USC, á que teñen acceso todos os/as docentes e estudantes. Do mesmo xeito creouse un Grupo de Microsoft Teams e celébranse sesións de seguimiento a estes mesmos efectos.

**Programas de mobilidade**
Polo que fai á porcentaxe de alumnos/as estranxeiros/as matriculados no Máster na sede de Santiago de Compostela (IN08M), os datos deste último curso en porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre estudantes matriculados, sen contabilizar aos estudantes matriculados en programas de mobilidade incoming foi de 3,85, resultado mellor que o dos derradeiros anos xa que foron cero. A porcentaxe de estudantes doutras CCAA do Estado sobre o total de matriculados amosa nos últimos cursos unha tendencia claramente positiva, acadando no curso 2022/2023 o seu máximo histórico, cunha taxa do 23,08 (IN09M).

**Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe**
As guías docentes das materias inclúen, ademáis dos contidos, a metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe e a avaliación das competencias (básicas, transversais e específicas). Estas metodoloxías docentes están en continua revisión e actualización polo profesorado, e cada ano son revisadas polos coordinadores de curso e de grao, e aprobadas polas Comisións de Título e de Calidade no momento da aprobación das programacións.
As metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación e cualificación correspóndese co establecido na memoria de verificación e permiten a consecución das competencias, tal e como pode comprobarse no programa das respectivas materias, no que figuran as correspondentes competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación.
Fonte: https://www.usc.gal/gl/centros/xeohistoria/programas.html?plan=12651
Por outra banda, o número de alumnos/as do Máster adáptase correctamente á oferta formativa, tanto polo que fai aos créditos obrigatorios, como aos optativos e ao Traballo de Fin de Máster (TFM). As cifras máis elevadas atópanse nas materias obrigatorias (Ensino en Rede e Ciclo de Conferencias) nas que a media de alumnos/as matriculados por grupo de teoría (IN55M) é de 22,00 para o curso 2018/2019 (a área de calidade da USC non ofrece datos para o cursos 2020/2021 e 2022/2023). O mesmo dato para materias optativas (IN56M) é de 9'23 para grupos de teoría de materias optativas, o que resulta coherente como consecuencia da amplitude da oferta deste tipo de materias. Este dato (IN56M) está, de igual maneira, tan só disponible para o curso 2018/2019. Non hai datos para os cursos 2019/2020, 2020/2021, 2021/22 e 2022/2023.

**Avaliación da aprendizaxe**
Non se detectaron problemas de importancia no relativo á avaliación das materias obrigatorias (Ensino en Rede; Ciclo de Conferencias; TFM) e optativas impartidas na sede da USC deste Máster Interuniversitario. A Comisión Académica de Máster non tivo que intervir, no pasado curso 2022/2023 en ninguna cuestión relacionada con problemas ou desacordos na avaliación.

**Prácticas externas**
Non existen prácticas externas a nivel global. Cada sede/universidade pode ofertalas a través do Máster coa condición de

que sexan extracurriculares. Na USC, polo que fai ao Máster en Historia contemporánea, estase a proceder á elaboración dunha oferta propia de PAEE (Prácticas Académicas Externas Extracurriculares) en colaboración co equipo decanal da Facultade de Xeografía e Historia.

**Traballos Fin de Máster (TFMs)**

Os obxectivos e competencias da titulación se acadan de maneira correcta, tendo en consideración que a defensa e superación dos créditos obrigatorios vencellados ao TFM (20 en este Máster), representa en boa medida unha constatación da satisfacción dos obxectivos e da adquisición das competencias da mesma.

**Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe**

Polo que fai a satisfacción dos/das alumnos/as coa docencia recibida durante o curso 2022/2023, o dato (IN46M) continúa a ser positivo, cun 4,29 sobre 5. Houbo un moi lixeiro descenso con respecto dos datos do curso anterior, 2019/2020, no que o indicador foi de 4.05. Con todo, no curso 2020/2021 non nos temos alonxado en exceso dos 4 puntos, media aproximada dos últimos 6 cursos.

## Máster Interuniversitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte

**Admisión do alumnado**

O máster mantén os criterios de admisión xerais da USC e a ULPGC, xunto coa definición duns perfís de ingreso que, a medida que a demanda foi aumentando, fóronse perfilando co obxecto de aumentar o carácter interdisciplinar do máster. Durante o curso 2022-2023 a procedencia segundo perfil de ingreso presentou unha gran variedade.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CENTRO DE DATOS E PROCESOS
centro.datos@usc.gal

**I2. Número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia (USC) no Máster Universitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte - P5221V01**

| Ano académico | Titulación de procedencia | Num. de estudantes |
|---|---|---|
| 2022/2023 | Título Superior de Música e Danza | 1 |
| | Grao en Belas Artes pola Universidade de Vigo | 5 |
| | Grao en Gestión Cultural pola Universidade de Cordoba | 1 |
| | Grao en Historia da Arte pola Universidade Autónoma de Madrid | 1 |
| | Grao en Historia da Arte pola Universidade de Oviedo | 1 |
| | Grao en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela | 10 |
| | Grao en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela | 3 |
| | Estudos Realizados no Estranxeiro | 3 |
| | Resolución reitoral de equivalencia | 2 |
| | Licenciado en Belas Artes | 2 |
| | **Total 2022/2023** | **29** |

Fonte: Base de datos de matrícula da USC proporcionada pola Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacións(ATIC) actualizada a data fin de ano académico para o curso 2022/23. Están excluídos/as os/as estudantes matriculados/as ao abeiro do programa Erasmus e doutros convenios.

Os criterios de admisión aplicados considéranse adecuados, o mesmo que os prazos de cada unha das universidades recollidos na convocatorias e publicación de admitidos.

Neste sentido débese sinalar que, aínda que o proceso está centralizado e controlado na Oficina de Xestión Académica da USC, o sistema da ULPGC expón un réxime máis vinculado coa comisión académica da ULPGC. Respecto diso, convén indicar que para a admisión de alumnos estranxeiros reiterouse a solicitude pedindo unha revisión dos certificados de idiomas

esixidos a alumnos asiáticos na USC, tras constatarse por queixas de varios profesores a falta de competencia en castelán acorde cun nivel de estudos de posgraduado nos devanditos alumnos.
En canto á procedencia dos alumnos, na USC menos do 50% proceden do grao en Historia da arte da Facultade de Xeografía e Historia (13 de 28 alumnos), o que indica un amplo interese e alta porcentaxe de matrícula en estudantes alleos á principal titulación de procedencia na USC.

**Aplicación de normativas predefinidas**
A aplicación das normativas relacionadas coa permanencia na titulación, cos sistemas de recoñecemento e transferencia de créditos realízase de maneira satisfactoria e de acordo, nesta sede do Máster, co establecido pola USC.

**Orientación académica**
Toda a información sobre as actividades de orientación atópase contida no Plan de Acción Titorial do Centro

**Programas de mobilidade**
Debido ás características do máster como título interuniversitario organizado por dúas universidades do ámbito atlántico, a porcentaxe de estudantes enviados a través de programas de mobilidade mantíñase nun 0% para as dúas universidades, xa que non se contempla esta opción (IN17 M e IN18M).

**Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe**
As guías docentes das materias inclúen, ademáis dos contidos, a metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe e a avaliación das competencias (básicas, transversais e específicas). Estas metodoloxías docentes están en continua revisión e actualización polo profesorado, e cada ano son revisadas polos coordinadores de curso e de grao, e aprobadas polas Comisións de Título e de Calidade no momento da aprobación das programacións.
As metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación e cualificación correspóndese co establecido na memoria de verificación e permiten a consecución das competencias, tal e como pode comprobarse no programa das respectivas materias, no que figuran as correspondentes competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación.
https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/artes-humanidades/master-universitario-xestion-patrimonio-artistico-arquitectonico-museos-mercado-arte

**Avaliación da aprendizaxe**
Non se detectaron problemas graves na aplicación das normativas de avaliación, tanto en materias obrigatorias ou optativas, en TFM ou PAE. Nos casos en que houbo algún tipo de queixa hase resolvido satisfactoriamente, sen ter que intervir a Comisión Académica.
Débese destacar a planificación e coordinación entre o profesorado das dúas universidades, así como o labor de coordinación no caso de profesorado de área externa

**Prácticas externas**
Os resultados da aprendizaxe considéranse adecuados debido a varios indicadores coincidentes. O primeiro sería a satisfacción dos empregadores polas actividades desenvolvidas nas PAE, que en todos os indicadores superan a puntuación de 4 sobre 5, chegando a valorar cun 4.80 a experiencia no contacto cos estudantes. Aínda que estas prácticas foran anuladas no curso 2020-2021 pola situación pandémica, puideron recuperarse no curso 2021-22, participando un total de 17 alumnos na primeira quenda e 11 no segundo.

**Traballos Fin de Máster (TFMs)**
A aplicación das diferentes normativas vinculadas con transferencia, recoñecemento de créditos ou avaliación, veñen realizando de forma completa e satisfactoria. Do mesmo xeito non se detectaron problemas graves á hora da avaliación, tanto en materias obrigatorias ou optativas, en TFM ou PAE. Débese destacar a planificación e coordinación entre o profesorado das dúas universidades, así como o labor de coordinación no caso de profesorado de área externa.

**Resultados da aprendizaxe**
Taxa de rendemento. De modo similar aos últimos cursos, esta taxa situouse nun 82,4 no 2022-23 na USC, cun lixeiro descenso fronte a 89.33 en curso anterior 2021-2022. Tal como vén ocorrendo nos anos anteriores, a tendencia mostra unha dinámica en dentes de serra que, con todo, mantén unha media alta, por encima do 80% (IN34M). Na ULPGC a taxa de rendemento foi de 80,63%.
A taxa de éxito mantense en cifras moi altas, unha 97.54 fronte ao 98.50 do curso anterior (IN35M). Hai que destacar que esta altísima taxa de éxito mantense na ULPGC cun 98,08%, do mesmo xeito que no curso anterior.
A taxa de avaliación baixou a 84,48% na USC con tendencia á baixa do curso anterior que estaba en 89.33% na USC. (IN36-M). Na ULPGC a taxa situouse en 82,21%
A taxa de gradación baixou ata o 78,57%. A tendencia mostra igualmente ascensos e descensos alternantes nos últimos cursos (IN37M).
A duración media dos estudos situouse nun 1,65, lixeiramente superior fronte ao curso anterior en que se situou en 1.5 na USC (IN38M). Na ULPGC a duración é dun, 1,73.
A eficiencia dos titulados ou egresados mantense por encima do 90%, cun lixeiro descenso, xa que unha porcentaxe de 90.74 representa unha baixada de 7 puntos fronte ao curso anterior, 97.75 (IN53M).
Taxa de abandono: en ambas as universidades é de 0 (IN41M).
Satisfacción do alumnado coa docencia recibida: sitúase nun 4.39 na USC, xa por encima do 3.95 do curso anterior (IN46M e INF22).
Taxa de éxito dos egresados. Mantense en cifras moi altas, un 98.50 na USC (IN50M) e 100% na ULPGC.
Taxa de eficiencia: 90.74, un descenso fronte ao 97.75 con respecto ao curso anterior na USC (IN53M) e 89,43% na ULPGC.

**Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe**
Igualmente, a estabilización e madurez alcanzadas no desenvolvemento do Máster corrobóranse nos índices de satisfacción xeral dos egresados coa titulación, nos que se pasou dun 3.55 en 2021-22 a un 4.82 na USC (IN42M). Na ULPGC pasou a un 85,71%. A satisfacción do alumnado coa docencia recibida sitúase nun 4.39 na USC, xa por encima do 3.95 do curso anterior, aínda afectado polas condicións pandémicas (IN46M e INF22).

**Máster Ofical Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüedade**
**Admisión do alumnado**

O compromiso de chegar a 20 alumnos de novo ingreso por ano mantense como obxectivo prioritario, e fanse importantes esforzos para alcanzalo. As xornadas de orientación profesional que organizan as facultades de Xeografía e Historia (USC), de Historia (UVigo) e de Humanidades (UDC) para os alumnos de último curso do grao nas titulacións de Historia, Historia da arte, Xeografía e Xeografía e Historia, e a propia Vicerrecitoría de Internacionalización son unha boa iniciativa, que debería continuar, a pesar de que a asistencia de alumnos non é demasiado elevada.

Neste sentido cabe salientar o interese da realización dunha actividade de promoción do master orientada a futuros estudantes, organizada pola Vicerrectoría de Titulacións e Captación Internacional en febrero de 2022, e a grabación dende o decanato da facultade de Xeografía e Historia de vídeos curtos para a promoción dos masters, nas mesmas datas, co mesmo obxectivo, chegar a potenciais alumnos de todo o territorio nacional, especialmente da zona norte/noroeste e de América do Sur e Mesoamérica. Ademais mellorouse a información da páxina web do título e a información de Facebook. Poderanse utilizar outras redes sociais como ferramentas de difusión (twitter, Instagram, etc.).

Progresivamente, tanto na USC como na Uvigo e na UDC, foise mellorando e aproximando o calendario de matrícula, que antes se solapaba co comezo do curso, o que provocaba certas disfuncións. A progresiva aproximación permite axustar mellor as datas de avaliacións cara ao peche de actas, eliminándose os problemas detectados nos cursos anteriores.

A nota media de acceso segue manténdose por riba do 6, cunha tendencia ascendente (IN07M), sendo a do curso 2021-2022 a máis elevada (7,31). No curso 2022-23 rexistrouse unha lixeira baixada (7,19) de 12 décimas, que en todo caso non resta relevancia á nota media alta de acceso (IN06M):

| | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total (IN06M)** | 6,99 | 7,14 | 6,77 | 7,05 | 7,19 | 7,15 | **6,90** | **7,31** | **7,19** |

No curso 2021-22 houbo unha subida na porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia (IN09M) ao 20,83% (no anterior alcanzou o 10%, aínda que non alcanzou o 22,22% do curso 2018-19), o número de estudantes procedentes da USC pasou do 65% do total ao 45,83% (IN13M). No curso 2022-2023, a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia mudou á baixa (20,00%) (IN09M), e o número de estudantes procedentes da USC continuou subindo ata o 56,67%(IN13M), o que significa que o alumnado da USC interésase por continuar estudos formativos de mestrado na nosa Universidade.

| | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total (%) (IN09M)** | 5,26 | 22,22 | 15,38 | 20,00 | 22,22 | 8,00 | **10** | **20,89** | **20,00** |

| | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total (%) (IN13M)** | 73,68 | 62,96 | 73,08 | 68 | 55,56 | 72,00 | **65** | **45,83** | **56,67** |

Cremos que manter un perfil de ingreso amplo (graduados de diferentes titulacións) contribúe a dar maior riqueza ao título; curso tras curso, constatamos que as cualificacións medias dos alumnos que proceden do grao de Historia son semellantes ou inferiores ás alcanzadas por quen procede doutras titulacións. Así, no curso 2014-15, os alumnos que accederon ao máster desde o grao en Historia obtiveron unha nota media de 8,2, mentres que os do grao en Arte un 7,31. No curso 2015-16 a equiparación foi absoluta (grao en Historia: 7,85; grao en Historia de Arte: 7,89). Nos perfís máis afastados os alumnos obtiveron notas medias claramente superiores 8,38 (licenciatura en filoloxía clásica); 8,5 (grao en Bioloxía) 8,0 (grao en Humanidades); 9,2 (licenciatura en Belas Artes). Hai que ter en conta tamén que o peso da Arqueoloxía e Historia Antiga no grao en Historia é moi reducido (dúas materias semestrais en primeiro e segundo curso), polo que non son necesarios complementos de formación. Pensamos que restrinxir o acceso aos graduados en Historia ou en Xeografía e Historia empobrecería considerablemente o título, e limitaría o enriquecemento de disciplinas como a Arqueoloxía.

**Aplicación de normativas predefinidas**
A aplicación das normativas relacionadas coa permanencia na titulación, cos sistemas de recoñecemento e transferencia de créditos realízase de maneira satisfactoria e de acordo, nesta sede do Máster, co establecido pola USC.

**Orientación académica**
Toda a información sobre as actividades de orientación atópase contida no [Plan de Acción Titorial do Centro]

Respecto a os servizos de orientación académica e profesional, así como de atención ao estudante, resultan axeitados para

dirixilos e orientalos en relación coa súa matrícula, necesidades especiais, cualificacións, certificados, convalidaciones e traslados, etc.; xa que ademais dos servizos xerais da USC e os específicos do campus de Ourense da UVigo, tamén se dispón de programas propios de acollida e apoio ao estudante que lle orientan no funcionamento do Centro/institución e do Máster.

**Programas de mobilidade**
A sede de todas as actividades docentes sitúase en Santiago, polo que cómpre sinalar que o profesorado da Uvigo e o da UDC realiza ou esforzo suplementario de ter que desprazarse a Santiago para impartir a docencia. A UVigo facilita vos medios económicos necesarios para compensar ou prezo do transporte, mentres que a coordinación e a comisión académica do máster tentan deseñar uns horarios que faciliten non posible vos desprazamentos. Con todo, non se exclúe que no futuro, de forma ocasional, haxa que recorrer á videoconferencia.

**Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe**
(Común a todos os títulos do Centro). As guías docentes das materias inclúen, ademáis dos contidos, a metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe e a avaliación das competencias (básicas, transversais e específicas). Estas metodoloxías docentes están en continua revisión e actualización polo profesorado, e cada ano son revisadas polos coordinadores de curso e de grao, e aprobadas polas Comisións de Título e de Calidade no momento da aprobación das programacións.
As metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación e cualificación correspóndese co establecido na memoria de verificación e permiten a consecución das competencias, tal e como pode comprobarse no programa das respectivas materias, no que figuran as correspondentes competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación.
https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/artes-humanidades/master-interuniversitario-arqueoloxia-ciencias-antiguidade

**Avaliación da aprendizaxe**

Seguindo a normativa da USC referida ao nomeamento dun titor da materia de TFM, mantense ao profesor Francisco Javier González García quen desenvolve a súas responsabilidades con gran eficacia. A acción introducida no curso 2017-18 de asignar un titor por cada 3 alumnos non se aplicou porque non contribuía de maneira significativa á mellora da proposta: que os alumnos elixisen pronto o seu tema e titor de TFM.

Así mesmo, tendo presente o informe emitido pola ACSUG no proceso de acreditación do título, a C.A. considerou oportuno introducir no 2018-19 unha acción de mellora consistente en solicitar unha maior concreción ás programacións académicas de cada materia, requisito que se mantén na 4ª edición, tanto no curso 2020-21 como no 2021-22. En concreto, son incorporados os seguintes aspectos:

- Un apartado sobre “prácticas” especificando o número de horas, a súa distribución e a descrición da mesma.

- O apartado sobre avaliación debe indicar: (a) se haberá ou non exame; (b) a definición dos traballos coa maior precisión posible; (c) as datas de entrega dos traballos; (d) a ponderación dos distintos elementos que serven de base para a avaliación. A causa da pandemia a recomendación para todas as materias foi que se realizara na medida do posible unha avaliación continua.

Ademais, a C.A. considerou unha “boa práctica” que as avaliacións de varias materias fixéranse conxuntamente (p. ex., que un mesmo traballo feito en varios módulos sirva para varias materias) e que se facilitase no posible a converxencia coa temática nos respectivos TFM.

A coordinación, tanto entre o profesorado como entre as tres universidades (USC-UVigo-UDC), seguiu sendo excelente durante o curso 2022-23. En conclusión, a través da pluralidade de mecanismos garántese a coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias de formación do plan de estudos (evitando baleiros e duplicidades), incluíndo as Prácticas Externas. En definitiva, todos os ensinos que se imparten responden, en termos xerais, a unha mesma planificación, obxectivos, metodoloxía e resultados.

Finalmente, salientar a constitución de dúas C.C.A.A., unha interuniversitaria e outras locais, por cada universidade,

que foron desenrolándose simultaneamente dende a súa constitución.

**Prácticas externas**

Ademais a USC proporciona subvencións para realizar Prácticas de Campo e saídas de visita, co que se realizaron varias vistas a xacementos arqueolóxicos no curso 2022-23 dentro da Comunidade, a Cidadela (Sobrado dos Monxes), Serra do Barbanza, Boiro e Pedra Castro no concello de Santiago de Compostela.

Finalmente, as Prácticas Académicas Externas (PAE) realízanse nas instalacións das diferentes entidades e organismos que colaboran nesta materia, procurando que os alumnos dispoñan dun lugar adecuado para a súa realización e a adquisición das correspondentes competencias. Nesta 4ª edición debemos salientar que as PAEs convertéronse en obrigatorias, asegurando desta maneira que todos os estudantes podan beneficiarse de elas.

Este ano retornouse ao calendario habitual da USC como á propia oferta das Prácticas, aínda que realizouse unha charla informativa previa á solicitude de praza para informar aos estudantes en profundidade sobre a oferta do curso, e engadiuse unha segunda convocatoria para flexibilizar as opcións de realizar ditas prácticas académicas. Voltáronse a recuperar os espazos cerrados, como museos, que tiveran que anularse no curso 2019-20 por non dispor das condicións adecuadas para o seu desenrolo durante a pandemia, ainda que continúan sendo priorizadas as PAE que implican traballo de campo coa finalidade de completar a formación recibida nas aulas.

Loxicamente o principal problema ao que se enfronta un máster con un perfil de arqueoloxía é a necesidade de recursos para ofrecer prácticas adecuadas. As PAE cumpren só parcialmente con este obxectivo. Unha das mellores vías para resolvelo é a adscrición dun xacemento ao título de forma permanente e por iso iniciamos unha relación de colaboración co concello da Coruña, xa que o castro de Elviña é un xacemento ideal para completar a formación no master. No curso 2019-20 comezouse coa primeira campaña de escavación, orientado á formación dos alumnos en PAE continuando nos cursos 2020-21, 2021-22 e 2022-23 con moito éxito.

Debemos destacar ademais que este ano houbo unha oferta de campo grande e con 2 escavacións contribuíndo a mellorar esta experiencia de campo e 4 museos e una empresa de arqueoloxía.

A relación final das prácticas asignadas para o curso 2022-23 foi a seguinte:

| ALUMNO | EMPRESA | Convocatoria | Titores de empresa | Titores académicos |
|---|---|---|---|---|
| Aboal Barreiro, Carla | Concello de Vilamartín de Valdeorras | 2 | Enrique Álvarez Barreiro | Jose Carlos Sánchez |
| Argibay Ares, Aitana | Museo de Peregrinación, Santiago | 1 | Roberto Aneiros García | Fátima Díez |
| Blanco Bernardo, Adrián | Tempos Arqueólogos, S.L | 1 | Mario César Vila e Francisco Alonso Toucido | Pilar Prieto |
| Fachado Baña, Alberto | Escavación arqueolóxica no Castro de Elviña (A Coruña) | 1 | Marco Rivas Nodar | Javier González |
| Feijoo Sánchez, Carmen | Arquivo Histórico da Catedral de Santiago de Compostela | 1 | Arturo Iglesias Ortega | Jose Carlos Sánchez |
| García de León, Arturo José | Castro de Sta. Tegra (Concello de A Guarda) | 1 | Montse Magallanes | Pedro López Barja |
| García Valladares, Rocío | Concello de Allariz (Escavación arqueolóxica no xacemento de Armeá) | 2 | Juan Antonio Seara Ferro | Adolfo Fernández |
| Leiras Camino, Manuel | Tempos Arqueólogos, S.L | 1 | Mario César Vila e Francisco Alonso Toucido | Pilar Prieto |
| Lino Perales, Adrián | Museo de Peregrinacións de Santiago de Compostela | 1 | Roberto Aneiros García | Fátima Díez |
| López Fernández, Pablo | Engobe Arqueoloxía S.L. | 1 | Roberto Bartolomé Abraira | Pilar Prieto |
| López Viéitez, Iria | Concello de Vilamartín de Valdeorras | 2 | Enrique Álvarez Barreiro | Jose Carlos |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | Sánchez |
| Mauleón García, Amaia | Concello de Vilamartín de Valdeorras | 2 | Enrique Álvarez Barreiro | Jose Carlos Sánchez |
| Pérez Gómez, Sara | Concello de Vilamartín de Valdeorras | 2 | Enrique Álvarez Barreiro | Jose Carlos Sánchez |
| Queijo Rey, Carlos | Escavación arqueolóxica no Castro de Elviña (A Coruña) | 1 | Marco Rivas Nodar | Javier González |
| Vaquero, Axel | Escavación arqueolóxica no Castro de Elviña (A Coruña) | 1 | Marco Rivas Nodar | Javier González |
| Veiga Piñeiro, Víctor | Museo Provincial de Lugo | 1 | Aurelia Balseiro García | Pedro López Barja |

No comezo do segundo semestre do curso 2020-21 empezou a negociación para asinar un convenio de colaboración entre a USC e o Concello de Santiago de Compostela para dispor dun xacemento arqueolóxico accesible sistematicamente para a docencia das materias de arqueoloxía do master. O castro denominado Pedra Castro, localizado ao norte da cidade, na parroquia de Santa Cristina de Fecha, é propiedade do concello e permite facer prácticas de pequena envergadura na docencia cotiá. Dado que non hai financiación específica para esta colaboración polo momento, orientaranse as actividades das materias a través dalgunhas prácticas de campo nese xacemento, aproveitando que a USC financia desprazamento de estudantes.

O Convenio foi asinado finalmente con data 15 de marzo de 2020, para o desenvolvemento de actividades docentes en arqueoloxía en Pedra Castro, e se estenderá catro anos prorrogables. A primeira memoria foi entregada a finais do curso académico 2021-22. No curso académico 2020-21 realizáronse actividades docentes no castro en 5 materias. Aínda que non estaba asinado o convenio, o concello proporcionou o permiso para realizar unha actividade docente conxunta de dúas materias do primeiro semestre: 'Prospección Arqueolóxica', 'Procesado e xestión da evidencia arqueolóxica'. E xa no segundo semestre, despois de asinar o convenio leváronse dúas actividades docentes no xacemento, unha desenrolada no marco de dúas materias, 'Lexislación e xestión da actividade arqueolóxica' e 'Cultura material medieval e moderna', e outra vinculada na materia de 'Arqueoloxía Pública'. Esta actividade tivo moi boa acollida entre os estudantes.

No curso académico 2021-2022, realizáronse actividades docentes no catro en 5 materias: "Prospección arqueolóxica (obrigatoria, primeiro semestre); Procesado e xestión da evidencia arqueolóxica (obrigatoria, primeiro semestre); Lexislación e xestión da actividade arqueolóxica (obrigatoria, segundo semestre); Cultura material medieval e moderna (optativa, segundo semestre); Arqueoloxía pública (optativa, segundo semestre). No presente curso académico, 2022-23, 3 materias incorporaron actividades docentes en Pedra Castro: Prospección Arqueolóxica (obrigatoria, primeiro semestre); Procesado e xestión da evidencia arqueolóxica (obrigatoria, primeiro semestre); Cultura material medieval e moderna (optativa, segundo semestre). Adxuntase ao final deste informe anual a memoria das actividades realizadas en Pedra Castro no curso 2022-23.

**Traballos Fin de Máster (TFMs)**

O Consello de Goberno da USC do 16 decembro de 2016 aprobou un novo regulamento do TFM, que está publicado na web do máster (https://www.usc.es/posgrao/muarqueo/TrabajofindeMaster.html ). o curso 2022-23, como ven sendo habitual, realizamos unha xornada ao comezo do curso, nas que os profesores presentan as súas liñas de investigación co fin de facilitarlles a elección do tema e titor do TFM. No curso 2022-23 realizóuse en formato presencial, á que asistiron todos os estudantes e un número importante de profesorado, superior ó doutros anos.

**Resultados da aprendizaxe**

Polo que se refire aos indicadores de resultados proporcionados pola área de Calidade e Mellora dos Procedementos

da USC, evidénciase tamén unha evolución favorable de acordo coas características do título.

A taxa de rendemento global (IN34M) mostra unha lixeira melloría, pois aínda que no curso 16-17 a cifra descendeu do 92,31 (curso 2015-16) ao 86,34; no 2017-18 recuperouse levemente (90,17), sendo superada en 2018-19 con 95,17. O pequeno descenso no curso 2019-20 que continua no curso 2020-21 pode ser consecuencia da pandemia, pero o descenso continua no curso 2021-22, e non sabemos os motivos, probablemente o Covid podería ter un impacto mais grande do esperado en cursos posteriores, ou circunstancias persoais dalgúns estudantes foron causa deste descenso. Esta taxa está xusto no medio da taxa das restantes titulacións da facultade de Xeografía e Historia. No ano 2022-23 obsérvase un importante aumento na taxa de rendemento, cun índice de 86,47, o que significa que o rendemento está en alza dende o ano 2020, recuperando valores máis elevados progresivamente.

| | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total (%) IN34M)** | **91,44** | **92,36** | **86,34** | **90,17** | **95,17** | **90,79** | **83,54** | **81,23** | **86,47** |

b) A taxa de éxito global (IN35M) mantense e resulta satisfactoria, tanto no curso 2016-17 (97,38) como no 2017-18 (97,61), sendo en 2018-19 de 100%, e pasando no curso 2019-20 ao 99,16%. No curso 2020-21 e 2021-22 é semellante, pero descende algo máis. No curso 2022-23 o índice prácticamente se mantén, con valores moi similares aos anos anteriores. Esta taxa está por riba da taxa das restantes titulacións da facultade de Xeografía e Historia.

| | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total (%) (IN35M)** | **99,13** | **100,00** | **97,38** | **97,61** | **100,00** | **99,16** | **98,80** | **98,7** | **98,66** |

c) A taxa de avaliación global (IN36M) segue a mesma tendencia, é dicir, unha leve caída no curso 2016-17 (88,66) e unha recuperación en 2017-18 (92,38), superándose en 2018-19, chegando ao 95,17 e baixando lixeiramente no curso 2019-20 e no curso 2020-21, esta tasa segue en lixeiro descenso no curso 2021-22. No curso académico 2022-23, a taxa de avaliación elevouse de novo ata o 87,65, con índices próximos a anos anteriores (2016-17). A taxa está xusto en medio da taxa das restantes titulacións da facultade de Xeografía e Historia.

| | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total (%) (IN36M)** | **92,25** | **92,36** | **88,66** | **92,38** | **95,17** | **91,56** | **84,56** | **82,31** | **87,65** |

d) A taxa de abandono global (IN41M) foi do 10,53% no curso 2015-16, ascendendo a un 25% en 2017-18, e reducíndose notablemente a un 10% en 2018-19 e ata un 6% no curso 2019-20. Para o curso 2020-21 non hai datos dispoñibles por ser o primeiro ano da 4ª edición e para o curso 2021-22 a taxa é de 10,53% como no curso 2015-16.. Nembargantes hai unha taxa de abandono do 5,26% no último ano da 3ª edición, neste caso algunhas materias de segundo semestre foron abandonadas, xusto no momento no que xurdiron os problemas da pandemia, estes estudantes non voltaron a matricularse no curso 2020-21. No curso 2022-23, a taxa de abandono ascende lixeiramente, con 11,76. Esta taxa está por debaixo da taxa das restantes titulacións da facultade de Xeografía e Historia.

e) A taxa de graduación global (IN37M) seguiu unha traxectoria coherente coa taxa de abandono global: pasa do

73,68% no curso 2015-16, ao 95% no 2016-17 e 75% no 2017-18, e 90% en 2018-19 e sigue mellorando no curso 2019-20 co 94,44%. Non hai datos para o curso 2020-21 por ser o primeiro ano da 4ª edición, pero para a 3ª edición é o 78,95%, e nos curso 2021-22 e 2022-23 volveu a baixar un pouco a 73,68% e 70,59% respectivamente, relacionado isto coa taxa de abandono que se mencionou no punto anterior, e que podería ser un efecto prolongado da pandemia, como se comentou anteriormente. Tamén podería ser consecuencia de circunstancias personais dos estudiantes.

| | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total (%) (IN37M)** | **-** | **73,68** | **95,00** | **75,00** | **90,00** | **94,44** | **-** | **73,68** | **70,59** |

f) O tempo medio que empregan os estudantes en superar o Máster (IN38M) recuperouse paulatinamente, pasando de 1,25 anos en 2015-2016 a 1,71 no 2016-17 e, de novo, a 1,29 no 2017-18, sendo en 2018-19 de 1,38 e no curso 2019-20 dun 1,33, baixando un pouco máis en 2020-21 a 1,09. Situándose bastante ben fronte a outros másters que poden alcanzar ata 3 anos a duración media, entre eles o último ano da 3ª edición do master de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade que alcanzou 2 anos de media de duración do estudio da titulación (por pandemia). No curso 2021-22 volta aos tempos da terceira edición que rondan o ano e medio (1,57), índice que parece manterse, cun lixeiro incremento, no curso 2022-23 (1,76).

| | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total (IN38M)** | **1,00** | **1,24** | **1,71** | **1,29** | **1,38** | **1,33** | **1,09** | **1,57** | **1,76** |

Habitualmente a prolongación de máis dun ano para o desenrolo do curso académico é sempre debido á dificultade dalgúns alumnos para terminar o TFM dentro do ano previsto. Problemática que no curso 2019-20 fíxose máis complexa polo COVID19, que provocou que unha boa parte dos estudantes defendera o TFM o mes de setembro e no curso seguinte. O encerro obrigado pola pandemia e a situación sanitaria complicou o desenrolo normal do curso e provocou situacións persoais limitantes (relacionada coa saúde física e psicolóxica). No curso 2020-21 mellorou en xeral a situación, pero vemos que se volve un pouco á dinámica precedente no curso 2021-22 e 2022-23: o TFM deixase habitualmente para defender no curso seguinte.

En conclusión, as taxas de resultados mostran unhas porcentaxes ben situadas en relación ca media da USC e manténense nunhas porcentaxes moi elevadas e estables. Neste sentido, considérase que a calidade e o éxito do Máster quedan demostrados con resultados cuantitativos. Así mesmo, aos devanditos resultados positivos contribúe de forma decisiva o grao de implicación, a atracción que proporciona o carácter práctico profesionalizante e investigador dos estudos, o sistema de titorías, control e seguimento que se efectúa sobre o alumnado e a dedicación, constancia e dispoñibilidade do profesorado, entre outros factores.

**Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe**

A evolución das enquisas de satisfacción dos alumnos (IN46M) é progresivamente favorable ata o curso 2018-19, e no curso 2019-20 e no curso 2020-21 descendeu un pouco, probablemente pola situación xerada pola pandemia que ten perduración neste curso tamén. No curso 2021-22 ascendeu a 4,3 (sobre 5), e neste curso 2022-23 rexístrase unha lixeira baixa ao 4,0, índice superior, en todo caso, ao curso 2020-21

| | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total (%) (IN46M)** | 3,57 | 3,48 | 3,95 | 3,99 | 4,10 | 3,91 | **3,89** | **4,3** | **4,0** |

A mesma tendencia nas enquisas do profesorado (IN47M), que pasan dun 3,41 no curso 2020-21, a un 4,12 no curso 2021-22 e un 4,07 no curso 2022-23.

Máis preocupante son as porcentaxes de resposta nas enquisas (IN48M). Por una banda, obsérvase un aumento da participación ata 2020-21, pero hai una baixada moi forte no curso 2021-22, pasando a un 16,67% de resposta, e unha subida importante (20,0) pero insuficiente no curso 2022-23, a pesar da insistencia para que as enquisas sexan cubertas. As acción de mellora funcionaron nalgúns cursos, pero volven a non ser o suficientemente efectivas. Lonxe de ser unha casuística específica desta titulación, é algo extensible ó resto das titulacións da Facultade de Xeografía e Historia, nas que se ten rexistrado unha representatividade baixa nas enquisas de satisfacción.

| | 2014-15 | 2015-16 | 2016-17 | 2017-18 | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Total (%) (IN48M)** | 57,14 | 27,27 | 50 | 40 | 52,38 | 52,38 | **52,38** | **16,67** | **20,0** |

Con todo, desde a coordinación do máster realízase unha enquisa propia (non tan cuantitativa, e máis centrada nos aspectos específicos do título) e que, ao realizarse de xeito presencial (non virtual) e en horario de clase, obtemos unha participación próxima ao 90%, aínda que no 2020-21 e 2021-22 descendeu ao 50% de novo. No curso 2022-23 alcanzouse de novo unha ampla representatividade, sendo respostada polo 90% do alumnado matriculado. En canto á media da titulación do máster nas enquisas de avaliación realizadas pola institución para o curso 2021-22, a puntuación é de 4,3, a máis alta desde que son tomados datos na USC.

## Master Interuniversitario en Historia Moderna

### Admisión do alumnado

- O perfil de ingreso do estudantado é coherente co perfil establecido na Memoria. Os alumnos matriculados no curso 2022-2024 proceden de títulos de Grao en Historia e de outros da área de Humanidades. As actividades que se organizan facilitan a adquisición de competencias e coñecementos por parte de los alumnos.

### Aplicación de normativas predefinidas

A aplicación das normativas relacionadas coa permanencia na titulación, cos sistemas de recoñecemento e transferencia de créditos realízase de maneira satisfactoria e de acordo, nesta sede do Máster, co establecido pola USC.

### Orientación académica

Toda a información sobre as actividades de orientación atópase contida no Plan de Acción Titorial do Centro

Publícase un tríptico coa información básica do máster, e que se fai presente nas redes sociais e nas páxinas web dos grupos de investigación e dos proxectos cos que comparte profesorado.

### Programas de mobilidade

Non hai participación en programas de mobilidade.

### Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe

As guías docentes das materias inclúen, ademáis dos contidos, a metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe e a avaliación das competencias (básicas, transversais e específicas). Estas metodoloxías docentes están en continua revisión e actualización

polo profesorado, e cada ano son revisadas polos coordinadores de curso e de grao, e aprobadas polas Comisións de Título e de Calidade no momento da aprobación das programacións.
As actividades formativas e metodoloxías docentes empregadas garanten a adquisición polo estudantado dos resultados de aprendizaxe previstos no perfil de egreso e corresponden co nivel MECES para título de máster. A programación das materias pode consultarse en
https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/artes-humanidades/master-universitario-historia-moderna-monarquia-espana-seculos-xvi-xviii
O tamaño do grupo de alumnos é o adecuado para o tipo de docencia impartido e para as actividades das materias. No segundo cuatrimestre impártense as materias optativas, ás que asisten estudantes das tres universidades. Con todo, para o cálculo da media de estudantes por materia e outros indicadores só se usan os datos dos matriculados na USC, e non se ten en conta que tamén impártese docencia e titorías a estudantes da UAM e da UC, polo que os indicadores non refrexan a realidade da docencia, en particular o traballo do persoal docente.

**Avaliación da aprendizaxe**
A oferta de materias obrigatorias e optativas, o desenvolvemento das actividades académicas, sistemas de avaliación e cualificación corresponden co establecido na Memoria de verificación.

**Prácticas externas**
As PAE son coordinadas por un profesor do título. O procedemento permite acadar os resultados asociados ás practicas.

**Traballos Fin de Máster (TFMs)**
Os estudantes poderán elixir o tema do TFM de entre as propostas que anualmente fan os profesores doutores do Máster na UAM, UC e USC. As normas para a realización do TFM, así como o calendario de presentación de traballos, están publicados nas webs respectivas.

**Resultados da aprendizaxe**
Indicadores de resultados: Nas taxas deste curso influíron diversas circunstancias persoais dos alumnos, que deben terse en conta para avaliar os resultados baixos en comparación cos dos cursos anteriores. Taxa de rendemento, 75,51% (IN34M). Taxa de avaliación, 75,55% (IN36M). Taxa de éxito, 97,37% (IN35M). Taxa de graduación, 50% (IN37M). Duración media dos estudos, 1,5 (IN38M). Taxa de abandono, 37,5% (IN41M). Taxa de éxito dos egresados, 94,74% (IN50M) e taxa de eficiencia 90% (IN53M). O factor que inflúe nos valores acadados nestas taxas, como as de éxito e eficiencia, é o atraso na lectura do TFM; a súa defensa deixouse nalgúns casos para o curso seguinte.

**Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe**
- Non contamos co valor do grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación para o curso 2022-2023 (IN42M). Os cursos anteriores acadou 3,55 (2021-2022), algo superior ao do 2020-2021 (3,26), valorespor debaixo dos do curso 2016-2017, que foi de 4,29, e do curso 2017-2018 que foi de 4.5.
- Satisfacción do alumnado coa docencia recibida, 3,76 (IN46M); é algo inferior á dos cursos anteriores: 4,37 no 2021-2022; 4,12 no 2020-2021; e 4,71 no 2019-2020. A taxa de resposta na enquisa (IN48M) foi do 20%, algo máis alta que a do curso 2021-2022 (18,18), e máis baixa que no curso 2020-2021 (33,33).
- O grao de satisfacción dos estudantes coas PAE (IN19M) é de 3,89; non hay datos de cursos anteriores. Non hai datos dos titores profesionais (IN20M) nin dos titores académicos (IN21M).
- Non se conta con valoración do grao de satisfacción dos egresados coa información pública disponible (IN23M)

## Master Interuniversitario en Desafíos das Cidades
**Admisión do alumnado**
- Aínda que o acceso a este Máster ten unha serie de criterios de admisión que se aplican segundo un baremo establecido e común pola CA interuniversitaria, no caso de matricúlalas anticipadas, os/as coordinadores/as das universidades do SUG, non temos a posibilidade de avaliar este alumnado. O resultado desa modalidade de acceso é un tratamento máis favorable para o alumnado de matricula anticipada, baremado só en función do seu título de acceso, sendo iso un modelo menos competitivo. Nese sentido, como amosa o indicador IN13M a Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC é do 66.67%, e o IN18M confirma que a Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total

de matriculados é igual a 0.
Más en concreto, a titulación de procedencia dos estudantes (I2. Número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia (USC) é: 1 Graduado en Ciencia Política e da Administración pola Universidade de Santiago de Compostela; 1 Graduado en Enxeñaría Civil pola Universidade de Santiago de Compostela 1; 1 Graduado por Resolución reitoral de equivalencia.

**Aplicación de normativas predefinidas**
todas as normativas guían o bo funcionamento do Máster. Neste Máster Interuniversitario e Interrexional, a normativa de referencia non é só a establecida pola memoria do título, senón que tamén hai que ter en conta normas e regulamentos establecidos a nivel universitarios e de centro, con todo o que supón a diversidade do sistema educativo. Como exemplo, precisamente para axudar ao alumnado na realización do seu TFM, a CA interuniversitaria elaborou unhas normas que pretenden guía a elaboración do traballo entre Galicia e Norte do Portugal.

**Orientación académica**
Toda a información sobre as actividades de orientación atópase contida no Plan de Acción Titorial do Centro

**Programas de mobilidade**
En canto á mobilidade, a pesar de poder gozar do proxecto IACOBUS, ata este momento ningún/a alumno/a gozou deste programa. A tal fin pódese dicir, que a mobilidade eurorrexional é unha tarefa pendente para un mestrado deste tipo. Quizais, un dos problemas sexa principalmente o asunto económico. Doutra banda, cabe mencionar a mobilidade entre os centros do SUG.

**Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe**
As actividades académicas, as metodoloxías docentes, os sistemas de avaliación e a cualificación correspóndense con todo o indicado na memoria do título. Os docentes basean a súa actividade no establecido na memoria do título, porque é a principal ferramenta de coordinación para un Máster interuniversitario e interrexional. É, sen dúbida, unha referencia esencial para o bo funcionamento do título.  A programación das materias pode consultarse en:

https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/enxenaria-arquitectura/master-universitario-desafios-cidades

**Avaliación da aprendizaxe**
A oferta de materias obrigatorias e optativas, o desenvolvemento das actividades académicas, sistemas de avaliación e cualificación corresponden co establecido na Memoria de verificación.

**Prácticas externas**
Á hora de asignar empresas ou institucións nas cales realizar as PAEs, a CA Interuniversitaria consúltase en caso de dúbidas. Cada coordinador local da CA faise responsable de garantir a coherencia do título co proxecto das PAE, asegurando que se poidan fomentar as competencias do título. No que se refire aos indicadores: IN19M Satisfacción dúas estudantes coas prácticas externas, IN20M Satisfacción dúas titores profesionais coas prácticas externas, IN21M Satisfacción dúas titores académicos coas prácticas externas non se achega ningún valor que permita pescudar o nivel de satisfacción.

**Traballos Fin de Máster (TFMs)**
Como xa se indicou no punto 1, neste momento aínda non hai egresados/as da titulación. O curso 2022-2023 foi o primeiro curso de implantación e o Máster ten unha duración de 3 semestres. A día de hoxe, non están defendidos os TFMs do alumnado matriculado no segundo ano do título.

**Resultados da aprendizaxe**
Polo que se refire aos indicadores de resultado, o titulo mostra un valor do 80% en taxa de rendemento (IN34M) e un 100%

en taxa de éxito (IN35M). A taxa de avaliación (IN36M) presenta o mesmo valor que a taxa de rendemento: 80%.
Segundo o INF 19 Informe de taxa de avaliación dás materias do plan de estudos, das 15 materias impartidas, 9 presentan unha taxa de avaliación do 100%, 4 do 66,67 % e dúas materias teñen unha taxa de avaliación do 50%;
Segundo o INF 17, a de taxa de éxito dás todas as materias do plan de estudos é do 100%;
Segundo o INF18, a taxa de rendemento dás materias do plan de estudos presenta valores diferentes: 9 materias presentan o 100%, no caso de 4 materias, a taxa de éxito é do 66,67% e nas restantes 4, a taxa de éxito é do 50%;
Segundo o INF 19 - Informe de taxa de avaliación dás materias do plan de estudos, das 15 materias impartidas, 9 presentan unha taxa de avaliación do 100%, 4 do 66,67 % e dúas materias teñen unha taxa de avaliación do 50%.
Eses resultados se deben a que, ao longo do curso, unha alumna decidiu deixar os estudos. Esta decisión xustifica tamén os NP no INF 15 - Informe de cualificacións dás materias do plan de estudos.

**Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe**
- A partir do panel de indicadores, non é posible medir o nivel de satisfacción dos estudantes porque non hai ningún valor de referencia, o que indica que o alumnado non contestou ás enquisas de satisfacción (IN19M Satisfacción dúas estudantes coas prácticas externas -; IN42M Grao de satisfacción xeral dúas egresados coa titulación: -; IN46M Satisfacción do alumnado coa docencia recibida -; IN48M Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida -; IN42M Grao de satisfacción xeral dúas egresados coa titulación -). Do mesmo xeito, non é posible contar con valores dos indicadores: IN20M Satisfacción dúas titores profesionais coaprácticas externas -, nin IN21M Satisfacción dúas titores académicos coas prácticas externas -.
Só contamos cun valor referido a: IN47M Satisfacción do profesorado coa docencia impartida: 3.5; esta valoración correspóndese cunha participación do 37.50% (Informe dá enquisa do profesorado coa docencia impartida), polo tanto dificilmente pode ser considerada como significativa. Tamén no caso do Informe de Satisfacción do profesorado coa titulación, rexístrase unha participación moi baixa: 22.22%, por iso é polo que a súa valoración global do 3.24 non pode considerarse significativa.

**Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos**

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
  - Formación do profesorado e mobilidade.
  - Actividade investigadora.
  - Detección de necesidades de persoal académico.

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
  - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**
**Persoal académico**
No que respecta ao cadro de profesorado que imparte docencia nas titulacións que están adscritas á Facultade de Xeografía e Historia, cómpre sinalar que continúa acadando un nivel de excelencia e adecuación ao desempeño notable, tal e como indican tanto os datos de renovación de acreditación de todos os títulos como a consecución de títulos novos no seu caso. Esta situación, non pode ocultar o feito de que a sucesión de xubilacións dos últimos anos e a imposición de taxas de reposición draconianas, teñen afectado negativamente á pirámide de idade da facultade. Neste momento, a media de idade acada os 53,63 anos.
Un dos principais activos que teñen contribuído a paliar o déficit de contratacións de novo profesorado, ten sido o éxito das diversas áreas de coñecemento en captar persoal de convocatorias altamente competitivas (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva e outros programas do Ministerio e da Xunta de Galicia) e predoutorais (Ministerio e Xunta de Galicia). Neste sentido, o Centro contribúe a facilitar a incorporación deste persoal a todas as actividades desenvolvidas no marco das súas competencias, ademais da docencia no que permiten os contratos respectivos.

**Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio (2ª ed.)**
O persoal docente no Grado en Xeografía afronta unha notable sobrecarga en número de créditos e de materias a impartir, un problema case crónico na titulación. O profesorado encargado da titulación é de 38 membros, correspondendo o 78,95% ao Departamento de Xeografía e o 5,26%, 13,16% e2,63% aos de Edafoloxía e Química Agrícola, Historia e Historia da Arte respectivamente.
Neste ano constátase un descenso no porcentaxe de doutores con respecto ao ano precedente (84% e 95,45% respectivamente, ING24), como consecuencia da incorporación de contratados predoutorais.
Os recursos humanos seguen a ser un tanto precarios, xa que a carga docente segue a ser moi alta, pois tamén teñen encargo noutras titulacións: Historia, Historia da Arte, Paisaxe e diversos mestrados.
Pese a todo, o profesorado é capaz de levar a cabo con éxito a actividade docente na Titulación, como demostra a alta valoración por parte do estudantado, e de manter a actividade investigadora (un 93.75 % ten recoñecido sexenios ING 24) pese á elevada carga académica. Igualmente mantense actualizado en metodoloxías docentes, participando tamén na formación ofertada polo Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) da USC..Todo isto hai que contextualizalo dentro duns niveis de calidade do profesorado certamente elevada. A maioria do profesorado do Grao en Xeografia e Ordenacion do Territorio esta encadrado dentro de grupos de investigacion que contan cunha producion cientifica moi relevante, con numerosos artigos científicos indexados en JCR e Scopus, asi como direccion de teses de doutoramento e proxectos competitivos. O Departamento de Xeografia esta entre os 300 primeiros do mundo no ranking de Shangai e o terceiro de Espana por producción cientifica, por detras dos departamentos da UAB e da UB, se ben cuns medios e recursos humanos sensiblemente menores que estes dous citados.
En relacion co recoñecemento das capacidades docentes do profesorado, é preciso sinalar que os recortes que se rexistraron nos ultimos anos no ambito universitario foron moi negativos para a estabilizacion docente. Como xa dixemos, o profesorado mais novo ten unha capacitacion sobresaliente, pero non ve reconecida a sua probada excelencia (a través de acreditacions pola ANECA e a ACSUG) con posibilidades de promocion.

**Grao en Historia (GH)**
O profesorado está altamente cualificado, como reflicten algúns indicadores básicos, en particular a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o total con docencia no título (IN24G), que no curso pasado supuxo un 95,24% do total, medrando sobre os

cursos anteriores (2021-22 no 92,68 e 2020-21 91,67%), o que mostra a existencia dun cadro docente con capacidade de investigación e estable, cunha porcentaxe de PDI funcionario (IN26g) elevada do 80,85 fronte ó 77,27% de hai dous cursos (79,25%, 78,43 e 78,85 nos tres cursos anteriores), uns vinte puntos sobre a media da USC. A porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI Total (IN25G) chegara ó 100%, quince puntos máis que a media da USC, hai dous cursos pero no pasado baixou ó 97,87 por mor dalgunha xubilación. O 6,85% participou no 2019-20 en programas de mobilidade, o dobre que no 2018-19, non se dispón de datos máis recentes. Ademáis de altamente cualificado, o profesorado da titulación é suficiente para atender ao estudantado.

**Grao en Historia da Arte**

Polo que se refire á cualificación do profesorado que imparte docencia no Grao de Historia da arte, a pesar de que a totalidade dos docentes de persoal (catedráticos, titulares, contratados doutores, axudantes doutores e docentes investigadores de distintos programas) teñen por definición a condición de doutor, con todo, a situación no curso 22-23 mostra que no departamento responsable da titulación hai un 97,14 por cento de doutores sobre o PDI total, debido ao cómputo no conxunto docente dos contratados predoctorales. Unha porcentaxe alta se se compara co que lanza a media da área (86,91) e co da USC no seu conxunto (81,31) (IN25G).

Por outra banda, o profesorado de persoal conta cunha ampla experiencia docente e investigadora. En relación coa investigación, de maneira concreta, un 92,59% do profesorado activo no curso 22-23 conta con sexenios de investigación, o que supón un ligerísimo descenso fronte á porcentaxe contabilizada o curso 21-22 (92,86) (IN24G). Os datos reflicten, por unha banda, unha situación de relativo equilibrio na composición do profesorado que só se ve afectada polo que se refire á porcentaxe do persoal funcionario que, a pesar de mostrar un descenso que comezou no curso 15-16 no que se rexistraba unha porcentaxe de 75,68, neste curso 22-23 modifica a tendencia descendente ao alcanzar un 65,71% que supón un incremento de case 3 puntos en relación coa cifra de 62,86% do curso 21-22 (IN26G). Por outra banda, os datos revelan as circunstancias conxunturais que supoñen as xubilacións de profesores funcionarios, a escasa taxa de reposición e os cambios que se foron producindo co acceso á cátedra de 4 profesores (20-21, 21-22) e á titularidade doutros 4 profesores (20-21, 21-22, 22-23). A isto únese a incorporación de profesores non funcionarios, unha serie de profesores axudantes doutores, un investigador Ramón e Cajal, dous investigadores distinguidos e dous contratados postdoutorais. Esta circunstancia modifica claramente as porcentaxes no que se refire ao número de sexenios e á porcentaxe de persoal funcionario.

Por outra banda, dentro desta análise tamén hai que ter en conta, xunto co perfil do profesorado implicado na docencia, a media de alumnos por grupos teóricos, que se desagregou entre obrigatorias e optativas. E a primeira, a media dos grupos teóricos, como vimos no apartado 1.2, neste curso 22-23 sitúase en 82,35, seis puntos máis que os 66,90 do curso anterior, que se deben ao aumento de prazas de ingreso na titulación que se produciu durante este curso. Isto modifica substancialmente a tendencia ao descenso que viña observando neste indicador que, literalmente, dispárase "" en relación cos valores contabilizados desde o curso 18-19 (IN55G). Un ascenso, pero non tan acusado, obsérvase na media de alumnos por grupo teórico nas materias optativas, que neste curso 22-23 sitúase nun 31,42, dous puntos exactos máis que os 29,42 do curso 21-22 (IN56G). Nos grupos de interactivas, no curso que se informa a media de alumnos é de 27,15, unha cifra que de novo supón un ascenso fronte aos valores do curso anterior que se situaban nun 25,59 (IN32G).

Un elemento de xuízo da calidade do profesorado que imparte docencia no Grao de Historia da arte que convén analizar neste apartado atópase no índice de satisfacción dos alumnos coa docencia recibida, que neste curso 22-23 experimenta un pequeno descenso dunhas décimas para situarse nun 4,27, fronte ao 4,41 do curso anterior (IN46G).

A isto hai que engadir o dato sobre a satisfacción dos profesores coa docencia impartida, que tamén descende lixeiramente, alcanzando no curso que se informa un 4,26, fronte ao 4,35 do curso anterior (21-22). Este escaso descenso mostra un certo equilibrio que contrasta co ascenso que experimentou o indicador no curso 21-22, unha subida que se leu en relación coa influencia das circunstancias da situación sanitaria que neste momento están totalmente superadas.

Resta por propoñer a análise da media de satisfacción do profesorado que participa na docencia do Grao de Historia da arte en relación coas actividades de formación desenvolvidas que non adoita ser moi alta pola escasa oferta formativa e a súa repetición (IN28).

**Máster Interuniversitario en Historia Contemporánea**

Como en cursos anteriores o profesorado que imparte o máster está composto por unha media de 60 profesores repartidos en tres grandes grupos: PDI da ULPGC e USC -ao redor de 40 profesores-, completado por profesionais externos de recoñecido prestixio nas materias que imparten -20 profesionais-. Estes últimos introducen as competencias profesionais dentro do máster, un aspecto que, a pesar das dificultades orzamentarias asociadas aos másteres interuniversitarios, e a leste en concreto debido

á falta de orzamentos específicos achegados pola USC, foi un obxectivo do máster desde os seus inicios xa que se considera fundamental á hora de abordar o proceso de profesionalización do alumnado. Así foi recoñecido igualmente polos alumnos nas enquisas de valoración sobre estes profesionais.
Como datos específicos pódese sinalar que a porcentaxe de PDI con sexenios sobre o total de PDI con docencia no título na USC descendeu levemente con respecto a cursos pasados, ata un 92.31% (IN24M). Na ULPGC foi de 1.77%
Outro dato relevante é o número de PDI doutores en relación co PDI total debido a que para as dúas universidades implicadas no título supón o 100% para o curso 2022-2023, referencia que se mantén constante desde 2014 (IN25M).
Tamén se mantén en cifras similares o número de PDI funcionario sobre o total, xa que supón o 47,62 na USC, mostrando unha baixada fronte ao 57.14% do ano anterior (IN26M). Na ULPGC foi de 50%
Tan importante como a cualificación do profesorado é a cociente de estudantes por profesor a tempo completo que aumentou fronte a anos anteriores, pasando agora a 1.86 no último curso do que se dispoñen datos para a USC (2016), fronte ao 1.48 e 1.53 de 2014 e 2015 (IN30M). Na ULPGC a cociente de estudantes por profesor a tempo completo foi de 0.95% En correspondencia con ese aumento na cociente tamén aumentou o número de alumnos por grupos de teoría e interactiva: 19.57 nos segundos segundo datos dispoñibles para grupos interactivos xa que non se dispón de datos para grupos teóricos (IN31M, IN32M).
É necesario destacar unha recuperación na satisfacción do profesorado coa docencia impartida: 4.42 sobre 5, e ademais cunha porcentaxe media de respostas, en comparación con cursos anteriores, debido a que superou o 25% de participación: 29.17% (IN47 e INF23).
Dita información pódese constatar directamente na web do título, así como a de horario profesores por días e relación TFM na web do título:

https://www.usc.gal/gl/titulacions/masters_oficiais/mxpaamma/index.html

Tanto na USC como na ULPGC existen programas formativos para a actualización docente aos que pode optar todo o profesorado:
https://www.ulpgc.es/formacion-pdi/plan-formacin-continua-do-pdi

http://www.usc.es/es/servizos/pfid/

O perfil curricular do profesorado pódese contrastar en:

https://www2.ulpgc.es/index.php?pagina=plan_estudo&ver=pantalla&numPantalla=

https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/titulacions/masters_oficiais/mxpaamma/descargas/GUIA_MASTER_2018-2019_REVISADA.pdf

**Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (4ª edición)**

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En relación co persoal académico do Máster, non existen novidades destacables con respecto ao anterior Informe de seguimento, polo que se considera que é suficiente e adecuado de acordo coas características do plan de estudos, a modalidade presencial, o número de estudantes e as competencias que deben alcanzar. Ademáis, en termos xerais, o persoal académico recibe unha boa valoración por parte dos estudantes.

O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora e/ou experiencia profesional) esixido pola normativa vixente para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na Memoria verificada. Ademais, na maioría dos casos, o mesmo profesorado vén impartindo os mesmos contidos ao longo dos últimos anos, o cal lles aporta dunha experiencia moi útil. En diversas materias, os profesores proceden das tres universidades do SUG (USC, UVigo e UDC) e do INCIPIT-CSIC, e imparten os contidos da súa especialización. Asimesmo, contamos con colaboracións de profesorado de outras universidades españolas como da a Universidade de León, para impartir algunhas

horas nunha materia moi especializadas (Zooarqueoloxía).

Cabe sinalar que o profesorado da UVigo e o de a UDC, e o profesorado colaborador da Universidade de León, realizan o esforzo suplementario de desprazarse a Santiago de Compostela para impartir a docencia. A UVigo facilita os medios económicos necesarios para compensar o prezo do transporte, e o profesorado da UDC ven á USC polos seus medios, mentres que a coordinación e a comisión académica do máster tentan deseñar uns horarios que faciliten os desprazamentos. Con todo, non excluímos que no futuro, de forma ocasional, haxa que recorrer á videoconferencia.

O profesorado conta cun alto nivel de cualificación. Como pode verse no informe de indicadores (IN25M), todos son doutores (100% n 2022-23, 2021-22 e 2020-21, 2019-20, 2018-19 e en 2017-18 fronte a 92% no 2016-17) e a maioría contan con sexenios de investigación (IN24M) (o 100% no 2022-23, o 91,67% no 2021-22, 100 % tanto no 2020-21 e 2019-20 e 2018-19 como en 2017-18 e en 2016-17).

Ata o momento, todos os docentes están en disposición de dirixir TFMs e de participar nos tribunais que os cualifican, unha tarefa gravosa que obriga a contar con todos os recursos dos que se dispón. Con todo, o número de profesores dispoñibles é suficiente para atender aos estudantes aínda que non posuímos de datos dende o 2016-17 (IN30M), non cremos que cambiase substancialmente a cociente de 1,93 estudantes matriculados por cada profesor con docencia a tempo completo. A media de alumnos nos grupos con docencia expositiva ou interactiva mantense estable entre 11 e 13 alumnos (11,7 no curso 2018-19), aínda que non hai datos para o curso 2019-20, a media mantense para o 2020-21 (11,35), 10,27 para o curso 2021-22, e 8,58% para o 2022-23 (IN32M), o que permite o emprego de metodoloxías dinámicas, participativas, tanto de traballo individual como en grupo. Constátase un elevado número de áreas de coñecemento implicadas: Arqueoloxía, Historia Antiga, Prehistoria, Edafoloxía e Historia da arte; grazas a esta diversidade, pódese atender ao carácter multidisciplinar que é propio do Máster.

A satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47M), que era tradicionalmente baixa, mellorou, pasando do 2,2 (2014-15) ao 2,89 (2015-16), 2,95 (2016-17), 3,83 (2017-18), 4,16 (2018-2019), 3,87 (2019-20), 3,47 (2020-21), 4,12 (2021-22) e 4,07 (2022-23). Podería interpretarse a lixeira baixa no curso 2020-21 por mor do COVID19, pois a pesar do desenrolo presencial das clases houbo moito desacougo a causa do temor aos contaxios e a existencia de baixas puntuais pero continuas, tanto de profesores como de estudantes, por contaxio e carentena. Estes factores complicaban o ritmo na docencia. Pero no ano 2021-22 todo volveu á normalidade nas clases, con índices que na actualidade parecen estabilizarse por riba de 4.

A introdución dunha nova normativa de TFM implicou, como xa sinalamos, o nomeamento dun profesor para a coordinación dos TFMs, co obxectivo de conseguir que todos os alumnos defendan o seu TFM en tempo e forma. Con todo, resulta necesario analizar coas autoridades universitarias competentes a carga horaria computable a cada profesor universitario que participa na materia do TFM, dado que o cómputo oficial resulta moi desaxustado conforme ás horas reais de dedicación.

En relación coas dinámicas docentes, ademais debemos salientar a existencia de actividades complementarias á mesma. Como cada ano organizamos unha actividade inaugural na que un ou unha profesional é invitado para dar unha conferencia. No curso 2021-22, impartiu a conferencia inaugural o Dr. Pedro Díaz del Río Español, do Instituto de Historia do CSIC en Madrid titulada "La mina de sílex de Casa Montero (c. 5300 AC) de la intervención preventiva a la divulgación" (14 de septembro de 2021, Aula Magna da Facultade de Xeografía e Historia). No curso 2022-23, a conferencia inaugural correu a cargo da Dra. María Cruz Berrocal, cunha ponencia titulada "Proyecto NAO: Arquelogía del primer colonialismo en el Pacífico" (21 de setembro de 2022, Aula Magna da Facultade de Xeografía e Historia).

As Xornadas de Arqueometría en Galicia, que habitualmente estábanse a celebrar en outubro de cada curso dende 2014, tiveron que posporse no 2019-20 por mor do Covid, pero voltaron a recuperarse no curso 2021-22. 'VII Jornadas de Arqueometría en Galicia. Entre lo ritual y lo mundano'. Celebradas o 20 de octubre e o 3 de noviembre de 2021 (10 horas), son xornadas de difusión organizadas e financiadas polo grupo de investigación EcoPast, con 200 inscritos, online (unha treintena de persoas) e presencial.

**Máster Universitario en Historia Moderna: Monarquía de España. Séculos XVI- XVIII**

O profesorado da USC no Máster o constitúen no curso 2022-2023, 1 catedrático emérito, 4 catedráticos, 3 profesores titulares, 1 profesor contratado doutor, e 2 profesores de área externa (Universidade de A Coruña, e Universidade Complutense de Madrid). En conxunto, o das tres universidades está formado por 30 profesores permanentes (catedráticos e titulares), 6 non permanentes (profesores contratados e profesores axudanes doctores) e 1 investigador contratado Ramón y Cajal. O perfil de todos eles axústase ao perfil do título, e o seu número é suficiente para a atención do alumnado na actividade docente e titorización de prácticas externas e TFM.

- En conxunto, os 9 profesores da USC reúnen 40 quinquenios de docencia e 30 sexenios de investigación, o que da conta da súa traxectoria e experiencia.
- A USC, a través do seu Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CeTA), ten unha variada oferta de cursos para a actualización docente, que o profesorado do máster aproveita para millorar as súas capacidades, en especial as relacionadas coas novas tecnoloxías.
- O profesorado da USC e o das outras dúas universidades participan en proxectos de investigación competitivos; destaca a dirección e participación en dous proxectos internacionais. Debe subliñarse a participación das tres universidades do máster no proxecto de investigación europeo "Rebellion and Resistance in the Iberian Empires, 16th-19th centuries" (RESISTANCE-H2020-MSCA-RISE-2017), do Programa de Investigación e Innovación Horizonte 2020 da Unión Europea a través da acción Marie Sklodowska-Curie.
- Polas súas publicacións e estadías no estranxeiro, destaca a perspectiva internacional do profesorado do título.

**Máster Interuniversitario en Desafío das Cidades**

Durante o curso académico 2022-2023, o equipo docente da USC que impartía docencia no Máster estaba formado por 9 profesores (***INF.E15. Información sobre o profesorado. Plan de Ordenación docente***) así repartidos entre as diferentes categorías: 1 Profesor Catedrático; 1 Profesor Titular de Universidade; 4 Profesores Axudantes Doutores LOU; 1 Profesor Interino/a substitución, 2 Investigadores/as Distinguidos/as. Deles, 7 profesores eran adscritos á área de Análise Xeográfica Rexional e 2 á área e Xeografía Humana. A nivel de indicadores, dita situación queda así reflectida (***Informe das medias***):

| Código | Nome | Valor Título | Media Área | Media USC |
|---|---|---|---|---|
| IN24M | Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total | 100 | 93,19% | 90,34% |
| IN25M | Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total | 83,33 | 96,02% | 90,37% |
| IN26M | Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total | 33,33 | 71,37% | 45,61% |

- Tendo en conta que é un Máster Interuniversitario e que os docentes se reparten entre 6 universidades, no caso da USC, o profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes. De feito, a ***IN32M Media de alumnos por grupo de docencia interactiva*** é de 1.56.

- Polo seu enfoque interdisciplinar, as materias impartidas na USC son adscritas ao Departamento de Xeografía e os contidos que se imparten nas mesmas coinciden coas formación e a investigación que os docentes desempeñan. Por tanto, a tarefa investigadora permite unha continua actualización dos contidos impartidos no título.

- A nivel xeral, o equipo docente está moi comprometido coa formación (participando a cursos e seminario) e coa investigación (mediante publicacións e participación a proxectos de investigación competitivos). Todo iso contribúe á mellora da calidade da ensinanza**.**

- **Persoal de apoio**

O personal de apoio que participa nos títulos que se imparten na Facultade de Xeografía e Historia é suficiente para atender as necesidades do mesmo. Está composto, tal e como figura na web do centro, por doce membros entre os que recaen as funcións de apoio e de xestión administrativa do centro (personal de servicio 4; persoal de decanato.- 2; persoal de administración nos

departamentos.- 3; persoal de xestión económica.- 2), complementándose este persoal co que desenvolve a súa actividade na Biblioteca da Facultade, no que realizan a súa labor tanto personal técnico como auxiliar (12 membros).
Este persoal conta, ao igual que no caso do PDI, cun programa de formacion propia (fonte.- USC: https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/formacion/PAS), polo que presenta unha alta formacion e experiencia

| Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos |
|---|
| **Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.** |

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
  - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
  - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
  - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
  - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento…) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado…) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplen a realización de prácticas externas, as instalación onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**
O Centro acolle a máis de 1000 estudantes dos tres graos, entre 110 e 120 estudantes de máster e unha cifra que oscila entre os 250 e 300 estudantes de doutoramento. A Facultade de Xeografía e Historia é tamén un centro de investigación punteiro en humanidades e ciencias sociais. Editamos catro revistas e temos vixentes trinta e un proxectos competitivos de convocatoria pública. Entre outras estruturas de investigación, destacan catro grupos de referencia competitiva e sete de potencial crecemento. Todos estes datos, poñen a proba as infraestructuras do centro, os recursos materiais necesarios para o desenvolvemento da actividade.
Entre os recursos de docencia e investigación máis salientables do Centro, convén sinalar a Biblioteca. Ten unha infraestructura de 447 postos de lectura e atópase nutrida por 137848 monografías, outro material non librario (microfilms, dvds, mapas …) 4473; e publicacións períodicas 3186. Está en constante renovación e dixitalización, ofrecendo múltiples servizos aos usuarios.
O edificio histórico A Facultade de Xeografía e Historia reúne, malia tratarse dun edificio histórico as condicións adecuadas para a impartición dos titulos que nela se imparten. É esta condición de inmueble histórico o que leva a limitar as accións de mellora, sempre necesarias nas instalacións docentes, xa que nestes momentos estase desenvolvendo o plan director para a súa rehabilitación e xestión integral.
O edificio conta con dúas entradas, unha delas ao nivel da rúa, o que facilita a accesibilidade. Así mesmo ten un ascensor que comunica as plantas principais e permite salvar os espacios as diferenzas de accesibilidade.
O edificio dispon de 19 aulas e 8 seminarios (http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/infraestruturas.html). Todos eles están dotados de sistemas de videoconferencia multipunto, ordenador e cañons de proxección múltiple, proxección dixital, conexión a internet e conexión wifii. Así mesmo cóntase cun laboratorio, un aula de Cartografía, dúas aulas de informática (57 postos), un laboratorio técnico de prehistoria, un aula do Master en Historia Contemporánea. Todas estas instalacións compleméntanse coa existencia de salas de traballo en grupo e de traballo individual.
Desde o curso 2019-2020 fíxose un esforzo extraordinario de renovación dos equipamentos tecnolóxicos do centro, co obxectivo fundamental de adaptar o seu funcionamento ás demandas específicas da situación creada pola pandemia. O proceso continuou nos cursos 2020-2021, 2021-2022 e 2022-2023. Deste xeito, aínda que xa estaba previsto nalgunhas accións de mellora específica a renovación de determinados equipamentos, a realidade superou esta previsión inicial. De acordo co proceso PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos, tamén figurará a incorporación de novos equipamentos específicos como unha das accións de mellora desta memoria.

En canto á orientación, as actividades principais que se realizan e que forman parte do Plan de Acción Titorial do Centro son as seguintes:

| Acción | Destinatarios | Responsables | Temas a desenvolver | Data |
|---|---|---|---|---|
| Acto de benvida | Alumnado de 1º curso (todos os graos) | • Equipo decanal<br>• Directora da biblioteca<br>• Coordinadores dos graos | 1. Presentación do equipo decanal e do funcionamento da Facultade<br>2. Presentación da biblioteca<br>3. Presentación do programa de deportes/cultura da USC<br>4. Importancia da participación<br>5. Importancia das cualificacións para acceder a programas de mobilidade, prácticas, TFG, bolsas de | Mes de setembro. Data por determinar |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | investigación… | |
| Sesión informativa | Alumnado de 1º curso (separados os graos) | • Coordinador de 1º<br>• Alumnado titor | 1. División en grupos expositivos e interactivos<br>2. Solicitude de cambio de grupo: procedemento e datas<br>3. Organización do semestre: diferencia entre dúas primeiras semanas e as restantes; semana de prácticas de campo; semana de titorías…<br>4. Campus virtual, a web pública da facultade e a Intranaet<br>5. Importancia do correo institucional como medio de comunicación<br>6. Actividades extracurriculares, como o curso de competencias informativas que desenvolve a Biblioteca<br>7. Elección de delegados e a súa importancia, establecendo data para comunicar nomeamento<br>8. Estructura da coordinación: coordinador de 1º, coordinador de grao<br>9. Presentación do alumnado titor do grao | Mesmo día ca o acto de benvida |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Sesión informativa | Alumnado de 2º curso (separados os graos) | • Coordinador de 2º | 1. Puntos 1-6 como na cela superior<br>2. Programas de mobilidade: opcións, procedemento para solicitalo, datas aproximadas das charlas informativas<br>3. Programa de titores: en que consiste, datas aproximadas<br>4. Elección de delegados e a súa importancia, establecendo data para comunicar nomeamento<br>5. Estrutura da coordinación: coordinador de 2º, coordinador de grao | Mes de setembro. Segundo día lectivo |
| Sesión informativa | Alumnado de 3º curso (separados os graos) | • Coordinador de 3º | 1. Puntos 1-3 como na cela superior<br>2. Adianto de información sobre as prácticas en empresas que se desenvolven en 4º (charla informativa a fin de curso, calendario dos procedementos, posibilidade de novos convenios…)<br>3. Adianto de información sobre a materia Traballo Fin de Grao (charla informativa a fin de curso, calendario, procedemento de asignación…)<br>4. Elección de delegados e a súa importancia, establecendo data para comunicar nomeamento<br>5. Estrutura da coordinación: coordinador de 3º, coordinador de grao | Mes de setembro. Terceiro día lectivo |
| Sesión informativa | Alumnado de 4º curso (separados os graos) | • Coordinador de 4º | 1. Elección de delegados e a súa importancia, establecendo data para comunicar nomeamento<br>2. Información sobre as prácticas en empresas que se desenvolven no 2º | Mes de setembro. Cuarto día lectivo |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | semestre (calendario dos procedementos, posibilidade de novos convenios…)<br>3. Información sobre a materia Traballo Fin de Grao (calendario, procedemento de asignación…)<br>4. Estrutura da coordinación: coordinador de 4º, coordinador de grao | |
| Welcome Day | Alumnado de mobilidade | • Equipo decanal | Sesión informativa destinada á orientación do alumnado entrante de mobilidade | Mes de outubro |
| Asignación do TFG | Alumnado matriculado na materia | • Vicedecano/a de Asuntos Académicos<br>• Secretario/a da Facultade | 1. Asignación do TFG | Mes de outubro. Data fixada no Calendario de TFG |
| Sesión informativa sobre o programa de mobilidade Erasmus | Alumnado de 2º e 3º curso interesado en participar no programa | • Responsable de mobilidade do centro<br>• Xestor/a de centro | 1. Presentación do programa<br>2. Requisitos para solicitalo<br>3. Criterios de elección de destino | Mes de decembro. Data segundo convocatoria |
| Sesión informativa sobre os mestrados da facultade | Alumnado de 4º curso | • Coordinadores dos mestrados | 1. Presentación dos mestrados que se imparten no centro. | Mes de decembro |
| Sesión informativa sobre o programa de mobilidade Sicúe | Alumnado de 2º e 3º curso interesado en participar no programa | • Responsable de mobilidade do centro<br>• Xestor/a de centro | 1. Presentación do programa<br>2. Requisitos para solicitalo<br>3. Criterios de elección de destino | Mes de febreiro. Data segundo convocatoria |
| Sesión formativa do Programa de titores | Alumnado de 2º e 3º curso matriculado no programa | • Responsable do programa A Ponte | 1. Plano de estudos<br>2. Intercambios existentes<br>3. Saídas profesionais<br>4. Recursos bibliográficos específicos do centro<br>5. O Campus Virtual | Mes de maio. Data segundo convocatoria do programa |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Sesión informativa sobre o TFG | Alumnado de 3º curso | • Vicedecano/a de Asuntos Académicos | 1. En que consiste o TFG<br>2. Liñas temáticas propostas polos departamentos<br>3. Procedemento e datas de asignación<br>4. Guía do TFG | Mes de xullo. Data fixada no Calendario de TFG |
| Sesión informativa sobre as PAE | Alumnado de 3º curso | • Presidente/a da Comisión de PAE | 1. Posibilidade de prácticas<br>2. Posibilidade de novos convenios<br>3. Procedemento e datas de asignación | Mes de xullo. Data fixada no Calendario de PAE |
| Reunión equipo decanal-representantes do alumnado | Delegados/as e representantes en Xunta | • Equipo decanal | Temas propostos tanto polo equipo decanal como polos representantes do alumnado | Reunión mensual a partir da elección de delegados e representantes |
| Programa de Apoio Titorial Extraordinario da USC | Alumnado:<br>1. Cun máximo de 18 créditos ou 3 materias pendentes para rematar o grao.<br>2. Con, cando menos, 2 convocatorias agotadas en cada unha das materias para as que solicite o apoio. | Máis información: https://www.usc.gal/gl/servizos/area/xestion-servizos-academicos/avaliacion-accion-titorial/programa-titores | | |

**Máster Interuniversitario en Historia Contemporánea**

Realízase unha sesión colectiva presencial, ao comezo de cada curso académico, de presentación do Máster aos estudantes matriculad@s por parte do equipo de coordinación, así como a elaboración e difusión cada curso (mediante correo electrónico) dunha Guía actualizada do Máster para estudantes e docentes. Recentemente (curso 2020/2021) abriuse unha Aula de coordinación do Máster no Campus Virtual da USC, á que teñen acceso todos os/as docentes e estudantes. Do mesmo xeito creouse un Grupo de Microsoft Teams e celébranse sesións de seguimiento a estes mesmos efectos.

**Máster Interuniversitario en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte**

É clave nos procesos de coordinación horizontal a presentación inicial do máster a todos os estudantes nunha reunión xeral de acollida e presentación, á que tamén son convocados os profesores. Ademais, todas as materias reservan no seu calendario 1 hora para a presentación de obxectivos, contidos e sistemas de avaliación a cargo dos profesores implicados, reservando para ese efecto a primeira sesión de clases ao comezo de cada cuadrimestre.

**Máster Oficial Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüedade**

Neste sentido cabe salientar o interese da realización dunha actividade de promoción do master orientada a futuros estudantes, organizada pola Vicerrectoría de Titulacións e Captación Internacional en marzo de 2023, e a grabación dende o decanato da facultade de Xeografía e Historia de vídeos curtos para a promoción dos masters, nas mesmas datas, co mesmo obxectivo, chegar a potenciais alumnos de todo o territorio nacional, especialmente da zona norte/noroeste e de América do Sur e Mesoamérica. Ademáis, mellorouse a información da páxina web do título e a información de Facebook. Poderanse utilizar outras redes sociais como ferramentas de difusión (twitter, Instagram, etc.).

**Master Interuniversitario en Historia Moderna: Monarquía de España Séculos XVI-XVIII**

Publícase un tríptico coa información básica do máster, e que se fai presente nas redes sociais e nas páxinas web dos grupos de investigación e dos proxectos cos que comparte profesorado.

**Máster Interuniversitario en Desafío das Cidades**

En canto aos mecanismos de información, o Máster conta coa súa sección na páxina da USC (https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/enxenaria-arquitectura/master-universitario-desafios-cidades), como para os demais títulos, e ademais ten a súa sección dedicada na páxina de Universidade Sem Fronteiras (UNISF) (https://www.universidadesemfronteiras.eu/gal/mestrados/master-arquitectura-enxe%C3%B1aria-civil).

En ambos os casos, trátase dunha información obxectiva: desenvolvemento, plan de estudos, oferta e admisión, modalidades de acceso, obxectivos e competencias, saídas profesionais e contactos. No caso da páxina da USC, tamén se indican os/as profesores/as que imparten docencia neste Máster, con todo, esta información está limitada aos docentes da USC. Na realidade, por exemplo, a información de todo o equipo docente das seis universidades non está pública nin na páxina de UNISF.

A información e a transparencia son tarefas pendentes deste Máster, porque o carácter interuniversitario fai que que moita información non estea facilmente localizable, nin dispoñible. Polo tanto, non se garante do todo un fácil acceso ao conxunto da información do título.

Outro aspecto que habería que ter en consideración neste sentido é a necesidade de promover máis o Máster, pois a pesar de participar nas xornadas e nos seminarios organizados pola USC e pola Facultade de Xeografía e Historia, esta oferta formativa única no contexto ibérico queda un pouco á marxe. Desde logo, a mesma CA pode facer un esforzo máis, pero sería aconsellable que se dese máis visibilidade ao Máster, podendo cubrir as 6 prazas que oferta a USC.

**Prácticas Académicas Externas**

Un cambio na lexislación relativa ás PAE determinou a necesidade de renovar os convenios asinados con empresas/institucións para o desenvolvemento das prácticas do noso alumnado, tanto de 4º curso dos graos e Xeografía, Historia e Historia da Arte, como dos másteres que se imparten na nosa facultade.

A información referida a estas e as memorias de actuación, pódense consultar en:
https://www.usc.gal/es/centro/facultad-geografia-historia/practicas

**Directriz 6. Información pública**

**Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
  - Recollida, análise e utilización da información.
  - Publicación da información
  - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**
A información fundamental que se refire á Facultade de Xeografía e Historia e a cada un dos títulos oficiais de grao e de máster que se imparten nela, atópase hospedada na páxina web institucional do Centro e nas webs propias dos títulos, e pode consultarse nas seguintes ligazóns: Facultade de Xeografía e Historia, . O proceso de soporte PS-06 Información pública do SGC do Centro garante o desenvolvemento desta información, referido a que se faga pública toda a información relevante das titulacións e que se revise e actualice periodicamente co fin de manter informados aos distintos grupos de interese.
Debido á necesidade de melloras na visibilidade da información dos títulos, acometéronse algunhas accións de melloras específicas no curso 2019-2020 (AM-5, 2019-2020). Dun xeito máis xeral, no curso 2020-2021 levouse a cabo polos servizos informáticos da USC unha reformulación xeral da Web institucional da Universidade que afectou á estrutura das web de cada un dos centros. Xa no curso 2021-2022 implementouse un novo plan de comunicación da Facultade.
Dun xeito continuo e atendendo ás recomendacións das diferentes avaliacións e tamén a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos reorganizouse a información relativa ao Sistema de Calidade (Política de Calidade, Manuais do Sistema, Protocolos Propios, Memorias de Calidade), que está publicada na páxina web do Centro, no sitio 'Calidade'. Para as cuestións que son xerais da Universidade (Procesos Institucionais, Resultados e Informes das Enquisas) a información pode ser consultada na web da ACMP da USC, principalmente nas seccións 'Sistemas de Garantía de Calidade' e 'Satisfacción dos grupos de interese'.
Tamén se publica na web da Facultade información relativa aos seus órganos de goberno e órganos colexiados, como a comisións permanente e a comisión de calidade do centro.
Por outra banda dende a Facultade utilízanse para a difusión os seguintes medios:

- Páxina web da Facultade.
- Páxinas web dos másteres xestionadas pola propia Facultade e os coordinadores dos mesmos, no caso dos coordinados pola USC.
- Pantallas informativas electrónicas instaladas nas entradas do Centro.
- Correo electrónico ao estudiantado, PDI, PAS para informar de convocatorias, prazos, charlas, conferencias, etc.
- Reunións informativas (acto de presentación para o alumnado de primeiro, reunións informativas sobre mobilidade, elaboración de calendarios de clase e exames, información sobre programas de Prácticas Externas, Traballos Fin de Grao e bolsas de colaboración).
- Participación do profesorado mediante charlas informativas no Programa "A Ponte entre o Ensino Medio e a USC".

Tras detectar a importancia de achegarse polos medios de comunicación que dun xeito cotián empreguen a todos os grupos de interese, e particularmente ao alumnado, acordouse a creación dun Twitter institucional da Facultade como primeiro paso para o acceso ás redes sociais (AM-4, 2020-2021). Deste xeito, xa estivo en funcionamento desde novembro de 2020.

En canto á valoración do alumnado dos Graos da Facultade sobre a información pública dispoñible, así como tamén no caso dos egresados, os resultados carecen de representatividade pola moi baixa participación). No caso da enquisa de satisfacción do PDI coa titulación, no grao de Historia valórase cun 3,71 mellorando lixeiramente o 3,64 do curso anterior; en Xeografía e Ordenación do Territorio o resultado é dun 3,11 empeorando do 4 do ano anterior e finalmente no Grao en Historia da Arte o resultado é de 3,79 mellorando o 3,50 precedente. En todos os casos os valores do ítem son superiores á media da USC.

## 3. Plan de Melloras do centro

| LISTAXE DE ACCIÓNS (curso 22-23) | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | |
| **ID** | **ORIXE** | **DESCRICIÓN** | **ESTADO** | **RESPONSABLE SEGUIMENTO** | **DATA FIN PREVISTO** | **REMATADA** |
| AM-1 | Memoria de Calidade | **Preparación do proceso de acreditación institucional do Centro** | En Execución | Vicedecano de AA | Setembro de 2024 | **Parcialmente** |
| AM-2 | Memoria de Calidade e Informe de Seguimento dos Títulos | Incorporación dun plan de lecturas como un recurso formativo na programación docente das materias impartidas nos títulos do Centro | En Execución | Decano | Setembro de 2023 | **Parcialmente** |
| AM-3 | Memoria de Calidade | **Realización de xornadas de orientación laboral** | Executada | Vicedecano de AA | Setembro de 2024 | **Completada** |
| AM-4 | Memoria de Calidade | Elaboración dun Plan de Comunicación da Facultade centrado nas redes sociais | Executada | Secretaria do Centro | Setembro de 2023 | **Completada** |
| AM-5 | Memoria de Calidade e Informe de Seguimento dos Títulos | **Reforma das Titulacións de Grao que se imparten no Centro** | Executada | Decano | Setembro de 2024 | **Completada** |
| AM-6 | Memoria de Calidade | **Reforma do Regulamento de Réxime Interno do Centro** | Executada | Decano | Setembro de 2023 | **Completada** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| AM-7 | Memoria de Calidade | **Actualización de todos os convenios de prácticas externas do Centro** | Executada | Vicedecana de AE | Setembro de 2023 | **Completada** |
| AM-8 | Memoria de Calidade | **Convocatoria pública de actividades culturais para o estudantado** | Executada | Secretaria do Centro | Xullo de 2024 | **Completada** |
| AM-9 | Memoria de Calidade e Informes de Seguimento dos Títulos | **Planificación e inclusión das prácticas de campo nas programacións docentes** | Executada | Vicedecana de AE/Secretaria do Centro | Xullo de 2024 | **Completada** |
| AM-10 | Informe de Seguimento dos Graos | **Adquisición e/ou renovación de equipamentos indispensables para o desenvolvemento da actividade docente e investigadora** | Executada | Vicedecana de AE | Setembro de 2024 | **Completada** |
| AM-11 | Memoria de Calidade | **Planificación económica e infraestructural plurianual** | Executada | Vicedecana de AE | Setembro de 2024 | **Completada** |
| AM-12 | Memoria de Calidade | **Creación dun espazo na nube para a coordinación entre a área de xestión e administración do Centro e o Equipo Decana** | Executada | Xestora do Centro | Setembro de 2024 | **Completada** |

## Plan de Melloras do Centro (curso 23-24)

<table>
<tr><td colspan="4">Obxectivo a conseguir: OC-1 Preparación do plan estratéxico do Centro (2024-2026)</td></tr>
<tr><td colspan="2">Responsable do obxectivo: Decano</td><td>Data inicio: maio de 2024</td><td>Data fin: decembro de 2024</td></tr>
<tr><td>Obxectivo estratéxico relacionado</td><td colspan="3">Actualización da Política de Calidade e do Plan Estratéxico da Facultade de Xeografía e Historia</td></tr>
<tr><td>Procesos clave relacionados</td><td colspan="3">PE-01 Planificación Estratéxica, PE-02 Revisión e mellora</td></tr>
<tr><td>Indicador/es de medición</td><td>Nº reunións da CACC</td><td>Meta a conseguir</td><td>Plan Estratéxico do Centro</td></tr>
<tr><td>Accións de mellora relacionadas<br>(Código)</td><td colspan="3">AM-1.1 Elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Xeografía e Historia</td></tr>
<tr><td colspan="4">Obxectivo a conseguir: OC-2. Actualización do Manual de Procesos e Procedementos do SGC do Centro</td></tr>
<tr><td colspan="2">Responsable do obxectivo: Vicedecano de Asuntos Académicos</td><td>Data inicio: maio de 2024</td><td>Data fin: decembro de 2024</td></tr>
<tr><td>Obxectivo estratéxico relacionado</td><td colspan="3">Actualización da Política de Calidade e do Plan Estratéxico da Facultade de Xeografía e Historia</td></tr>
<tr><td>Procesos clave relacionados</td><td colspan="3">PE-01 Planificación Estratéxica, PE-02 Revisión e mellora</td></tr>
<tr><td>Indicador/es de medición</td><td>Nº reunións da CACC</td><td>Meta a conseguir</td><td>Actualizar o Manual de Procesos e Procedementos do SGC do Centro</td></tr>
</table>

| | | | |
|---|---|---|---|
| | como recursos | | |
| **Accións de mellora relacionadas**<br><br>**(Código)** | **AM-2. Actualización do Manual de Procesos e Procedementos do Centro** | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Obxectivo a conseguir: OC-3. Realización de xornadas de orientación laboral para os estudantes do cuarto curso de Grao.** | | | |
| **Responsable do obxectivo: Vicedecana de Asuntos Económicos** | | **Data inicio: maio de 2024** | **Data fin: setembro de 2025** |
| **Obxectivo estratéxico relacionado** | **Potenciar as competencias para a empregabilidade, adiantándose ás necesidades que a sociedade demande dos futuros profesionais** | | |
| **Procesos clave relacionados** | **PC-03 Apoio a estudantes**<br><br>**PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas** | | |
| **Indicador/es de medición** | **01. Número de estudantes participantes nas xornadas**<br><br>**02. Número de horas dedicadas ás xornadas**<br><br>**03. Participación de egresados/as** | **Meta a conseguir** | **Ampliar a participación dos estudantes nas xornadas.** |
| **Accións de mellora relacionadas**<br><br>**(Código)** | **AM-3. Realización de xornadas de orientación laboral aplicadas.** | | |

| |
|---|
| **Obxectivo a conseguir: OC-4. Incentivar a participación nas enquisas de satisfacción do estudantado** |

| Responsable do obxectivo: Vicedecano de Asuntos Académicos | | Data inicio: maio de 2024 | Data fin: setembro de 2025 |
|---|---|---|---|

| | | | |
|---|---|---|---|
| Obxectivo estratéxico relacionado | Mellorar a información recibida por parte do estudantado para a mellora da calidade das titulacións | | |
| Procesos clave relacionados | PE-01 Planificación Estratéxica, PE-02 Revisión e mellora | | |
| Indicador/es de medición | 01. Número de estudantes que participan nos cuestionarios<br>02. Número de delegados/as de curso que participan na coordinación | Meta a conseguir | Mellorar o índice de respostas do estudantado en todas as titulacións de grao e de máster do Centro |
| Accións de mellora relacionadas<br>(Código) | AM-4. Establecer un horario para a realización das enquisas en cada materia en coordinación con Delegados/as de curso | | |
| Obxectivo a conseguir: OC-5. Implantación da reforma das titulacións de Grao que se imparten no Centro | | | |
| Responsable do obxectivo: Decano | | Data inicio: maio de 2024 | Data fin: decembro de 2025 |
| Obxectivo estratéxico relacionado | Mellora dos programas formativos e da información recibida por parte do estudantado para a mellora da calidade das titulacións | | |
| Procesos clave relacionados | PC-02 Planificación das Ensinanzas, PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas | | |
| Indicador/es de medición | Nº de Graos que son obxecto da implantación da Reforma | Meta a conseguir | Facilitar a implantación da reforma das titulacións de grao que se imparten no |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | Centro |
| Accións de mellora relacionadas<br><br>(Código) | AM-5 Elaborar e distribuír información sobre a implantación da Reforma das Titulacións de Grao que se imparten no Centro | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Obxectivo a conseguir: OC-6. Promover a participación do estudantado en actividades de extensión cultural a través dunha convocatoria pública** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Responsable do obxectivo: Secretaria da Facultade** | | **Data inicio: setembro de 2023** | **Data fin: setembro de 2025** |
| Obxectivo estratéxico relacionado | Potenciar o participación do estudantado na vida universitaria | | |
| Procesos clave relacionados | PC-03 Apoio a estudantes<br><br>PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas | | |
| Indicador/es de medición | 01. Participación do estudantado na convocatoria<br><br>02. Propostas de actividades presentadas | Meta a conseguir | Fomentar a participación do estudantado na vida universitaria. |
| Accións de mellora relacionadas<br><br>(Código) | AM-8. Convocatoria pública de actividades culturais para o estudantado | | |
| **Obxectivo a conseguir: OC-7. Planificación das Prácticas de Campo e incorporación na programación docente** | | | |
| **Responsable do obxectivo: Vicedecana de Asuntos Económicos** | | **Data inicio: maio de 2024** | **Data fin: setembro de 2025** |
| Obxectivo estratéxico relacionado | Mellora dos programas formativos | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Procesos clave relacionados** | **PC-02 Planificación das Ensinanzas, PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas** | | |
| **Indicador/es de medición** | **Nº prácticas propostas** | **Meta a conseguir** | **Fomentar o incremento no número de solicitudes de Practicas, a organización de Prácticas de Campo interdisciplinares e acadar un incremento notable no orzamento.** |
| **Accións de mellora relacionadas**<br><br>**(Código)** | **AM-7. Planificación e inclusión das prácticas de campo nas programacións docentes** | | |
| **Obxectivo a conseguir: OC-8. Adquisición e/ou renovación de equipamentos indispensables para o desenvolvemento da actividade docente e investigadora** | | | |
| **Responsable do obxectivo: Vicedecana de Asuntos Económicos/Secretaria da Facultade** | | **Data inicio: maio de 2024** | **Data fin: setembro de 2025** |
| **Obxectivo estratéxico relacionado** | **Mantemento das infraestruturas e instalacións para a docencia acorde as necesidades** | | |
| **Procesos clave relacionados** | **PC-04 *Desenvolvemento das* ensinanzas, PS-02 *Xestión dos recursos materiais e servizos*** | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Indicador/es de medición** | **01. Número de equipamentos renovados**<br>**02. Número de equipamento adquirido** | **Meta a conseguir** | **Renovación dos equipamentos do centro e adquisición de novo equipamento para a mellora docente e investigadora** |
| **Accións de mellora relacionadas**<br><br>**(Código)** | **AM-8. Adquisición e/ou renovación de equipamento informático e tecnolóxico** | | |

| ACCIÓNS DE MELLORA (2023-2024) | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AM-1 |
| | | Tipo | Memoria de Calidade 2022-2023 |
| | Ámbito | Ámbito de aplicación | Directriz 1. Política e obxectivos de calidade do centro |
| | Definición | Análise causa | Necesidade de aprobar o plan estratéxico do Centro (2024-2026) |
| | | Definición/descrición proposta | Elaboración do plan estratéxico do Centro |
| | | Data prevista de finalización | Decembro de 2024 |
| | | Data inicio | Maio de 2024 |
| Responsables | | Responsable da implantación | Decano |
| Tarefa 1 | | Código | AM-1.1 |
| | | Descrición tarefa | Elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Xeografía e Historia |
| | | Data prevista de finalización | Decembro de 2024 |
| | | Persoa responsable | Decano |



| ACCIÓNS DE MELLORA | | | |
|---|---|---|---|
| | Acción de mellora | Código | AM-2 |
| | | Tipo | Memoria de Calidade 2022-2023 |
| | Ámbito | Ámbito de aplicación | Directriz 1. Política e obxectivos de calidade do centro |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Definición | Análise causa | Desaxustes entre o Manual de Procesos de Calidade e o funcioamento do Centro |
| | | Definición/descrición proposta | Actualización do Manual de Procesos de Calidade do Centro |
| | | Data prevista de finalización | Decembro de 2024 |
| | | Data inicio | Maio de 2024 |
| Responsables | | Responsable da implantación | Vicedecano de Asuntos Académicos |
| Tarefa 1 | | Código | AM-2.1 |
| | | Descrición tarefa | Actualización do Manual de Procesos de Calidade do Centro |
| | | Data prevista de finalización | Decembro de 2024 |
| | | Persoa responsable | Vicedecano de Asuntos Académicos |

| ACCIÓNS DE MELLORA | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AM-3 |
| | | Tipo | Memoria de Calidade 2022-2023 |
| | Ámbito | Ámbito de aplicación | Directriz 2. Deseño, revisión periodica e mellora dos programas formativos |
| | Definición | Análise causa | Necesidade de orientación laboral para o alumnado de grao |
| | | Definición/descrición proposta | Realización de xornadas de orientación laboral para os estudantes do cuarto curso de Grao |
| | | Data prevista de finalización | Maio do 2024 |
| | | Data inicio | Setembro de 2025 |
| Responsables | | Responsable da implantación | Vicedecana de Asuntos Económicos |
| | | Código | AM-3.1 |

| | | |
|---|---|---|
| Tarefa 1 | Descrición tarefa | Realización das xornadas de orientación laboral no Centro para o alumnado de 4º curso de grao |
| | Data prevista de finalización | Setembro de 2025 |
| | Persoa responsable | Vicedecana de Asuntos Económicos |

| ACCIÓNS DE MELLORA | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AM-4 |
| | | Tipo | Memoria de Calidade e Informes de Seguimento 2022-2023 |
| | Ámbito | Ámbito de aplicación | Directriz 2. Deseño, revisión periodica e mellora dos programas formativos |
| | Definición | Análise causa | Limitada participación do estudantado nas enquisas de satisfacción |
| | | Definición/descrición proposta | Establecer un horario para a realización das enquisas en cada materia en coordinación con Delegados/as de curso |
| | | Data prevista de finalización | Maio de 2024 |
| | | Data inicio | Setembro de 2025 |
| Responsables | | Responsable da implantación | Vicedecano de Asuntos Académicos |
| Tarefa 1 | | Código | AM-4.1 |
| | | Descrición tarefa | Establecer un horario para a realización das enquisas en cada materia en coordinación con Delegados/as de curso |
| | | Data prevista de finalización | Setembro do 2025 |
| | | Persoa responsable | Vicedecano de Asuntos Académicos |



| ACCIÓNS DE MELLORA | | | |
|---|---|---|---|
| | Acción de mellora | Código | AM-5 |
| | | Tipo | Memoria de Calidade e Informes de Seguimento 2022-2023 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Ámbito | Ámbito de aplicación | Directriz 2. Deseño, revisión periodica e mellora dos programas formativos |
| | Definición | Análise causa | Necesidade de mellorar a información sobre a implantación das reformas dos títulos de grao que se imparten no Centro |
| | | Definición/descrición proposta | Elaborar e distribuir información para a correcta implantación da reforma dos títulos de Grao que se imparten no Centro |
| | | Data prevista de finalización | Setembro de 2025 |
| | | Data inicio | Maio de 2024 |
| Responsables | | Responsable da implantación | Decano |

| ACCIÓNS DE MELLORA | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AM-6 |
| | | Tipo | Memoria de Calidade 2022-2023 |
| | Ámbito | Ámbito de aplicación | Directriz 2. Deseño, revisión periodica e mellora dos programas formativos |
| | Definición | Análise causa | Escasa participación do estudantado na vida universitaria |
| | | Definición/descrición proposta | Convocatoria pública de actividades culturais para o estudantado |
| | | Data prevista de finalización | Maio de 2024 |
| | | Data inicio | Setembro de 2025 |
| Responsables | | Responsable da implantación | Secretaria: Carme López Calderón |
| | | Estado | Activa |
| | | Data estado | Maio de 2024 |
| | | Comprobación | |

| | | |
|---|---|---|
| Finalización | Data comprobación | |

| ACCIÓNS DE MELLORA | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Acción de mellora | Código | AM-7 |
| | | Tipo | Memoria de Calidade do Centro e Informes de Seguimento 22-23 |
| | Ámbito | Ámbito de aplicación | Directriz 2. Deseño, revisión periodica e mellora dos programas formativos |
| | Definición | Análise causa | Necesidade de mellorar a coordinación das prácticas de campo e lograr un aumento da súa financiación |
| | | Definición/descrición proposta | Planificación e inclusión das prácticas de campo nas programacións docentes |
| | | Data prevista de finalización | Setembro de 2025 |
| | | Data inicio | Maio de 2024 |
| Responsables | | Responsable da implantación | Vicedecana de Asuntos Económicos/Secretaria da Facultade |
| Finalización | | Estado | Activa |
| | | Data estado | Maio de 2024 |
| | | Comprobación | |
| | | Data comprobación | |





| ACCIÓNS DE MELLORA | | | |
|---|---|---|---|
| | Acción de mellora | Código | AM-8 |
| | | Tipo | Memoria de Calidade e Informes de Seguimento dos Graos 2022-2023 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Definición | Ámbito | Ámbito de aplicación | Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos |
| | Definición | Análise causa | Necesidade de poñer ao día os equipamentos e recursos tecnolóxicos para a docencia e a investigación |
| | | Definición/descrición proposta | Adquisición e/ou renovación de equipamentos indispensables para o desenvolvemento da actividade docente e investigadora |
| | | Data prevista de finalización | Setembro de 2025 |
| | | Data inicio | Maio de 2024 |
| Responsables | | Responsable da implantación | Vicedecana de Asuntos Económicos |
| Tarefa 1 | | Código | AM-8.1 |
| | | Descrición tarefa | Renovación fotocopiadora do Centro |
| | | Data prevista de finalización | Decembro de 2024 |
| | | Persoa responsable | Vicedecana de Asuntos Económicos |
| Tarefa 2 | | Código | AM-8.2 |
| | | Descrición tarefa | Renovación de ordenadores e equipamento para investigadores, persoal de administración e servizos |
| | | Data prevista de finalización | Decembro de 2024 |
| | | Persoa responsable | Vicedecana de Asuntos Económicos |
| Finalización | | Estado | Parcialmente executada |
| | | Data estado | Maio de 2024 |
| | | Comprobación | Renovación de fotocopiadora realizada e adquisición de novo equipamento tecnolóxico en curso |

## 4. Modificacións nos diferentes títulos

| MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS | | |
|---|---|---|
| TÍTULO | MODIFICACIÓN | XUSTIFICACIÓN |
| | | |

## 5. Listaxe de evidencias e indicadores

| Directrices | Nº | Evidencia / Indicador | Documento/enlace |
|---|---|---|---|
| 2,3 | E1 | Memoria vixente do título | ACSUG |
| 2,3 | E2 | Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora | ACSUG |
| 2,3 | E3 | Análise do perfil real de ingreso/egreso | Memoria, Directrices 2 e 3 |
| 2,3 | E4 | Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe) | https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia |
| 1,2,3 | E5 | Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión) | https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/calidade/documentacion-sgc |
| 2,3 | E6 | Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos | Enlace web ou PDF |
| 2,3 | E8 | Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe | Memoria, Directrices 2 e 3 |
| 1, 2, 3 | I1 | Número de estudantes de novo ingreso por curso académico | Panel de indicadores_-<br>INF.16_- (información por título)<br>INF.CiUG_- (información por título) |
| 1, 2, 3 | I2 | No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia | I2_- (información por título) |
| 1, 2 ,3 | I3 | Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados) | Panel de indicadores_-<br>INF.03_- (información agrupada por centro) |
| 6 | E9 | | Web da USC<br>https://www.usc.gal/gl/centro/fa |

Mes - ano

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*") | cultade-xeografia-historia<br>Web do título |
| 1 | E10 | Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos) | https://www.usc.gal/gl/centro/facult ade-xeografia-historia/calidade/documentacion- sgc |
| 1 | E11 | Evidencias da implantación dos procedimientos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, enseñanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública) | https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia |
| 1, 2, 3 | E12 | Plans de mellora derivados da implantación do SGC | https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia |
| 1, 2, 3 | E13 | Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,…) | Memoria, Directrices 1, 2 e 3 |
| Todas | I4 | Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título | Panel de indicadores_-<br>Informes de enquisas (docencia, PDI, PAS, egresados, prácticas, mobilidade...) |
| 1 | I5 | Resultados dos indicadores que integran o SGC | Panel de indicadores_- |
| 1 | E14 | Informe de certificación da implantación do SGC | ACSUG |
| 4 | E15 | Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc) | E15_- (información por título) |
| 4 | E16 | Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado) | E16_- |
| 4 | E17 | Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, … ) | Memoria, Directriz 4 |
| 4 | I6 | Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de | I6-I7_- (información agrupada por centro) |

Mes - ano

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | formación da universidade e en actividades formativas específicas | |
| 4 | I7 | Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | I6-I7_- (información agrupada por centro) |
| 4 | I8 | Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,… ) | INF.13_- (información por título)<br>INF.14_- (información por título) |
| 4 | I9 | Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos. | *Non dispoñible* |
| 4 | I10 | Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título) | I10_- (información agrupada por centro) |
| 5 | E18 | Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título | https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/equipamentos |
| 5 | E19 | Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida | Plan de Acción Titorial |
| 5 | E20 | Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares | https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/practicas |
| 5 | I11 | Distribución alumnado por centros de prácticas | https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/practicas |
| 5 | E22 | Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia | Campus Virtual |
| 2,3 | E24 | Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación) | https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-xeografia-historia/tfg |
| 2,3 | E25 | Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título | INF.15_- (información por título) |
| 2,3 | E26 | Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe | Memoria, Directrices 2 e 3 |
| 2,3 | E30 | Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU) | Memoria, Directrices 2 e 3 |
| 2, 3 | I12 | Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e | Panel de indicadores_- (información agrupada por centro) |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | avaliación facilitaranse tamen por materia):<br>- Taxa de graduación<br>- Taxa de abandono<br>- Taxa de eficiencia<br>- Taxa de rendimiento<br>- Taxa de éxito<br>- Taxa de avaliación | INF.17_- (información por título)<br>INF.18_- (información por título)<br>INF.19_- (información por título)<br>SIIU_- (información por título) |
| 2, 3 | I13 | Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso | Panel de indicadores_- (información agrupada por centro)<br>INF.CiUG_- (información por título) |
| 2, 3 | I14 | Resultados de inserción laboral | EIL-SIIU_- (información por título)<br>EIL-ACSUG_- (información por título) |
| 2, 3, 4, 5 | I15 | Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva…) | Panel de indicadores_- (información agrupada por centro) |